

2

A ESTRUCTURA INSTITUCIONAL DO SISTEMA EDUCATIVO

II.1. INTRODUCCIÓN

A Constitución española de 1978 recoñece para todos o "dereito á educación" (art. 27.1). Tal dereito, que debe ser garantido polos poderes públicos, concrétese no desenvolvemento dun ensino básico de carácter obligatorio e gratuíto (art. 27.4).

A LODE, como lei reguladora dos centros escolares e de sostemento dos centros concertados, establece que todos teñen dereito a unha educación básica que permita o desenvolvemento da súa propia personalidade e a realización dunha actividade útil á sociedade (art.1).

Ó Estado e ás Comunidades Autónomas correspónelle-la programación xeral do ensino así como procura-la cobertura das necesidades educativas mediante a axeitada racionalización dos recursos e medios para garanti-lo dereito á educación.

A tales efectos estructúrase o conxunto do sistema educativo, singularmente o período de escolaridade obligatoria que hoxe está contemplada entre os 6 e os 16 anos.

Entendendo, sen embargo, que as necesidades educativas poden ser maiores que as que puiden ser cubertas durante o período de obligatoriedade citado, é polo que existe unha ordenación máis ampla cronoloxicamente falando. Na actualidade os niveis educativos de carácter non universitario esténdense ata o final do bacharelato, existindo para tal conxunto unha ordenada estructuración normativa da que imos falar no presente capítulo, así como analizar tamén os seus efectos reais e prácticos.

No percorrido que imos fazer por todo este sistema educativo de Galicia, serán motivo de preferente atención, xunto cos aspectos legais más importantes de cada un dos niveis, etapas e modalidades educativas, os aspectos estatísticos. Punto de referencia central e último vai ser sempre o marcado polo estado da cuestión durante o curso 1992/93. Con vistas á riqueza do seu tratamento, pretendemos situá-los datos nunha perspectiva diacrónica que tome en consideración o inicio da etapa autonómica para o que recolleremos, segundo o caso, datos relativos ó curso 1983/84, como tamén un momento central para a nosa análise que situamos no curso 1987/88.

Esta triple referencia temporal, con alguma frecuencia dificultada na súa presentación por insalvables carencias de documentación oportuna, permitirános obter unha análise suficientemente completa e comprensiva do presente do noso sistema educativo.

Debemos sinalar, chegados a este punto, que os datos estatísticos que se manexan para cada ano de referencia proceden de documentos oficiais, publicados para os cursos 1983/84 e 1987/88, pero non así para o último curso 1992/93, directamente facilitados pola Consellería de Educación para o presente estudio. Complementariamente, téñense utilizado tamén datos procedentes do *Informe Cero* do ICE da Universidade de Santiago, á súa vez asentados en fontes oficiais.

En case tódolos casos, a súa presentación é froito da "*elaboración do equipo de investigadores do ICE da Universidade de Santiago que elaborou o documento soporte para este Informe*" para o caso do presente Documento, logo dun esixente cotexo, compilación e reestructuración oportuna.

Para o curso 1983/84:

- *La Educación Preescolar, General Básica, Especial y Permanente de Adultos. Análisis de los datos nacionales. Curso 1983/84.*
- *Educación Especial. Curso 1983/84.*

—*Bachillerato y Curso de Orientación Universitaria. Curso 1983/84.*

—*Estadística de la Formación Profesional. Curso 1983/84*

MEC. Gabinete de Estudios Estadísticos.

Para o curso 1987/88 e informacíons complementarias:

—*Mapa Escolar de Galicia.*

Tomo I, Provincias da Coruña e Lugo.

Tomo II. Provincias de Ourense e Pontevedra.

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Secretaría Xeral Técnica.

Santiago de Compostela, 1989.

—*A Educación en Galicia. Informe Cero. Tomo I.*

Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 1988.


Para o curso 1992/93:

Documentación do Servicio de Informatización da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e de Servicios diversos das Unidades Orgánicas afectadas da mesma Consellería.

Cerran a presente introducción ó capítulo II os organigramas relativos á situación actual de transición do sistema educativo.

CADRO II.1


ESTRUCTURA DO SISTEMA EDUCATIVO ESPAÑOL: LEI XERAL DE EDUCACIÓN DE 1970



IDADES

* Probas de acceso á Universidade

ESTRUCTURA ORGÁNICA DO SISTEMA EDUCATIVO ESPAÑOL: LEI ORGÁNICA DE ORDENACIÓN XERAL DO SISTEMA EDUCATIVO (3 DE OUTUBRO DE 1990)



II.2. A EDUCACIÓN PREESCOLAR / EDUCACIÓN INFANTIL

2.1. O marco normativo.

En resposta a esixencias socioculturais de indubidable importancia, a Lei Xeral de Educación de 1970 estableceu por vez primeira como nivel inicial de formación a Educación Preescolar, co obxectivo fundamental do "desenvolvemento harmónico da personalidade do neno". Este primeiro nivel educativo foi estructurado en dúas etapas: o Xardín de Infancia, para nenos de 2 a 3 anos, e a Escola de Párvulos, para os de 4 a 5 anos.

Os programas de Educación Preescolar foron aprobados por orde do 27 de xullo de 1973 (BOE de 19 de setembro) ata a súa renovación regulada por Orde do 17 de xaneiro de 1981 (BOE do 21 de xaneiro). Practicamente, a educación preescolar en Galicia rexeuse por aquela normativa establecida polo Ministerio de Educación e Ciencia ata momentos recentes.

A Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (1990) vai establecer, pola súa parte, non só un cambio de denominación (Educación Infantil) senón tamén unha nova estruturación temporal.

O novo sistema educativo queda organizado (art. 3.1) en ensinanzas de réxime xeral (educación infantil, educación primaria, educación secundaria obligatoria, bacharelato e formación profesional de grao medio e superior, así como educación universitaria) e ensinanzas de réxime especial (ensinanzas artísticas e ensino de idiomas).

Neste contexto, a educación infantil comprenderá ata os seis anos. Organízase en dous ciclos: ata os tres anos (primeiro ciclo); de tres a seis anos (segundo ciclo). Cada un destes ciclos ofrece uns obxectivos específicos (art. 9. 2-3). O primeiro deles atenderá ó desenvolvemento do movemento, ó control corporal, ás primeiras manifestacións da comunicación e á linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, e ó descubrimento do contorno inmediato. No segundo ciclo procurarase que o neno aprenda a facer uso da linguaxe, descubra as características físicas e sociais do medio, elabore unha imaxe de seu positiva e equilibrada, e consiga os hábitos básicos de comportamento que lle permitan unha autonomía persoal.

Os contidos educativos estarán organizados en áreas e serán abordados mediante actividades globalizadas que resulten de interese e con significado par os nenos e as nenas. En consecuencia, a metodoloxía educativa que se determina para estas idades fundamentarase en experiencias e actividades de xogo dentro dun ambiente de afecto e confianza (art. 9. 4-5).

Entre a situación normativa derivada da LXE e da LOXSE podemos observar aspectos comúns que se conservan e cambios na propia estrutura organizativa.

En primeiro lugar, a educación preescolar/infantil mantense con carácter voluntario se ben se explicita (LOXSE, art. 9.2) que é responsabilidade das administracións públicas garantir un número de prazas suficientes para asegura-la escolarización da poboación que a solicite. De feito, nestes momentos, unha das preocupacións fundamentais das administracións é a de consegui-la plena escolarización dos nenos a partir dos tres anos.

En segundo lugar, asistimos neste período de tempo a dúas importantes modificacións. Unha delas ten que ver coa renovación dos programas didácticos (1981) e a outra coa experimentación da reforma neste nivel educativo (curso 1985/86). Sen embargo, os cambios más significativos vanse producir a partir do calendario publicado para a implantación gradual da educación infantil (Real Decreto 986/1991, do 14 de xuño), así como dos requisitos mínimos (espacios, número de alumnos por unidade, titulación do profesorado, etc.) para que a nova educación infantil se axuste plenamente ó indicado na LOXSE.

Trala determinación polo Ministerio de Educación do currículum e das ensinanzas mínimas para todo o Estado (Real Decreto 1330/1991, do 6 de setembro), a Comunidade Autónoma Galega, previo dictame do Consello Escolar de Galicia, publicou o Decreto 426/1991 (DOG do 14 de xaneiro de 1992) polo que se propón o currículum da educación infantil en Galicia. Neste decreto, xunto coa configuración da educación infantil en dous ciclos, vén sinalada a secuenciación dos contidos para cada un deles, así como outros aspectos más específicos.

O currículum propio -entendido como conxunto de obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación que regularán a práctica educativa desta etapa (art.2)- aparece distribuído nas seguintes áreas ou ámbitos de experiencia:

- a) identidade e autonomía persoal;
- b) medio físico e social;
- c) comunicación e representación (art.5).

Respecto dos criterio de avaliación desta etapa educativa, fíxanse como directrices importantes as seguintes: que sexa de carácter global, continua e formativa, sendo a observación directa e sistemática a principal técnica do proceso de avaliación (art. 10.2); criterios que terán posteriormente, a través da Orde do 5 de maio de 1993 (DOG do 19 de maio), unha regulación máis específica.

Finalmente, por Orde de 6 de maio de 1992 (DOG do 21) fíxase o procedemento para a implantación do segundo ciclo da educación infantil. Os centros que iniciaron a súa implantación no curso 1991/92 considéransen autorizados para impari-las devanditas ensinanzas. Os que non a iniciaron neste curso implantarán o segundo ciclo de educación infantil nos cursos 1992/93, 1993/94 ou 1994/95. Ó mesmo tempo, os centros privados que xa contan con autorización ou clasificación definitiva poderán implanta-lo segundo ciclo de educación infantil nos cursos 1992/93 e 1993/94.

Con esta serie de actuacións normativas podemos dicir que, no momento actual, se trazaron case plenamente as liñas do proceso de transformación e implantación da educación infantil prevista na LOXSE.

2.2. Centros, Unidades e Postos Escolares.

Non é doado establece-lo cómputo do número de centros de educación preescolar/infantil. Efectivamente, a Administración recoñece a denominación de Centro de Preescolar como centro específico para a escolarización de nenos comprendidos entre os 3 e os 5 anos de idade, mais, a miúdo, estes centros escolarizan a nenos do primeiro ciclo de educación primaria, co que tamén en certo modo se converten en centros de educación básica. Da mesma forma, unha parte maioritaria dos centros ou colexios de educación xeral básica escolarizan a alumnos de preescolar/infantil.

Con esta prevención, a táboa II.1 recolle os datos relativos ó estricto concepto de Centro de Educación Preescolar/Infantil, sabéndose que non inclúe a todo o universo dos alumnos afectados, e que mesmo poden escolarizar alumnos de educación primaria.

TÁBOA II.1

CENTROS DE PREESCOLAR / INFANTIL SEGUNDO TITULARIDADE CURSO 1992/93

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA	
					Nº	%
Públicos	183	56	42	210	491	87,68
Privados	42	6	6	15	69	12,32
Total	225	62	48	225	560	100

A actual cifra total de 560 centros, comparada cos datos oficiais para o curso 1990/91 (N=623), pon de relevo unha reducción no número de centros que afecta, en particular, á rede privada en número de 28 centros. A tendencia de crecemento que se iniciou no comezo da década dos oitenta e que chegou ós 700 centros no curso 1985/86, está agora converténdose nunha tendencia de signo contrario. Os índices decrecientes de natalidade e o incremento paulatino nos índices de urbanización poderán explicar esta variación exposta, sen ser tampouco alleos outros factores como a paulatina constitución de colexios rurais agrupados, ou mesmo a creación de colexios públicos de menor tamaño e por isto con menores esixencias de transporte escolar, extremo este que dificulta a escolarización dos más cativos nos colexios públicos.

Algunhas das anteriores razóns, en particular a da natalidade, explican tamén a estabilización que se rexistra no número total de unidades escolares públicas e privadas no curso 1992/93 con respecto a 1987/88.

En todo caso, cómpre salientar, como se observa na táboa II.2, o sostido incremento de unidades públicas, aínda que non en tódalas provincias, contrarrestado numericamente pola reducción de unidades privadas. Neste caso, vemos como se descende desde as 731 unidades no curso 1983/84 ás 566 do curso 1992/93; unidades que en porcentaxe apreciable, e a través da súa modernización, puideron ser redimensionadas, o que explicaría a aparente contradicción que existe entre a paulatina perda de unidades e a recuperación que, con todo, se rexistra en canto ó cómputo de postos escolares.

TÁBOA II.2

UNIDADES E POSTOS ESCOLARES DE EDUCACIÓN PREESCOLAR / INFANTIL

Números absolutos e porcentaxe segundo a titularidade dos centros no curso 1992/93.

		Nº UNIDADES			Nº POSTOS		
		1983/84	1987/88	1992/93	1983/84	1987/88	1992/93
					Nº	%	
A CORUÑA	C. Públcos	700	848	839	22.086	25.576	33.960 76,66
	C. Privados	324	280	258	11.707	10.109	12.148 23,34
	Total	1.024	1.128	1.097	33.793	35.685	46.108 100
LUGO	C. Públcos	307	373	367	12.029	15.905	12.585 85,42
	C. Privados	48	45	42	1.900	1.794	2.148 14,58
	Total	355	418	409	13.929	17.709	14.733 100
OURENSE	C. Públcos	186	214	244	6.593	7.671	9.120 76,42
	C. Privados	74	63	57	2.868	2.349	2.185 23,58
	Total	260	277	301	10.020	10.020	11.935 100
PONTEVEDRA	C. Públcos	592	743	820	18.355	22.290	31.000 76,19
	C. Privados	285	238	209	10.719	8.256	9.688 23,81
	Total	877	981	1.029	30.546	30.546	40.688 100
GALICIA	C. Públcos	1.785	2.178	2.270	58.654	71.462	86.665 76,38
	C. Privados	731	626	566	27.603	22.508	26.799 23,62
	Total	2.516	2.804	2.836	86.257	93.970	113.464 100

A lectura dos datos relativos a postos permite observar tamén a mesma tendencia en canto á importancia do sector público cunha porcentaxe dun 76,38% fronte a un 23,63% do sector privado no último curso.

Con respecto ás unidades de titularidade privada prodúcese un descenso continuado neste período de case dez anos (1983/84 a 1992/93). No conxunto de Galicia a cifra é importante por canto afecta a unha diminución de 165 unidades no conxunto do período.

Como se indicou, non é esta, sen embargo, a mesma tendencia para os centros públicos. Podemos constatar dúas fases diferentes. Unha fase de grande aumento entre os cursos 1983/84 a 1987/88 que supón un crecemento de 393 unidades no conxunto de Galicia. Vén logo unha fase de pequeno aumento a partir do curso 1987/88 con só 92 unidades. Neste último período, nos niveis provinciais, prodúcense descensos na Coruña e Lugo, mentres se dan aumentos en Ourense e Pontevedra. A nivel de Galicia pódese dicir que o forte crecemento global entre 1983/84 a 1987/88 (paso de 2.516 a 2.804) estabilízase no último período.

A única excepción no sector público é a da provincia de Lugo na que se produce un descenso en beneficio da iniciativa privada. A importancia do sector público segue, con todo, sendo dominante, xa que Lugo cun 85,42% de postos en centros de titularidade pública supera a media total de Galicia situada no 76,38%. A provincia que ofrece unha maior porcentaxe de postos escolares de iniciativa privada é A Coruña (26,34%), seguida con case idéntico resultado polas provincias de Pontevedra (23,81%) e Ourense (23,58%).

Este constante incremento de unidades e postos escolares públicos hai que poñelo en relación coa efectivización do dereito social á educación, e coa ampliación das idades de escolarización ó grupo dos de tres anos, ben que os desaxustes demográfico-territoriais van ter unha incidencia considerable á hora de contrasta-la relación dispar entre o aumento global de postos e a diminución real dos alumnos matriculados, como imos ver.

2.3. O Alumnado.

Galicia contabilizaba no curso 1970/71 un total de 32.525 alumnos de educación preescolar e, 13 anos máis tarde, chegará a rexistra-la cifra de 72.717 alumnos (curso 1985/86), alcanzando un teito que, infelizmente, se converteu nunha fronteira a partir da que se iniciou un sostido retroceso, causado pola negativa evolución dos índices de natalidade, como revela a táboa II.3., a pesar da decidida incorporación escolar do grupo de nenos de tres anos de idade a partir dos anos noventa (vid. táboa II.4 e gráfico 1), de tal modo mesmo que o progresivo crecemento porcentual da presencia de alumnos de preescolar de Galicia no conxunto español (6,32% no curso 1985/86) observable entre os anos 1980-1985, volveu de novo a tornarse nunha menor e preocupante representación porcentual.

TÁBOA II. 3


ALUMNOS MATRICULADOS EN EDUCACIÓN PREESCOLAR/INFANTIL

Valores absolutos e porcentuais.

	1983/84		1987/88		1992/93	
	N. ^º	%	N. ^º	%	N. ^º	%
A CORUÑA	C. Públlicos	19.828	66,28	18.018	70,79	17.152
	C. Privados	10.089	33,72	7.432	29,21	8.174
	Total	29.917	100	25.450	100	25.326
LUGO	C. Públicos	8.042	82,30	6.783	80,36	6.170
	C. Privados	1.729	17,70	1.451	19,64	1.527
	Total	9.771	100	8.234	100	7.697
OURENSE	C. Públicos	4.944	66,40	4.660	72,28	4.688
	C. Privados	2.502	33,60	1.787	27,72	2.056
	Total	7.446	100	6.447	100	6.744
PONTEVEDRA	C. Públicos	16.835	65,81	16.024	70,62	15.836
	C. Privados	8.748	34,19	6.664	29,38	6.981
	Total	25.583	100	22.688	100	22.817
GALICIA	C. Públicos	49.649	68,28	45.485	71,17	43.846
	C. Privados	23.068	31,72	17.334	28,83	18.738
	Total	72.717	100	62.819	100	62.584

GRÁFICA II.1

DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL SEGUNDO IDADES.
CURSO 1992/93.



TÁBOA II.4

ALUMNOS DE EDUCACIÓN PREESCOLAR/INFANTIL SEGUNDO IDADES

	1983/84	1987/88				1992/93			
		3 años	4 años	5 años	TOTAL	3 años	4 años	5 años	TOTAL
A CORUÑA	C. Públicos	19.828	57	8.009	10.009	18.075	3.536	6.519	7.097
	C. Privados	10.089	904	3.541	3.891	8.336	1.634	3.132	3.408
	Total	29.917	961	11.550	13.900	26.411	5.170	9.651	10.505
LUGO	C. Públicos	8.042	193	3.286	3.497	6.976	1.050	2.499	2.621
	C. Privados	1.729	53	720	731	1.504	294	543	690
	Total	9.771	246	4.006	4.228	8.680	1.344	3.042	3.311
OURENSE	C. Públicos	4.944	73	1.967	2.693	4.733	963	1.801	1.924
	C. Privados	2.502	251	884	903	2.038	329	828	899
	Total	7.446	324	2.851	3.596	6.771	1.292	2.629	2.823
PONTEVEDRA	C. Públicos	16.835	117	6.925	8.940	15.982	3.336	6.125	6.375
	C. Privados	8.748	754	2.809	3.101	6.664	1.338	2.631	3.012
	Total	25.583	871	9.734	12.041	22.646	4.674	8.756	9.387
GALICIA	C. Públicos	49.649	440	20.187	25.139	45.766	8.885	16.944	18.017
	C. Privados	23.068	1.962	7.954	8.626	18.542	3.595	7.134	8.009
	Total	72.717	2.402	28.141	33.765	64.308	12.480	24.078	26.026

Con respecto á matrícula por idades, o feito máis importante é o crecemento do número de alumnos de 3 anos, pasándose de 2.402 matriculados no curso 1987/88 ós 12.480 de 1992/93, cun incremento particularmente relevante no caso dos centros públicos.

Para toda Galicia, a porcentaxe de alumnos no ensino público alcanza o 70%, fronte ó 30% no ensino privado no curso de 1992/93. En todo caso, a iniciativa privada é superior nas provincias occidentais de Galicia, obtendo en Lugo unha porcentaxe de só o 19,84%, distante do comportamento medio no conxunto de Galicia.

Mais con todo, hai que rexistrar, como xa se dixo, un notable descenso global da matrícula. Practicamente 10.000 alumnos menos en 1992/93 con respecto ó curso de 1983/84.

Ás cifras anteriores habería que incorpora-lo alumnado que segue o programa de "Preescolar na Casa", do que se falará con ocasión de analiza-los programas e actuación de Educación Compensatoria.

Entre tanto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dá para o curso 1992/93 a cifra de 1.332 alumnos matriculados, áinda que fontes de Cáritas de Galicia ofrecen cifras de maior volume, como se verá no Capítulo IV.

A súa distribución provincial e por idades pode verse na táboa II.5.

TÁBOA II.5
ALUMNOS MATRICULADOS NO PROGRAMA "PREESCOLAR NA CASA"

	3 ANOS	4 ANOS	5 ANOS	TOTAL
A CORUÑA	205	27	5	237
LUGO	690	18	1	709
OURENSE	205	46	5	256
PONTEVEDRA	121	7	2	130
GALICIA	1.221	98	13	1.332

Se sumamos este alumnado ó anterior matriculado nos centros públicos e privados ordinarios, obtemos unha cifra total de alumnos de educación infantil de 63.916 para o curso 1992/93.

Debemos, finalmente, facer unha referencia ás porcentaxes de escolarización con respecto á poboación total segundo idades, para sinalar que non é posible no presente marco precisar tal información ante a contrariedade de ter que manexar unha información censal que non se axeita ás idades e etapas educativas. En efecto, o censo de poboación español de 1991 e a súa explotación de datos para o caso de Galicia elixiu intervalos de idade de carácter quinquenal (0-4, 5-9, 10-14, 15-19), que non se acomodan ás nosas necesidades informativas. Só un estudio estatístico específico permitiría pois establecer as porcentaxes de escolarización ben ós 3, ou ós 4 e 5 anos de idade.

Entrementres, sábese que hai unha tendencia crecente de escolarización dos alumnos de 3 anos, que non tardará pois en alcanzarse plenamente.

2.4. O Profesorado.

A LOXSE establece que a educación infantil será impartida por mestres coa especialización correspondente. No primeiro ciclo os centros disporán, así mesmo, doutros profesionais coa debida cualificación para a atención educativa apropiada ós alumnos e alumnas destas idades (art. 10).

As Escolas Universitarias de Formación do Profesorado veñen dispensando a especialización en "Educación Preescolar". Nos futuros títulos universitarios establecécese a Diplomatura en "Educación Infantil". Así mesmo, as propias convocatorias de oposición determinan un cupo específico de prazas dentro desta etapa educativa.

Desde o punto de vista estatístico cómpre salienta-lo crecemento sostido operado no conxunto do profesorado de educación preescolar/infantil en toda Galicia e no período que vai desde 1971/72 (N=828) ata a actualidade do curso 1992/93 (N=2.878 profesores).


Un crecemento territorialmente favorable, como é natural no contexto actual, para as provincias occidentais é particularmente visible no campo da educación pública.

Así o pretenden ilustrar para o conxunto de Galicia a táboa II. 6 e o Gráfico 2.

TÁBOA II.6
PROFESORADO DE EDUCACIÓN PREESCOLAR/INFANTIL. GALICIA.
Distintos cursos.

	1979/80	1983/84	1987/88	1991/92	1992/93
Público	1.180	1.788	2.102	2.168	2.246
Privado	718	709	614	710	802
TOTAL	1.898	2.498	2.716	2.878	3.048

GRÁFICA II.2
DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DO PROFESORADO DE PREESCOLAR.
GALICIA. DISTINTOS CURSOS.



Noutra orde de cousas, cómpre sinalar que o incremento do profesorado en momentos de recepción da matrícula na educación infantil ten como consecuencia o logro global das ratios profesor/alumnos que a aplicación da reforma educativa preconiza.

Como apunte informativo sobre o reparto provincial do profesorado público e a súa evolución ofrecense datos para os cursos 1983/84 e 1992/93.

	1983/84	1992/93
A CORUÑA	696	820
LUGO	218	350
OURENSE	186	237
PONTEVEDRA	588	839
GALICIA	1.788	2.246

2.5. A distribución territorial.

Para o correspondente estudio da distribución territorial da educación preescolar/infantil, presentase unha doble referencia. A primeira tendo en conta a distribución por habitantes. A segunda -que figura no anexo correspondente- toma en consideración os distritos escolares que figuran no *Mapa Escolar de Galicia* da Consellería de Educación (Curso 1987/88).

A primeira distribución faise de acordo a tres criterios:

- Grupo A. Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes: Vigo, A Coruña, Ourense, Santiago, Ferrol, Lugo e Pontevedra.
- Grupo B. Municipios entre 20.000 e 50.000 habitantes.
- Grupo C. Municipios con menos de 20.000 habitantes.

Con relación ós mesmos realizouse o seguinte cadro referido ó curso 1992/93.


TÁBOA II. 7

DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DAS UNIDADES E ALUMNOS DE EDUCACIÓN
PREESCOLAR CON ATENCIÓN Ó TAMAÑO POBOACIONAL MUNICIPAL. CURSO 1992/93.


Localidades	C. PÚBLICOS		C. PRIVADOS		TOTAL	
	Unidades	Alumnos	Unidades	Alumnos	Unidades	Alumnos
GRUPO A						
VIGO	140	2.895	116	4.147	256	7.042
A CORUÑA	103	2.238	115	2.903	218	5.141
OURENSE	63	1.267	42	1.293	105	2.560
SANTIAGO	47	1.027	40	1.688	87	2.715
FERROL	28	542	35	1.156	63	1.698
LUGO	61	1.213	34	974	95	2.187
PONTEVEDRA	73	1.375	18	706	91	2.081
TOTAL	515	10.557	400	12.867	915	23.424
GRUPO B						
VILAGARCÍA	33	746	10	279	43	1.025
NARÓN	22	441	7	152	29	593
CARBALLO	26	488	9	178	35	666
REDONDELA	31	612	1	21	32	633
A ESTRADA	19	479	1	30	20	509
RIBEIRA	19	412	8	370	27	782
MARÍN	22	454	35	1.100	57	1.554
CANGAS	22	453	—	—	22	453
LALÍN	20	386	4	122	24	508
MONFORTE	13	241	—	209	13	450
TOTAL	227	4.712	75	2.461	302	7.173
GRUPO C						
296 CONCELLOS	1.528	28.577	91	3.410	1.619	31.987
GALICIA	2.270	43.846	566	18.738	2.836	62.584

A gráfica 3 permite observar para cada un dos grupos atendidos o distinto peso porcentual das unidades e dos alumnos tanto no sector público coma no privado, mentres que a gráfica 4 mostra o peso e a distribución do alumnado privado en cada un dos grupos poboacionais considerados.

GRÁFICA II.3
**DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DAS UNIDADES E ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL
 NOS GRUPOS POBOACIONAIS A, B E C. CURSO 1992/93.**



GRAFICA II.4
**DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO PRIVADO DE EDUCACIÓN INFANTIL NOS GRUPOS
 POBOACIONAIS A, B E C. CURSO 1992/93.**



Tomando como referencia este grupo de datos da distribución territorial, no conxunto das cidades galegas, con excepción de Lugo e Pontevedra, o número de alumnos en centros privados avanza ós dos centros públicos (12.867 fronte a 10.557). Resulta importante a diferencia no caso de Vigo (1.252).

En conxunto, nos centros urbanos as porcentaxes son as seguintes: 54,44% para o ensino privado e 45,56% para o ensino público. Distribución que está moi lonxe das porcentaxes totais do alumnado para toda Galicia (70,06% para o ensino público e 29,94% para o ensino privado).

En tódalas poboacións de máis de vinte mil habitantes, excepto en Marín, os alumnos inscritos nos centros públicos son máis que os inscritos nos centros privados. A porcentaxe é de 65,7% para o ensino público e o 34,3% para o ensino privado que se aproxima xa bastante á media global galega.

No último grupo, que recolle municipios de menos de 20.000 habitantes, as diferencias xa son moi significativas. Aquí o sector público reflicte unha porcentaxe do 89,34 % fronte ó 10,66% do sector privado.

2.6. A evolución dos indicadores.

Con respecto á evolución dos indicadores cómpre facer dúas consideracións de carácter tanto normativo coma estatístico.

Por Orde do 6 de maio de 1992 (DOG do 21 de maio) a Xunta de Galicia regulou o procedemento para a implantación do segundo ciclo da Educación Infantil, e dictou instruccións en materia da súa organización e avaliación. Respecto á organización escolar determináse que a ratio para este ciclo quede establecida nun máximo de "vintecinco nenos e nenas por profesor/a". No caso de que un mesmo profesor teña acumulado varios niveis nun só grupo e que escolarice a nenos de 3 anos, o número non excederá de vinte. Como data para axustarse ás devanditas ratios fixase que sexa no curso 1992/93 nos grupos de 3 e 4 anos, e no curso seguinte (1993/94) nos grupos de 5 anos "independenteamente de que estean autorizados ou non para implanta-lo segundo ciclo da Educación Infantil".

Tendo presente esta base normativa e utilizando os datos dos que se dispón, a Táboa II.8 mostra para 1992/93 a ratio alumnos/unidade.

TÁBOA II.8

RATIO ALUMNOS DE PREESCOLAR(INFANTIL)/UNIDADE. CURSO 1992/93.

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
Públicos	20,4	16,8	19,2	19,3	19,3
Privados	31,7	36,3	36	33,4	33,1

Considerando que as ratios sempre reflicten unha posición media e, polo tanto, non precisan as situacionés particulares -por outra parte difíciles de considerar sen datos moi pormenorizados-, podemos dicir que dun xeito xeral a ratio global axústase bastante ó que poderían se-las expectativas desexables en relación coa ratio fixada pola LOXSE. Sen embargo, unha diferenzia de abondo significativa aparece entre os centros públicos e os privados. Mentres os primeiros, con carácter xeral, incluso teñen ratios menores, os centros privados superan en exceso a ratio que vai diminuíndo en aplicación da Orde do 6 de maio de 1992 que establece a imposibilidade legal de matricular, tanto na pública coma na privada, máis de 25 alumnos por unidade.

En efecto, axustando os indicadores á distribución territorial anteriormente proposta, os resultados nas zonas urbanas (A) e semiurbanas (B), e no conxunto do ámbito rural son os que se expoñen na táboa II.9.

TÁBOA II.9

RATIO ALUMNOS/UNIDADE SEGUNDO DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL E TITULARIDADE DOS CENTROS. CURSO 1992/93.

	PÚBLICOS			PRIVADOS		
	Unidades	Alumnos	Ratio	Unidades	Alumnos	Ratio
A	515	10.557	20,5	400	12.867	32,2
B	227	4.712	20,7	75	2.461	32,8
TOTAL A+B	742	15.269	20,5	475	15.148	31,9
C	1.528	28.577	18,7	91	3.410	37,5
GALICIA	2.270	43.846	19,3	566	18.738	33,1

Esta elaboración moito máis distributiva mostra diferentes desigualdades. O ensino de titularidade pública non supera nos tres ámbitos territoriais á media galega. Esta resulta moi baixa no contexto rural, onde se atopan moitas unidades con baixo número de alumnos atendidas na maioría dos casos por un único profesor. A súa ratio tan baixa (18,7) serve de compensación aritmética para o conxunto galego.

Con respecto á evolución de indicadores, a situación mellorou nos últimos anos. En efecto, a ratio alumnos/unidade situábase no curso 1987/88 en 24,1 para Galicia e 26,8 para a situación xeral de España.

Con respecto á ratio alumnos/profesores os datos dispoñibles para os centros públicos eran os seguintes no curso 1992/93: A Coruña (21,79), Lugo (19,28), Ourense (21,02) e Pontevedra (21,54). Para o conxunto de Galicia témo-la ratio de 21,23 alumnos por profesor, que mellora bastante a ratio do curso 1987/88 (24,1) e se axeita no conxunto global ó disposto pola normativa vixente.

Nunha perspectiva máis global, e facendo reduccións a números enteros, podemos observa-la seguinte evolución.

TÁBOA II.10

EVOLUCIÓN GLOBAL DAS RATIOS CON ATENCIÓN Á TITULARIDADE DOS CENTROS.

		Alumnos/Unidad.		Alumn./Profesor.		Alumn. x 100 Postos Escolares	
		1987/88	1992/93	1987/88	1992/93	1987/88	1992/93
A CORUÑA	C. Públicos	21	20	—	21	70	50
	C. Privados	26	31	—	—	73	67
LUGO	C. Públicos	19	18	—	19	42	49
	C. Privados	32	36	—	—	80	71
OURENSE	C. Públicos	22	19	—	21	60	51
	C. Privados	28	36	—	—	76	73
PONTEVEDRA	C. Públicos	22	19	—	21	71	51
	C. Privados	28	33	—	—	80	72
GALICIA	C. Públicos	22	19	—	21	63	50
	C. Privados	28	33	—	—	77	70

O Consello Escolar de Galicia considera que áinda é preciso e mesmo resulta urxente dedicar esforzos por completa-la adecuada escolarización de tódolos nenos de tres anos, evitando discriminacións territoriais que poidan afectar gravemente ós nenos do medio rural, afectados pola problemática do transporte escolar.

Cómpre, por outra banda, entrar xa na preocupación por resolve-los problemas de escolarización adecuada dos nenos no primeiro nivel da educación infantil, coordinando servicios xa existentes, creando outros de novo e, en todo caso, adecuándoos cualitativamente ás esixencias regulamentarias.

Faise preciso, en concordancia coas necesidades educativas da etapa, superar definitivamente o marco dun profesor por aula, cando o feito é que a intervención de varios profesores dentro da mesma aula pode resultar imprescindible, mesmo con respecto a nenos sen especiais necesidades de atención individualizada.

Neste mesmo sentido constátase que a adeguação dos Centros á evolución da demanda de escolarización estase a producir coa adopción de criterios exclusivamente numéricos, sen ter en conta o elevadísimo grao de inestabilidade que isto xera no profesorado, que sofre dramaticamente o problema das "supresións" nestes últimos anos. O Consello Escolar de Galicia insta á Consellería de Educación a que dispoña as medidas precisas para que a diminución demográfica de alumnos non conlleve necesariamente a diminución dos cadros de persoal dos centros; poderíase conseguir unha mellora das "ratios", a superación do marco de un profesor por aula e outras importantes melloras na dimensión cualitativa do ensino.

II.3. O ENSINO XERAL BÁSICO (EXB)

3.1. O marco normativo.

O EXB aparece en canto tal no sistema educativo español coa LXE de 1970, sendo desenvolvidos os seus programas mediante a Orde do 27 de xullo de 1973 (BOE do 29 de setembro) e posteriormente renovados pola Orde do 17 de xaneiro de 1981 (BOE do 21 de xaneiro).

Instalada xa a sociedade española nun novo réxime político e nun novo modelo de Estado rexido pola Constitución de 1978, o sistema educativo debeu ser sometido a diversas e iniciais reformas parciais, do que foron expoñente os programas renovados citados. Pero a rapidísima evolución da sociedade requiría un cambio áinda más profundo que chegou da man da LODE e posteriormente da LOXSE. Na nova configuración do sistema educativo, o EXB desaparece para dar paso á Educación Primaria, comprendida en tres ciclos de dous anos cada un, supoñendo o primeiro tramo obrigatorio no itinerario formativo dos rapaces e rapazas. Así, pérdense para a Educación Primaria os antigos 7º e 8º de EXB que pasan a ser os dous primeiros cursos da Educación Secundaria Obrigatoria.

Será agora segundo a LOXSE o obxectivo principal da Educación Primaria o de "contribuír ó desenvolvemento das capacidades de comunicación, pensamento lóxico e coñecemento do contorno social e natural dos alumnos". En tal perspectiva sitúase ademais a esixencia de prestar unha atención preferente ós alumnos con necesidades educativas especiais.

Na súa procura o Real Decreto 1006/1991 do 14 de xuño (BOE do 26) regula as ensinanzas mínimas da Educación Primaria coa intención de asegurar unha educación non discriminatoria que tome en consideración as posibilidades de desenvolvemento dos alumnos, calquera que sexan as súas condicións persoais e sociais.

Xa no contexto galego, a Orde do 15 de Xullo de 1991 (DOG do 26 de agosto) regula a organización e funcionamento dos centros de EXB, Educación Especial e Educación Permanente de Adultos, constituíndo as primeiras normas tendentes á implantación do novo marco lexislativo do sistema educativo.

Paralelamente, o Ministerio de Educación e Ciencia establece o currículum para todo o Estado (Real Decreto 1330/1991, do 6 de setembro) que é posteriormente interpretado e adaptado ás condicións socioeconómicas e culturais galegas pola Consellería de Educación (segundo nivel de concreción), conformando o currículum da Educación Primaria no Decreto 245/1992 do 30 de xullo.

Neste decreto veñen sinalados tanto os contidos coma os obxectivos, métodos e criterios de avaliación que rexen a práctica educativa nesta etapa; as áreas sinaladas son:

- Coñecemento do medio natural, social e cultural.
- Educación Artística.
- Educación Física.
- Lingua Castelá e Literatura.
- Lingua Estranxeira.
- Matemáticas.
- Lingua Galega.

Como novidade máis destacable no ámbito dos contidos aparecen as ensinanzas da educación física, a música e a lingua estranxeira impartidas por especialistas; a primeira delas xa desde o primeiro ciclo, e as outras dúas a partir do segundo. Así mesmo, a relixión segue a ser unha materia de oferta obrigatoria por parte dos colexios, coa salvidade de que os alumnos que non desexen recibir coñecementos desa área contarán con tempos alternativos de estudio dirixido.

É mester tamén sinalar que a través da Orde do 17 de agosto de 1992 regúlase a implantación da educación primaria e díctanse instruccions e materia de organización escolar para os centros que imparten o devandito nivel e pola Orde do 6 de marzo de 1993 (DOG do 20 de maio) regúlase a avaliação na Educación Primaria (DOG do 20 de maio) que haberá de ser global, continua e formativa.

3.2. Os Centros.

O número de centros de EXB/Primaria en Galicia no curso 1992/93 ascendeu a 1.301. Deles, 1.055 (81,09%) son de titularidade pública e 246 (18,91%) privada.

A táboa II.11 mostra a distribución provincial tendo en conta a titularidade dos mesmos.

TÁBOA II.11

**NÚMERO DE CENTROS DE EXB/PRIMARIA.
CURSO 1992/93**

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
Públicos	488	153	112	302	1.055
Privados	103	21	34	88	246
Total	591	174	146	390	1.301


Con intención de ofrecer unha maior riqueza analítica, é do caso estuda-la distribución tipológica dos centros de EXB/Primaria. Servímonos para este fin da clasificación que de seguido se especifica:

- Tipo 1: Unitarias (1/2unidades).
- Tipo 2: Centro de entre 3 e 7 unidades.
- Tipo 3: Centros de entre 8 e 16 unidades.
- Tipo 4: Centros de máis de 16 unidades.
- Tipo 5: Colexios Públlicos Rurais Agrupados (CPRAs).

TÁBOA II.12
REPARTO TIPOLÓXICO DOS CENTROS DE EXB/PRIMARIA
SEGUNDO A SÚA TITULARIDADE. CURSO 1992/93

		Tipo 1	Tipo 2	Tipo 3	Tipo 4	Tipo 5
A CORUÑA	Públicos	244	25	81	132	6
	Privados	7	4	55	37	0
	Total	251	29	136	169	6
LUGO	Públicos	37	14	65	36	1
	Privados	0	1	13	7	0
	Total	37	15	78	43	1
OURENSE	Públicos	17	9	57	29	0
	Privados	1	2	23	8	0
	Total	18	11	80	37	0
PONTEVEDRA	Públicos	57	12	100	132	1
	Privados	0	5	52	31	0
	Total	57	17	152	163	1
GALICIA	Públicos	355	60	303	329	8
	Privados	8	12	143	83	0
	Total	363	72	446	412	8

GRÁFICA II.5
REPARTO TIPOLÓXICO DOS CENTROS DE EXB/PRIMARIA
SEGUNDO A SÚA TITULARIDADE E Nº DE UNIDADES. CURSO 1992/93



Nos totais de Galicia para o pasado curso, vemos que os centros públicos repártense case por igual entre unitarias (33,65%), centros de máis de 16 unidades (31,18%) e centros de entre 8 e 16 unidades (28,72%). Os Colexios Pùblicos Rurais Agrupados supoñen ata o momento só o 0,76% do total dos centros de EXB/Primaria en Galicia.

No referido á titularidade privada o número de centros de pequenas dimensións é a penas significativo. A maior porcentaxe (58,13%) corresponde a centros de entre 8 e 16 unidades e o 33,74% teñen máis de 16, como así se observa na gráfica 5.

En relación á distribución provincial cómpre dicir que é A Coruña a provincia que conta coa maior parte das escolas unitarias. Exactamente o 68,87% das existentes en Galicia. Por outra parte, é a única provincia na que as unitarias supoñen a tipoloxía de maior presencia (42,47% dos centros coruñeses). O tipo de centro predominante en Lugo e en Ourense é o comprendido entre as 8 e as 16 unidades, nunhas porcentaxes en relación ó total provincial do 44,82% e 54,79% respectivamente. En Pontevedra os centros presentan en maior medida dimensións superiores que os das outras provincias: o 41,79% dos mesmos contan con máis de 16 unidades.

Como vén sucedendo desde o inicio dos anos setenta, segue a constatarse a presencia maioritaria do modelo tipolóxico de "concentración escolar" nas provincias con máis altos índices de ruralidade, incidindo particularmente nos espacios territoriais máis deprimidos, coa carga problemática socioeducativa específica que isto comporta, como xa se ten estudiado en Galicia.

En canto ó establecemento do número de centros e a súa evolución nos períodos que se veñen considerando, foi preciso computar conxuntamente os centros de EXB/Primaria e os de Preescolar/Ed.Infantil, dado que as fontes estatísticas dispoñibles non permiten abordar un estudio por separado. Os resultados ofréncense na táboa II.13

TÁBOA II.13
NÚMERO DE CENTROS DE EXB/PRIMARIA E PREESCOLAR/ED. INFANTIL

		1983/84	1987/88	1992/93
A CORUÑA	Pùblicos	765	815	671
	Privados	187	177	145
	Total	952	992	816
LUGO	Pùblicos	406	337	213
	Privados	34	33	27
	Total	440	370	236
OURENSE	Pùblicos	206	190	154
	Privados	57	56	40
	Total	263	246	194
PONTEVEDRA	Pùblicos	459	576	514
	Privados	142	138	103
	Total	601	714	615
GALICIA	Pùblicos	1.836	1.918	1.546
	Privados	420	404	315
	Total	2.256	2.322	1.861

O número de centros evoluciona segundo unha dobre tendencia. Por unha banda no primeiro quinquenio 1983/88, coincidindo co traspaso de competencias educativas á Xunta de Galicia, prodúcese globalmente un lixeiro incremento no número de centros públicos (4,46%). Na análise provincial

destaca Pontevedra cun aumento do 25,49% dos centros desta titularidade. Pola contra na provincia de Lugo desaparecen o 16,99% dos centros públicos.

Para a titularidade privada a tónica é o decrecemento, tanto globalmente (-3,80%) coma en cada unha das provincias.

No segundo quinquenio 1988/93 a tendencia de decrecemento xeneralízase en ámbalas dúas titularidades, supoñendo a desaparición do 19,34% dos centros públicos e o 22,02% dos privados.

A proporción de centros segundo a súa titularidade nos anos estudiados non manifesta a penas modificación, cun predominio claramente público, como se recolle na táboa II.14, e mesmo globalmente cómpre rexistrar un pequeno incremento evolutivo do protagonismo público.

TÁBOA II.14

TITULARIDADE DOS CENTROS DE EXB/PRIMARIA E PREESCOLAR/ED. INFANTIL

	1983/84 %	1987/88 %	1992/93 %
Públicos	81,38	82,60	83,07
Privados	18,62	17,40	16,93
Total	100	100	100

Considerando a localización xeográfica dos centros, reafírmanse as diferencias de oferta pública/privada entre as distintas zonas socioeconómicas ó mostra-los datos estatísticos un predominio case exclusivo nas zonas rurais para o sector de oferta pública, que ten situados neste medio ó 76,71% dos centros. Pola contra, o 63,81% dos centros privados están situados nas poboacións galegas de máis de 50.000 habitantes.

A táboa II.15 mostra, neste sentido, o número de centros segundo a súa localización xeográfica e titularidade, nos cursos 1987/88 e 1992/93.


TÁBOA II.15

EVOLUCION DA DISTRIBUCION TERRITORIAL DOS CENTROS DE EXB/PRIMARIA E PREESCOLAR/ED. INFANTIL CON ATENCION Ó TAMAÑO POBOACIONAL MUNICIPAL E TITULARIDADE.

	Grupo A (> 50.000 hbtes.)		Grupo B (20.000 a 50.000 hbtes.)		Grupo C (> 20.000 hbtes.)	
	87/88	92/93	87/88	92/93	87/88	92/93
A CORUÑA	Públicos	99	76	58	46	658
	Privados	104	92	15	14	58
	Total	203	168	73	60	716
LUGO	Públicos	35	28	7	5	295
	Privados	16	14	4	3	13
	Total	51	42	11	8	308
OURENSE	Públicos	28	30	0	0	162
	Privados	45	29	0	0	11
	Total	73	59	0	0	173
PONTEVEDRA	Públicos	100	92	79	83	397
	Privados	90	66	19	15	29
	Total	190	158	98	98	426
GALICIA	Públicos	262	226	144	134	1.512
	Privados	255	201	38	32	111
	Total	517	427	182	166	1.623
1.186						
82						
1.268						

As discrepancias en canto á titularidade dos centros e a súa distribución territorial de modo global quedan ben patentes na gráfica 6, con respecto ó curso de 1992/93.

GRÁFICA II.6
DISTRIBUCION TERRITORIAL E TITULARIDADE DE CENTROS (%).



É mester salientar que, por outra parte, é no grupo de municipios cunha poboación inferior ós 20.000 habitantes onde se ten acusado de xeito máis notorio, o decrecemento no número total de centros que recentemente acabamos de comentar. Así, dos 372 centros públicos desaparecidos en Galicia no quinquenio 1988/93, 326 estaban situados en zona rural. A esto hai que engadi-lo feito de que no mesmo período, o sector privado perde neste medio 29 centros, o que representa o 32,58% do decrecemento total desta titularidade. Non obstante, o maior número de perdidas para este sector prodúcese no ámbito urbano con 54 centros menos.

3.3. Unidades e postos escolares.

O número total de unidades de EXB/Primaria no curso 92/93 en Galicia é de 14.004 das que o 78,72% eran de titularidade pública e o 21,28% eran privadas, como se pode observar na táboa II.16, debéndose sinalar que nos datos que se presentan tomáronse en consideración tamén aquellas unidades de EXB/Primaria situadas en centros de educación preescolar/infantil.


TÁBOA II.16

NÚMERO E REPARTO PORCENTUAL PROVINCIAL DE UNIDADES DE EXB/PRIMARIA SEGUNDO A SÚA TITULARIDADE.

	83/84		87/88		92/93	
	N. ^º	%	N. ^º	%	N. ^º	%
A CORUÑA	Públicos	3.745	74,07	4.149	75,40	4.226
	Privados	1.311	25,93	1.354	24,60	1.316
	Total	5.056	100	5.503	100	5.542
LUGO	Públicos	1.479	86,34	1.459	86,74	1.590
	Privados	234	13,66	223	13,26	249
	Total	1.713	100	1.682	100	1.839
OURENSE	Públicos	1.180	76,03	1.158	76,94	1.214
	Privados	372	23,97	347	23,06	368
	Total	1.552	100	1.505	100	1.582
PONTEVEDRA	Públicos	3.443	75,47	3.687	77,30	3.994
	Privados	1.119	24,53	1.083	22,70	1.047
	Total	4.562	100	4.770	100	5.041
GALICIA	Públicos	9.847	76,43	10.453	77,66	11.024
	Privados	3.036	23,57	3.007	22,34	2.980
	Total	12.883	100	13.460	100	14.004

Na evolución do número de unidades pódese observar como nos totais galegos de centros públicos o aumento foi continuado (83/84: 9.847 ; 87/88: 10.453; 92/93: 11.024), como así se pode ver na gráfica 7, sendo Lugo e Ourense as provincias que menos notaron este aumento xeral. Pola contra, os centros privados non presentan grandes variacións no número de unidades nos anos a estudio, apreciándose un lixeiro descenso nos totais galegos (perda de 29 unidades no primeiro quinquenio e de 27 no segundo).

GRÁFICA II.7
EVOLUCIÓN DO N^º DE UNIDADES ESCOLARES



Tendo en conta a localización xeográfica das unidades no curso 1992/93 (zona rural, intermedia ou urbana), e consecuentemente coa localización dos centros, apréciase no conxunto de Galicia como as zonas rurais acollen máis da metade das unidades existentes. Exactamente ó 57,20%. Nas provincias de Lugo e Ourense esta proporción alcanza os maiores expoñentes, representando as unidades do medio rural o 73,84% e o 64,34% respectivamente.


TÁBOA II.17

DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DO Nº DE UNIDADES EXB/PRIMARIA SEGUNDO LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA E TITULARIDADE. CURSO 1992/93

		ZONAA	ZONA B	ZONA C
A CORUÑA	Públicos	953	334	2.939
	Privados	924	103	289
	Total	1.887	437	3.228
LUGO	Públicos	275	43	1.272
	Privados	122	41	86
	Total	397	84	1.358
OURENSE	Públicos	311	—	903
	Privados	253	—	115
	Total	564	—	1.018
PONTEVEDRA	Públicos	1.071	701	2.222
	Privados	742	120	185
	Total	1.813	821	2.407
GALICIA	Públicos	2.610	1.078	7.336
	Privados	2.041	264	675
	Total	4.651	1.342	8.011

GRÁFICA II.8

DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DAS UNIDADES ESCOLARES SEGUNDO A LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA



A oferta privada concentra nas zonas urbanas o 68,49% das súas unidades; un 22,65% están situadas en zonas rurais e o 8,86% nas zonas intermedias.

O número total de postos escolares de EXB/Primaria no curso 1992/93 en Galicia era de 506.870 dos que o 76,45% eran de titularidade pública e o 23,55% privados segundo se pode observar na táboa II.18.

TÁBOA II.18

POSTOS ESCOLARES DE EXB/PRIMARIA SEGUNDO TITULARIDADE

		83/84	87/88	92/93
A CORUÑA	Públicos	131.979	147.707	149.440
	Privados	52.231	51.437	52.640
	Total	184.210	199.144	202.080
LUGO	Públicos	57.310	56.005	53.040
	Privados	9.384	8.316	9.920
	Total	66.694	74.321	62.960
OURENSE	Públicos	42.783	41.438	41.720
	Privados	14.704	13.591	14.870
	Total	57.487	55.029	56.590
PONTEVEDRA	Públicos	116.116	122.043	143.280
	Privados	43.486	44.169	41.960
	Total	152.602	166.212	185.240
GALICIA	Públicos	348.188	367.193	387.480
	Privados	119.805	117.513	119.390
	Total	467.993	484.706	506.870

Pódese dicir que no total de Galicia aparece unha tendencia ó aumento no sector público (de 348.188 postos no curso 1983/84 pásase a 387.480 no 1993/94), aínda que analizando os datos de cada provincia atopámonos con que son A Coruña e Pontevedra as que presentan un aumento maior no número de postos escolares neste sector. Así A Coruña pasa de 131.979 a 149.440, o que supón un incremento do 13,23%; En Pontevedra increménтанse os postos nun 23,39% pasando de 116.116 a 143.280. En Lugo, pola contra, prodúcese un descenso de 4.270 postos que supoñen o 7,45% menos que no curso 1983/84.

Considerando a ocupación real destes postos escolares (número de alumnos por cada cen postos), obsérvase a enorme discrepancia entre oferta e demanda segundo os datos globais para cada provincia e o total de Galicia (Ver táboa II.19).

TÁBOA II.19

ÍNDICE DE OCUPACIÓN POR CADA 100 POSTOS ESCOLARES REPARTO PROVINCIAL E SEGUNDO TITULARIDADE DOS CENTROS

		83/84	87/88	92/93
A CORUÑA	Públicos	83,7	74,0	56,0
	Privados	93,7	87,3	68,7
	Total	86,5	77,4	59,3
LUGO	Públicos	60,1	61,4	54,0
	Privados	81,7	89,9	67,9
	Total	63,1	65,1	56,2
OURENSE	Públicos	69,0	67,8	52,7
	Privados	87,4	92,3	72,2
	Total	73,7	73,9	57,9
PONTEVEDRA	Públicos	88,1	82,8	54,6
	Privados	87,2	80,6	76,0
	Total	87,8	82,3	59,4
GALICIA	Públicos	79,5	74,3	54,8
	Privados	89,6	85,5	71,6
	Total	82,1	77,0	58,8

O crecemento xeneralizado dos postos escolares en Galicia que acabamos de ver xunto co descenso das matrículas provoca un amplio desfase entre ambas dimensións; desfase que se foi agravando paulatinamente ata o curso 1992/93 no que había só 54,8 alumnos por cada 100 postos no sector público e 71,6 no sector privado. Cómprase, en todo caso, ter en conta que este desfase corrixirase en gran parte coa aplicación das ratios alumnos/unidade dispostas pola LOXSE, de xeito que os 40 postos escolares contemplados na normativa anterior reduciranse a 25 coa aplicación da dita lei.

Referíndonos á titularidade dos centros, cómpre sinalar que o sector público presenta o maior descenso na ocupación de postos na provincia de Pontevedra (de 88,1 alumnos por 100 postos no curso 1983/84 a 54,8 no 1992/93). No sector privado é en Ourense onde máis se reduce a proporción postos/ocupación, pasando de 87,4 a 72,2 para os mesmos cursos.

Concordando co índice de ocupación atopámonos cos datos referidos á excedencia de postos escolares de EXB/Primaria (ver táboa II.20) que mostran unha tendencia ó aumento da mesma ó longo dos tres cursos de estudio, para alcanzar no 1992/93 unhas cifras elevadísimas.

TÁBOA II.20

EXCEDENCIA DE POSTOS ESCOLARES

		1983/84	1987/88	1992/93
GALICIA	Públicos	71.467	94.280	174.933
	Privados	12.421	16.970	33.837
	Total	83.897	111.250	208.770

3.4. O Alumnado.

O número total de alumnos de EXB/Primaria de Galicia no curso 1992/93 foi de 298.100, dos que o 40,20% correspondían á provincia da Coruña, o 36,93% a Pontevedra, o 11,87% a Lugo e o 10,99% a Ourense. A táboa II.21 indica o reparto provincial e o total de Galicia en canto ó alumnado de EXB.

TÁBOA II.21

ALUMNADO DE EXB/PRIMARIA EN GALICIA, SEGUNDO A TITULARIDADE DOS CENTROS

		1983/84	1987/88	1992/93
A CORUÑA	Públicos	110.483	109.337	83.691
	Privados	48.920	44.892	36.151
	Total	159.403	154.229	119.842
LUGO	Públicos	34.450	34.397	28.658
	Privados	7.672	7.478	6.739
	Total	42.122	41.875	35.397
OURENSE	Públicos	29.523	28.115	22.003
	Privados	12.859	12.546	10.745
	Total	42.382	40.661	32.748
PONTEVEDRA	Públicos	102.256	101.100	78.195
	Privados	37.933	35.627	31.908
	Total	140.189	136.727	110.103
GALICIA	Públicos	276.712	272.949	212.547
	Privados	107.384	100.543	85.553
	Total	384.096	373.492	298.100

Nunha análise por zonas, atendendo ós criterios poboacionais sinalados anteriormente, pódese indicar que no curso 1992/93, o 52,55% do alumnado de EXB de Galicia estudiaba en poboacións inferiores a 20.000 habitantes; un 9,93% en poboacións entre 20.000 e 50.000 habitantes e, o 37,52% estudian en poboacións superiores ós 50.000 habitantes. A táboa II.22 mostra os valores absolutos do alumnado en cada unha das zonas sinaladas.

TÁBOA II.22

ALUMNADO DE EXB/PRIMARIA SEGUNDO SITUACIÓN XEGRÁFICA E TITULARIDADE DOS CENTROS. CURSO 1992/93

	ZONA A	ZONA B	ZONA C
Públicos	51.887	21.679	138.981
Privados	59.953	7.920	17.680
Total	111.840	29.599	156.661

A matrícula no EXB/Primaria en Galicia no curso 1992/93 experimentou un decrecemento de 85.996 alumnos en relación ó curso académico 1983/84. O decrecemento sinalado resulta pouco relevante no primeiro quinquenio, representando unha porcentaxe do 2,76% no conxunto de Galicia. Este descenso denótase en maior medida no sector privado, sendo xustamente ó contrario entre os anos 1987-1992. Neste segundo quinquenio o descenso prodúcese dun xeito moi acusado, reducíndose a matrícula nun 20,18%. Como se mostra na táboa II.23, os valores para os sectores público e privado son do 22,12% e 14,90% respectivamente.

Na análise provincial o volume do decrecemento é semellante, situándose ó redor do 20% indicado, agás en Lugo onde é lixeiramente menor (15,46%).

TÁBOA II.23

EVOLUCIÓN DA MATRÍCULA NA EXB/PRIMARIA EN GALICIA
1987/88: BASE 1983/84; 1992/93: BASE 1987/88

	1987/88		1992/93		
	Decrecemento	%	Decrecemento	%	
A CORUÑA	Públicos	-1.146	-1,03	-25.646	-23,45
	Privados	-4.028	-8,23	-8.741	-19,47
	Total	-5.174	-3,24	-34.387	-22,29
LUGO	Públicos	-53	-0,15	-5.739	-16,68
	Privados	-194	-2,52	-739	-9,88
	Total	-274	-0,58	-6.478	-15,46
OURENSE	Públicos	-1.408	-4,76	-6.112	-21,73
	Privados	-313	-2,43	-1.801	-14,35
	Total	-1.721	-4,06	-7.913	-19,46
PONTEVEDRA	Públicos	-1.156	-1,13	-22.905	-22,65
	Privados	-2.306	-6,07	-3.719	-10,43
	Total	-3.462	-2,46	-26.624	-19,47
GALICIA	Públicos	-3.763	-1,35	-60.402	-22,12
	Privados	-6.841	-6,37	-14.990	-14,90
	Total	-10.604	-2,76	-75.392	-20,18

Pódese observar como nos tres cursos analizados (ver táboa II.24) arredor do 70% dos alumnos estudian en centros públicos. Esta proporción media para Galicia é superada en case 10 puntos na provincia de Lugo.

TÁBOA II.24

ALUMNADO MATRICULADO SEGUNDO TITULARIDADE DOS CENTROS (%)

		1983/84	1987/88	1992/93
		%	%	%
A CORUÑA	Públicos	69,31	70,90	69,83
	Privados	30,69	29,10	30,17
LUGO	Públicos	81,79	82,14	80,96
	Privados	18,21	17,86	19,04
OURENSE	Públicos	69,66	69,14	67,19
	Privados	30,34	30,86	32,81
PONTEVEDRA	Públicos	72,94	74,00	71,02
	Privados	27,06	26,00	28,98
GALICIA	Públicos	72,04	73,08	71,30
	Privados	27,96	26,92	28,70

Sen embargo, unha análise pormenorizada das diferentes zonas galegas atendendo á súa poboación, pon de manifesto como nas localidades eminentemente urbanas (entidades cunha poboación superior a 50.000 habitantes), excepción feita de Lugo, o alumnado de EXB/Primaria acode en maior proporción a centros de titularidade privada que a centros públicos. Evidentemente ó afastármonos das zonas urbanas, a oferta educativa formal á poboación escolar de EXB/Primaria é de titularidade pública maioritariamente, de xeito que nas entidades de poboación inferiores a 20.000 habitantes, o 88,71% do alumnado acude a centros públicos.

En liñas xerais pódese constatar como do total de alumnos matriculados no sector público de EXB, o 65,39% asiste a centros situados en zonas rurais, o 10% a centros de zonas intermedias e o 24,41% a centros situados nas cidades.

Pola contra, o alumnado de centros privados concéntrase desproporcionadamente nas urbes (70,07%); un 9,26% acode a centros en zona semiurbana e o 20,67% a zona rural. A táboa II.25 subliña os valores porcentuais do alumnado segundo titularidade de centro. Na gráfica 9 preséntanse os datos globais para Galicia.


TÁBOA II.25

REPARTO PORCENTUAL DO ALUMNADO MATRICULADO SEGUNDO TITULARIDADE DOS CENTROS E LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA. CURSO 1992/93

		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
ZONA A	Públicos	41,17	59,18	45,99	45,47	46,39
	Privados	58,83	40,82	54,01	54,53	53,61
ZONA B	Públicos	70,31	41,54	—	77,68	73,24
	Privados	29,69	58,46	—	23,32	26,76
ZONA C	Públicos	88,62	92,31	82,95	89,35	88,71
	Privados	11,38	7,69	17,05	10,65	11,29

GRÁFICA II.9

ALUMNADO, TITULARIDADE DE CENTROS E DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL (%)
CURSO 1992/93



A distribución interna da matrícula total da EXB/Primaria en Galicia pode observarse na táboa II.26, na que se mostra o número de alumnos en cada nivel e a súa evolución nos tres cursos académicos analizados. A análise da táboa permítenos novamente constata-lo notable decrecemento nos primeiros niveis (ó redor de 20.000 alumnos), como evidente manifestación da grave problemática que representa a actual baixa de natalidade en Galicia. Transitoriamente, obsérvase certa estabilidade en séptimo e oitavo.

TÁBOA II.26

ALUMNADO DE EXB/PRIMARIA POR NIVEIS E TITULARIDADE DOS CENTROS


	1983/84			1987/88			1992/93		
	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados	Total
1. ^a	34.820	12.688	47.508	29.267	10.355	39.622	19.585	8.428	28.013
2. ^a	38.049	12.986	51.035	33.396	11.024	44.420	22.059	9.113	31.172
3. ^a	34.655	12.983	47.638	32.008	11.389	43.397	22.334	9.649	31.983
4. ^a	35.053	12.835	47.888	33.412	12.372	45.784	23.888	10.172	34.060
5. ^a	37.349	13.470	50.819	38.249	13.229	51.478	28.848	10.988	39.836
6. ^a	38.740	13.986	52.726	40.735	14.062	54.797	33.253	11.892	45.145
7. ^a	32.264	14.033	46.297	35.682	14.226	49.908	32.448	12.457	44.905
8. ^a	25.782	14.403	40.185	30.164	13.886	44.050	30.132	12.854	42.986

Mentres nos cursos 1983/84 e 1987/88 os ciclos medio e superior (2^a Etapa) alcanzaban porcentaxes similares de alumnado, no último curso considerado as diferencias acúsanse entre ámbolos dous, e de xeito máis notable entre estes e o ciclo inicial que reúne tan só a unha quinta parte dos estudiantes de EXB.

A gráfica 10 expresa o peso específico de cada un dos ciclos respecto do total de alumnos matriculados nos cursos académicos analizados para o conxunto de Galicia.

Os valores absolutos de alumnos por ciclo, tipo de centro e provincia de referencia para o curso 1992/93 son expostos na táboa II.27.

GRÁFICA II. 10
ALUMNADO POR CICLOS DE EXB/PRIMARIA (%)



TÁBOA II.27
ALUMNADO DE EXB/PRIMARIA POR CICLOS. CURSO 1992/93

		CICLO INICIAL	CICLO MEDIO	CICLO SUPERIOR
A CORUÑA	Públicos	16.194	29.794	37.703
	Privados	7.264	13.055	15.832
	Total	23.458	42.849	53.535
LUGO	Públicos	5.861	10.229	12.568
	Privados	1.496	2.498	2.745
	Total	7.357	12.727	15.313
OURENSE	Públicos	4.519	7.929	9.555
	Privados	2.105	3.750	4.890
	Total	6.624	11.679	14.445
PONTEVEDRA	Públicos	15.070	27.118	36.007
	Privados	6.676	11.506	13.726
	Total	21.746	38.624	49.733
GALICIA	Públicos	41.644	75.070	95.833
	Privados	17.541	30.809	37.203
	Total	59.185	105.879	133.036

3.5. O Profesorado.

O número de profesores e profesoras de EXB en Galicia era de 14.563 no curso académico 1992/93. Esta cifra supón un incremento do 4,37% respecto do curso 1987/88. Esta tendencia positiva é extensiva ás catro provincias, e prodúcese tanto no sector público (5,50%) coma no privado (0,67%). Hai que facer unha excepción coa provincia de Ourense que perde o 1,51% do profesorado nos centros privados.

Entre os cursos 1982/83 e 1987/88 a situación foi máis desfavorable, decrecendo en xeral o número do profesorado se ben máis acusadamente no sector privado, que perdeu no total de Galicia o 9,37% dos seus profesores fronte a un 0,05% no sector público. A nivel provincial, Lugo e Ourense mostraron as tendencias más negativas. A tendencia, como se dixo, invértese no último quinquenio.

Dos 14.563 profesores do curso 1992/93, un 77,41% pertence ó sector público. Esta porcentaxe supón un lixeiro incremento con respecto ós anteriores anos analizados: 74,17% no 1983/84 e 76,58% no 1987/88. Na provincia de Lugo pódese constatar un incremento de arredor de 10 puntos sobre o medio do sector público en Galicia. Con relación ó sector privado, é A Coruña a que ten, aínda que sen notables diferencias, os valores máis elevados.

TÁBOA II.28

PROFESORADO DE EXB SEGUNDO TITULARIDADE DOS CENTROS

		1983/84	1987/88	1992/93
A CORUÑA	Públicos	3.951	4.066	4.278
	Privados	1.552	1.420	1.428
	Total	5.503	5.486	5.706
LUGO	Públicos	1.539	1.524	1.628
	Privados	288	251	259
	Total	1.827	1.775	1.887
OURENSE	Públicos	1.234	1.193	1.230
	Privados	458	397	391
	Total	1.692	1.590	1.621
PONTEVEDRA	Públicos	3.630	3.902	4.137
	Privados	1.308	1.200	1.212
	Total	4.938	5.102	5.349
GALICIA	Públicos	10.354	10.685	11.273
	Privados	3.606	3.268	3.290
	Total	13.960	13.953	14.563

En relación ós postos desempeñados polo profesorado de EXB en centros públicos no último curso 1992/93, segundo as diferentes especialidades e ciclos educativos do Ensino Básico/Primaria, cabe subliñar que o 51,64% desenvolvía a súa función como profesor ou profesora dos Ciclos Inicial e Medio. O resto do profesorado desempeña o seu labor nas diversas especialidades do Ensino Básico, agás 27 profesores dedicados á Educación Permanente de Adultos.

A táboa II.29 mostra os valores absolutos do profesorado segundo o posto de traballo desempeñado. Cómpre anotar unha discrepancia de 62 profesores nos centros de titularidade pública segundo que a fonte de referencia sexa o MEC (táboa II.28) ou a Consellería de Educación e O.U. da Xunta de Galicia (táboa II.29).

TÁBOA II.29

POSTOS DE TRABALLO DESEMPEÑADOS POLO PROFESORADO DE EXB EN CENTROS PÚBLICOS. CURSO 1992/93

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
C.Inicial e Medio	2.239	808	629	2.113	5.789
Filol. Inglesa	315	118	90	289	812
Filol. Francesa	190	75	59	206	530
Filol. Hispánica	122	41	24	124	311
Filol. Galega	337	141	109	333	920
Matem. e C.Natur.	506	184	146	497	1.333
Ciencias Sociais	291	115	91	281	778
Educación Física	226	99	72	234	631
Música	30	10	10	30	80
E.P.A.	20	5	0	2	27
TOTAL	4.276	1.596	1.230	4.109	11.211

Finalmente cabe mencionar que do total do profesorado de EXB en Galicia no curso 1992/93 o 68,39% son mulleres. Este valor é praticamente igual nos sectores público e privado (68,44% e 68,24% respectivamente) e non supón ningunha modificación substancial respecto da situación no curso 1987/88.

A táboa II.30 expón os valores absolutos do profesorado segundo o sexo no total de Galicia.

TÁBOA II.30

PROFESORADO DE EXB SEGUNDO TITULARIDADE DE CENTRO E SEXO

	1987/88		1992/93	
	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES
PUBLICOS	7.437	3.248	7.715	3.558
PRIVADOS	2.195	1.073	2.245	1.045
TOTAL	9.632	4.321	9.960	4.603

3.6. A evolución dos indicadores.

3.6.1. Alumnos/Unidade.

O acusado descenso na natalidade, xunto co incremento no número de unidades de EXB, mostran para Galicia no último curso analizado, segundo se pode observar na táboa II.31, unha ratio alumnos/unidade cunhas diferencias de case 10 puntos sobre as existentes no curso académico 1.983/84, no sector público.

Non obstante, aprécianse marcadas diferencias segundo a titularidade dos centros, o que fai que no pasado curso os públicos estiveran situados por debaixo das ratios sinaladas para o Ensino Primario na LOXSE cunha media de 19 estudiantes de EXB por unidade.

TÁBOA II.31
RATIO ALUMNOS/UNIDADE SEGUNDO TITULARIDADE DO CENTRO

		1983/84	1987/88	1992/93
A CORUÑA	Públicos	29,50	26,35	19,80
	Privados	37,31	33,15	27,47
LUGO	Públicos	23,29	23,57	18,02
	Privados	32,79	33,53	27,06
OURENSE	Públicos	25,02	24,27	18,12
	Privados	34,56	36,15	29,19
PONTEVEDRA	Públicos	29,70	27,42	19,57
	Privados	33,90	32,89	30,47
GALICIA	Públicos	28,10	26,10	19,28
	Privados	35,36	33,43	28,70

Como pode apreciarse, non se atopan diferencias significativas interprovinciais, independientemente da titularidade dos centros.

Tampouco hai grandes variacións se examinamos esta proporción á luz da diferente distribución territorial poboacional galega (poboacións urbanas, semiurbanas e rurais), como se mostra na táboa II.32.

TÁBOA II.32
RATIO ALUMNOS/UNIDADE SEGUNDO SITUACIÓN XEOGRÁFICA. CURSO 1992/93

	ZONA A	ZONA B	ZONA C
Públicos	19,90	20,10	18,90
	29,40	30,00	29,20

3.6.2. Alumnos/Profesor.

As proporcións alumnos/profesor seguen unha tónica similar ás de alumnos/unidade, como pode observarse na táboa II.33, cunha evolución semellante nos anos analizados e igualmente con significativas diferencias segundo se trate de centros de titularidade pública ou privada. Nos primeiros, a medida para Galicia no curso 1992/93 foi de 18 a 1, en tanto que nos segundos superábase en 8 puntos esta proporción cunha ratio de 26 a 1.

TÁBOA II.33

RATIO ALUMNOS/PROFESOR SEGUNDO TITULARIDADE DO CENTRO

		1983/84	1987/88	1992/93
A CORUÑA	Públicos	27,96	26,89	19,56
	Privados	31,52	31,61	25,31
LUGO	Públicos	22,38	22,57	17,60
	Privados	26,64	29,79	26,02
OURENSE	Públicos	23,92	23,56	17,88
	Privados	28,08	31,60	27,48
PONTEVEDRA	Públicos	28,17	25,90	18,90
	Privados	29,00	29,68	26,32
GALICIA	Públicos	26,72	25,54	18,85
	Privados	29,77	30,76	26,00

O Consello Escolar de Galicia insta á Consellería de Educación a que proceda, cunha ponderada celeridade a dotar a tódolos centros, tanto públicos coma concertados, de mestres especialistas en música, de xeito que, sobre todo á hora de saca-las prazas a oposición, nin a excesiva premura traia como consecuencia que as prazas se cubran definitivamente por persoal non de todo preparado, nin que a excesiva tardanza acarree consecuencias negativas para a formación de moitos alumnos. Hase procurar que, no caso, tampouco sexan os pequenos centros do medio rural os que, unha vez máis, resulten discriminados.

O mesmo cabe dicir en relación coa dotación de mestres, así como infraestructuras e material de Educación Física. E outro tanto, con respecto a profesorado autenticamente preparado para a ensinanza de idiomas, e de Audición e Linguaxe.

Tamén nos preocupa que, pola vía de circulares esixindo un número mínimo de alumnos para impartir clases do idioma estranxeiro minoritario, se impida nos primeiros cursos de Primaria, a opción.

Especial atención pídense tamén en relación cos Centros Rurais Agrupados que, ó non poder ter especialistas exclusivamente dedicados a eles, estarán forzosamente afectados pola acción de profesores itinerantes, a quen, por outra banda, resultará imprescindible apoiar suficientemente no que respecta ó aboamento de desprazamentos, axudas de custo, seguros, etc.

3.7. Ensino básico a distancia.

3.7.1. CEGBAD.

O Centro Galego de Ensino Básico a Distancia, creado mediante o Decreto 158/1984 de 27 de setembro, ofrece a posibilidade de obte-lo Graduado Escolar, unha vez superadas as correspondentes probas, a aquelas persoas maiores de 14 anos que non estean matriculadas en centros de EXB. A sede central atópase na cidade da Coruña. Os centros colaboradores reciben a denominación de CENTROS ou AULAS EPA.

Os datos máis recentes que se puideron obter para o presente Informe, corresponden ó curso 1991/92, carecéndose neles de informacións relativas ó profesorado. Expóñense na táboa II.34 os valores alcanzados en canto a centros e alumnos, e a súa evolución respecto ó curso 1986/87.

TÁBOA II.34

NÚMERO DE CENTROS E ALUMNADO DO CEGBAD. CURSOS 1986/87; 1991/92

	1986/87		1991/92	
	CENTROS	ALUMNOS	CENTROS	ALUMNOS
A CORUÑA	9	715	16	1.073
LUGO	12	249	8	104
OURENSE	7	263	3	99
PONTEVEDRA	2	155	7	436
GALICIA	30	1.382	34	1.712

FONTE: 1986/87 tomado de: Caride, J.D. (Dir.). *Educación en Galicia . Informe Cero*. ICE, Universidade de Santiago, 1988.

Cabe precisar que do total de alumnos do CEGBAD no curso 1991/92, estaban matriculados na sede central 601, o que representa o 35,10% do alumnado. Por outra parte cómpre sinalar que algo más da metade (52,57%) do alumnado matriculado na antedita sede central, son reclusos.

Aínda que nas provincias de Lugo e Ourense o número de alumnos tende a decrecer, no cálculo total de Galicia experimentase un incremento do 23,87% na matrícula en centros EPA para a obtención do Graduado Escolar entre os anos 1986 e 1991.

Os centros e aulas EPA acollen a unha desigual matrícula que pode oscilar entre 1 e máis de 100 alumnos. Esta situación exprésase na seguinte relación que expón a situación no curso 1991/92:

Número de matriculados	Número de centros
De 1 a 5 alumnos	6
De 6 a 10 alumnos	7
De 11 a 20 alumnos	7
De 21 a 40 alumnos	2
De 41 a 60 alumnos	4
De 61 a 80 alumnos	5
De 81 a 100 alumnos	1
De máis de 100 alumnos	2

3.7.2. Radio ECCA.

Os centros ECCA, ademais doutras ofertas, proporcionan a posibilidade de obte-lo título de Graduado Escolar ó actuar como Centros Públicos de Ensino de Adultos en Réxime de Administración Especial, mercede ó convenio asinado entre a Fundación ECCA e a Consellería de Educación da Xunta de Galicia en data de 21 de abril de 1989.

Nestes centros o alumnado recibe no seu domicilio o material impreso do curso, escoita pola radio as explicacións correspondentes e asiste semanalmente a un encontro cun profesor orientador.

Durante o curso 1992/93, o Centro de EPA Radio ECCA de Galicia, experimentou unha nova proposta para o curso de obtención do Graduado Escolar, estructurándose modularmente nun total de nove módulos adscritos ás correspondentes áreas da lexislación vixente para o ensino básico.

Na táboa II.35 resúmese o total do alumnado matriculado, así como o profesorado da Consellería de Educación que en comisión de servicios desenvolveu o seu traballo nos Centros ECCA, nos cursos académicos 1987/88 e 1992/93.

TÁBOA II.35

PROFESORADO E ALUMNADO DE RADIO ECCA. CURSO 1987/88; 1992/93

	Profesorado		Pregradoado		Graduado	
	87/88	92/93	87/88	92/93	87/88	92/93
A CORUÑA	6	6	20	—	700	611
LUGO	4	3	8	14	115	179
OURENSE	—	4	—	—	—	277
PONTEVEDRA	10	11	220	70	1.082	1.225
GALICIA	20	24	248	80	1.897	2.292

Nos centros ECCA no quinquenio 1987-92, increméntase o número de alumnos matriculados para a obtención do título de Graduado Escolar nun 20,82%.

O Consello Escolar de Galicia constata con moita preocupación que unha parte considerable do incremento nos últimos anos da matrícula en centros de ensino a distancia, para a obtención do título de Graduado Escolar, pon de manifesto a necesidade de intensificar esforzos para a reducción do fracaso escolar no tramo obligatorio do ensino.

Neste sentido, insta á Administración Educativa a que intensifique as accións destinadas á mellora cualitativa do ensino, tanto as que han recaer nos propios centros, coma aquellas que serán desempeñadas polos distintos servicios de apoio, orientación, inspección e asesoramento.

II.4. A EDUCACIÓN ESPECIAL

A Constitución Española establece no seu artigo 49 os principios para unha política de preventión, tratamiento, rehabilitación e integración das personas con deficiencias (físicas, sensoriais e psíquicas) a quen debe outorgarse unha atención especializada para o efectivo gozo dos dereitos que se lles reconhecen a tódolos cidadáns.

Con anterioridade, a LXE indicaba xa que a educación especial debía ter como finalidade prioritaria a de preparar ós deficientes e inadaptados para a súa incorporación á vida social mediante o tratamiento educativo adecuado. Tal incorporación debía realizarse por medio dunha atención educativa ou dun sistema de traballo, nos casos posibles, que permitira a estas persoas servirse a sí mesmas e sentirse útiles á sociedade.

Integración social e integración educativa son, polo tanto, principios básicos que determinan a regulación, con carácter xeral, desta etapa educativa.

4.1. O marco normativo.

As políticas de integración educativa xa enunciadas na Lei Xeral de Educación van ter un impulso e unha reorientación importante a partir do Real Decreto 334/1985 de 6 de marzo polo que se realiza a ordenación da educación especial, substituíndo ó anterior 2639/1982 do 15 de outubro. Tal Real Decreto recolle as bases xerais para o tratamiento educativo dos deficientes previsto tanto na Lei Xeral de Educación coma nas directrices establecidas na Lei 13/1982 sobre Integración Social de minusválidos que desenvolve o mandato constitucional (art. 49).

Os principios que, con carácter xeral, se enuncian son os seguintes: normalización dos servicios, integración escolar, sectorización da atención educativa e individualización do ensino.

O principio de normalización no aspecto educativo especificase nas políticas, planificación e accións de integración escolar. O principio de sectorización supón aproximar e acomoda-la prestación dos servicios ó medio no que o diminuído desenvolve a súa vida, o que significa a ordenación por sectores xeográficos, de poboación e necesidades. A atención individualizada implica que o suxeito reciba a educación que necesite en cada momento da súa evolución personal.

No ámbito de acción educativa prevese que a prestación adecuada de axudas se realice por parte da institución escolar ordinaria favorecendo o proceso educativo e evitando situacions de segregación, ó mesmo tempo que facilitando a integración do alumno diminuído na escola. En consecuencia a escolarización en centros ou unidades específicas de educación especial únicamente se realizará no caso de que pola gravidade, características e circunstancias da diminución ou inadaptación, o alumno requira apoios ou adaptacións distintos ou de maior grao que os que poden dispensarse nos centros ordinarios. Neste caso tal situación soamente perdurará mentras a diminución ou inadaptación faga imposible a realization da integración.

Consecuentemente con estes principios vaise proceder a regulamentar dous aspectos concretos. En primeiro lugar, determina-las relacións de persoal/alumnos neste ámbito educativo segundo Orde de 30 xaneiro 1986 (BOE do 4 de febreiro), modificada por Orde do 18 de setembro de 1990 (BOE do 2 de outubro) e, crear a nivel nacional (Real Decreto 969/1986- BOE do 21 de maio) o Centro Nacional de Recursos para a Educación Especial, a fin de atender ás areas de deficiencia auditiva e alteracións da linguaaxe, deficiencia mental e trastornos de desenvolvemento e da deficiencia motórica.

A LOXSE nos seus artigos 36 e 37 recolle as propostas político-educativas establecidas anteriormente. De forma particular incide en que a atención ó alumnado con necesidades educativas especiais debe rexerse polos principios de normalización e integración social o que implica que a escolarización en unidades ou centros de educación especial soamente se levará a cabo cando as nece-

sidades dos alumnos non poidan ser satisfeitas por un centro ordinario. Para atender a este grupo de alumnos recoméndase que os centros dispoñan dos recursos necesarios para que poidan alcanzar dentro do mesmo sistema os obxectivos establecidos con carácter xeral para tódolos alumnos. Para isto é necesario, polo tanto, a identificación e a valoración das necesidades educativas especiais mediante equipos integrados por profesionais de distintas cualificacións. Así mesmo, dispoñer de profesores das especialidades correspondentes e de profesionais cualificados, xunto con recursos didácticos precisos para a participación dos alumnos no proceso de aprendizaxe.

No contexto da Comunidade Autónoma Galega por Orde do 9 agosto de 1985 (DOG do 3 de setembro) establecese a Planificación da Educación Especial e Experimentación da Integración de suxeitos con necesidades educativas especiais, ámbito que se amplía anualmente a través da correspondente Orde. Finalmente, no caso do ensino medio, regúlase a integración por Orde do 13 abril de 1989, que se amplía para o curso 1993-94 por medio da Orde do 4 maio 1993 (DOG do 3 de xuño).

Resulta, neste punto, procedente sinala-la diferenciación conceptual e a terminoloxía establecida pola Organización Mundial da Saúde con respecto á discapacidade: limitación para realizar actividades cotiás, deficiencia: enfermidade-causa da limitación detectada e minusvalía: desvantaxe social en relación co medio que pode padecer unha persoa como consecuencia dalgúnha discapacidade que o limita gravemente.

A educación especial ten como obxectivos básicos os seguintes: a supresión das discapacidades e das consecuencias derivadas daquelas; a adquisición de coñecementos e hábitos que doten ó individuo da maior autonomía posible; a promoción de tódalas capacidades do diminuído para o desenvolvemento harmónico da súa personalidade e finalmente a incorporación á vida social e a un sistema de traballo que lles permita servirse e realizarse por si mesmos.

Tal educación especial terá lugar, fundamentalmente, en tres tipos de centros: centros específicos; centros ordinarios acollidos ó plano de integración e centros ordinarios dotados de aula de educación especial.

Respecto da educación en centros específicos só se levará a cabo cando as condicións do alumno non permitan a axuda adecuada nos centros ordinarios acollidos ó plano de integración ou nas unidades de educación especial. Estes centros atenderán a aqueles que presenten alguma das seguintes características: deficiencia mental en grao que non lles permita ser escolarizados en centros ordinarios con unidades en Educación Especial; deficiencia motórica moi grave con deficiencia mental; deficiencia sensorial moi grave con deficiencia mental e autismo ou problemas graves de personalidade. Para o ingreso neles cómpre a autorización educativa, previa audiencia de pais ou titulares de alumnos, tendo en conta o informe de valoración educativa emitido polo Equipo Psicopedagóxico de apoio.

En canto ós centros ordinarios acollidos ó plano de integración, estes aceptarán os alumnos que co informe psicopedagóxico oportuno presenten alguma das seguintes características: deficiencia sensorial en tódolos graos; deficiencia motórica lixeira e media; deficiencia mental, lixeira e media; problemas non graves de personalidade.

Nestes centros ordinarios dotados de aula de educación especial, o alumnado acollido a esta modalidade educativa tamén deberá contar co correspondente informe psicopedagóxico, determinando de forma especial a previsible evolución positiva no seo da aula ordinaria e especificando os apoios necesarios.

Os centros que soliciten acollerse a este plano de integración deben cumplir uns requisitos básicos: informe sobre características do centro; plano de integración educativa que se pense poñer en práctica; compromiso de continua-la escolarización destes alumnos e inicia-la integración doutros nos anos sucesivos en educación infantil e no primeiro ano de primaria; memoria final de cada curso valoriando a integración; actas do claustro e do Consello Escolar manifestando a conformidade coa participación na experiencia de integración. Os colexios públicos seleccionados serán dotados dun profesor ou profesora de apoio que, preferentemente, será especialista en Audición e Linguaxe ou en Pedagogía Terapéutica.

A mesma situación ofrécese nos centros de integración do Ensino Secundario, con condicións específicas para os alumnos que desexen cursar estudos nunha especialidade da actual Formación Profesional ou ben realiza-los correspondentes cursos nun centro público de Ensino Medio.

Finalmente, as aulas de educación especial en centros ordinarios concíbense como unha modalidade intermedia entre o centro de educación especial e o centro de integración. Acolerán os alumnos con deficiencia mental media que poida estar asociada con deficiencias sensoriais ou motóricas lixeiras; deficiencia motórica media que poida estar asociada á mental lixeira ou sensorial lixeira e, por último, deficiencia sensorial severa e/ou profunda que poida estar asociada á mental ou motórica lixeira.

Neste caso ademais do diagnóstico individual, o currículum destes alumnos terá como referencia o currículum ordinario, coas adaptacións oportunas a cada situación. A titoría destes alumnos da aula de educación especial será realizada polos dous profesores (o especialista da aula de educación especial e o tutor oportuno do nivel).

4.2. Os centros de Educación Especial.

Á hora de face-la análise desta etapa educativa é necesario, como xa dixemos, ter en conta a súa situación particular considerando as modalidades institucionais que poden acolle-las súas acciones educativas: centros específicos de educación especial; centros ordinarios acollidos ó plano de integración e centros ordinarios dotados de aula de educación especial.

Así, polo que respecta ós centros específicos podemos presenta-los datos que a continuación se expoñen.

TÁBOA II.36
CENTROS DE EDUCACIÓN ESPECIAL

	1987/88			1992/93		
	C. Públ.	C. Priv.	Total	C. Públ.	C. Priv.	Total
A CORUÑA	4	8	12	4	7	11
LUGO	4	—	4	4	—	4
OURENSE	4	—	4	2	—	2
PONTEVEDRA	3	11	14	4	11	15
GALICIA	15	19	34	14	18	32

O que pode deducirse destes datos é unha certa estabilidade e homoxeneidade no conxunto e na distribución dos centros. Particularmente notable resulta a falta de iniciativa privada nas provincias de Lugo e Ourense, centrándose de forma maioritaria nas provincias da Coruña e Pontevedra.

Existe unha lixeira diminución derivada do descenso en dous centros na provincia de Ourense e un centro privado na Coruña compensado, en todo caso, pola creación dun novo centro, de carácter público, na provincia de Pontevedra.

4.3. Unidades de Educación Especial en centros específicos e en centros ordinarios.

En canto ás unidades de educación especial o que pode observarse é unha diferencia significativa entre as existentes en centros específicos (294) e aquelas outras sitas en centros ordinarios (768). En canto ás unidades en centros específicos dáse un aumento de 15 unidades no quinquenio considerado (1987/88-1992/93).

As provincias que máis se ven beneficiadas, neste caso, son A Coruña e Pontevedra, se ben con diferencias significativas no conxunto total. Mentre A Coruña descende no seu número, Pontevedra experimenta un aumento de 31 unidades. A presencia da iniciativa privada, neste caso, acapara o 65,67% da oferta con 88 unidades.

Nos centros ordinarios constátase un importante aumento de unidades, ó pasar das 647 no curso 1987/88 ás 768 no curso 1992/93.

As diferencias porcentuais indican unha presencia moi diversa. No caso dos centros específicos, a iniciativa privada supón un 45,58% fronte ó 54,42% da intervención pública. Nos centros ordinarios a proporción de unidades é dun 6,90% para a primeira e dun 93,10% para a segunda.

TÁBOA II.37

UNIDADES DE EDUCACIÓN ESPECIAL EN CENTROS ESPECÍFICOS

		1987/88			1992/93		
		C. Públ.	C. Priv.	Total	C. Públ.	C. Priv.	Total
CENTROS ESPECÍFICOS	A CORUÑA	72	58	130	72	46	118
	LUGO	25	—	25	27	—	27
	OURENSE	23	—	23	14	—	14
	PONTEVEDRA	44	57	101	47	88	135
	GALICIA	164	115	279	160	134	294
CENTROS ORDINARIOS	A CORUÑA	198	35	233	258	13	271
	LUGO	112	—	112	104	1	105
	OURENSE	89	2	91	102	1	103
	PONTEVEDRA	175	36	211	251	38	289
	GALICIA	574	73	647	715	53	768

No correspondente Anexo 3 ofrécese datos relativos ó reparto provincial e comarcal das unidades de Educación Especial para o curso 1992/93.

4.4. O Alumnado.

Dada a situación específica da Educación Especial non é procedente falar propriamente dunha planificación de postos con carácter xeral, xa que o principio básico é o da integración. Por outra banda, segundo a evolución do propio diagnóstico do alumno, debe procederse a unha escolarización en réxime ordinario.

En consecuencia, interesa na presente ocasión fazer unha análise tendo en conta non só as cifras senón tamén as características específicas das deficiencias.

TÁBOA II.38

ALUMNOS TOTAIS POR DEFICIENCIAS EN CENTROS ESPECÍFICOS. CURSO 1992/93

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
Cegueira	2	—	1	77	80
Xordeira	60	35	1	25	121
Minusvalías psíquicas lixeiras, medias, severas	215	53	58	315	641
Minusvalías psíquicas profundas	166	17	29	80	292
Plurideficiencias	135	6	9	146	296
Problemas graves permanentes	55	5	3	31	94
Autismo	30	3	2	17	52
Outras	3	2	3	17	28
Total	591	174	146	390	1.301

Se atendemos ó conxunto global do alumnado e á súa distribución entre centros públicos e privados no curso 1992/93 resultan os datos seguintes:

TÁBOA II.39

ALUMNOS DE EDUCACIÓN ESPECIAL SEGUNDO A TITULARIDADE DOS CENTROS

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
Públicos	262	121	106	238	727
Privados	404	—	—	473	877
Total	666	121	106	711	1.604

Con respecto ó seu nivel de escolarización, 237 pertencen ó nivel de Preescolar/Infantil (A Coruña: 62; Lugo: 58; Ourense: 62; Pontevedra: 55) e 411 corresponden ó nivel de Educación Básica e Educación Primaria (A Coruña: 200; Lugo: 84; Ourense: 44; Pontevedra: 83). O resto pertence a outros niveis educativos.

4.5. O Profesorado.

A Educación Especial, dadas as súas específicas condicións necesita dun profesorado que poída atende-la situación concreta destes alumnos, tanto no plano docente coma noutro conxunto de atencións complementarias.

Os datos referidos no presente Informe tratan exclusivamente os centros públicos, por mor da carencia de datos específicos para os centros privados. Nestes datos obsérvase una lixeira baixa de profesorado docente, coa excepción do caso da provincia de Lugo.

TÁBOA II.40
PROFESORADO CON FUNCIÓN DOCENTE E A SÚA EVOLUCIÓN

	1987/88	1992/93
A CORUÑA	84	76
LUGO	25	32
OURENSE	22	15
PONTEVEDRA	55	47
GALICIA	186	170

Xunto a este profesorado docente cóntase nos centros con persoal non docente que atende a este grupo de alumnos. Este persoal para os centros públicos comprende un total de 163 persoas distribuídas da forma seguinte: A Coruña: 103; Lugo: 16; Ourense, 25; Pontevedra:19, facendo, pois, un total de 163.

O Consello Escolar de Galicia recomenda á Administración Educativa que, tendo en conta o feito de que as actitudes do profesorado ante a integración son unha variable de moito peso cara ós resultados que se van obter, que ese factor se teña en conta á hora de face-la selección de novos centros para o programa de integración.

É claro, por outra banda, que a Administración non pode limitarse a "esixir" un adecuado proxecto educativo, senón que deberá propicia-los recursos formativos e as medidas administrativas que contribúan a que os resultados sexan satisfactorios en relación cos obxectivos propostos. Neste sentido, hanse facilita-los recursos imprescindibles e estes irán acompañados das oportunas orientacións didácticas para o seu fructífero emprego. Todo iso, con vistas a que a positiva actitude demostrada polos pais cara ó programa non quede defraudada.

A Consellería debería, por último, realizar unha ampla investigación avaliadora do programa e difundi-los seus resultados, en orde á súa programación en ulteriores etapas do ensino: ESO, Formación Profesional ..., etc.

O Consello Escolar de Galicia reitera aquí a necesidade de dotar adecuadamente ós centros de profesorado especialista en Audición e Linguaxe.

O Consello Escolar de Galicia insta tamén á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a que poña en marcha o Centro Galego de Recursos para a Educación Especial creado por Decreto 146/1989, do 22 de xuño, de xeito que permita aborda-los procesos educativos do alumnado con necesidades educativas especiais, desde unha perspectiva multiprofesional, que sirva de punto de encontro dos profesores, profesionais, pais e asociacións relacionadas coa Educación Especial e que contribúa a unha más plena e rigorosa integración e desenvolvemento escolar.

II.5. A EDUCACIÓN DE ADULTOS

A educación considérase na sociedade actual, como un proceso continuo, presente tanto no tempo escolar como nas diversas actividades da vida humana. Por isto non resulta estranho que no informe da UNESCO (*Aprender a Ser*, 1972) se manifieste de forma conclusiva que "*o resultado normal do proceso educativo é a Educación de Adultos*".

O principio da Educación Permanente resulta ser hoxe o principio básico que debe rexe-las políticas e as accións dos sistemas educativos, e así o recoñece a LOXSE.

5.1. O marco normativo.

A educación de adultos no noso sistema educativo vén pasando por tres etapas importantes, que marcan tanto o seu pasado máis próximo coma a situación actual e as tendencias previsibles de futuro.

A primeira etapa remítenos ó artigo 44 da LXE. Establécese entón a creación de centros especializados para adultos, que ofrecerán a posibilidade de seguir estudos equivalentes de Educación Xeral Básica, Bacharelato, Formación Profesional, para aqueles que non puideran realizarlos previamente. Dispone alí que tal grupo de persoas debería te-la posibilidade de perfeccionamento, promoción, actualización e readaptación profesional así como de promoción e extensión cultural.

O Programa de Educación Permanente de Adultos (EPA) creáse, así, no ano 1973 cando se dá por rematada a Campaña Nacional de Alfabetización iniciada en 1963.

A partir daquel momento moitos dos profesores pertencentes a esta campaña inician as actividades de EPA, aínda hoxe vixente en moitos aspectos. Sucesivas orientacións pedagóxicas (1974 e 1982) van perfilando os obxectivos básicos que debe cumplir este programa, así como os seus niveis de formación : alfabetización (primeiro nivel) ; certificado de escolaridade (segundo nivel) ; graduado escolar (terceiro nivel). Mais tamén se interesan pola promoción educativa dos adultos nun sentido amplio, así como por aspectos formativos dirixidos á reciclaxe profesional, coa intención de facilita-la integración dos adultos na vida social e productiva.

A pesar deste deseño e desta estructura específica para a educación de adultos, as accións educativas viñeron cumplindo só un labor de compensación e estiveron sobre todo centradas na promoción escolar a nivel da formación básica dun amplo colectivo de adultos que, por razóns históricas, non puideron recibila nos anos da súa etapa escolar.

Unha segunda etapa iníciase coa publicación do *Libro Blanco de Educación de Adultos* (1986) que pretende revisar e deseñar unha política que supere as limitacións da LXE, considerando a conveniencia de propor un novo marco institucional. Nas súas propostas normativas atopamos un aspecto de continuidade respecto da formación xeral e básica derivada das actuacións xa existentes no programa EPA, así como algúns novos principios programáticos e supostos organizativos.

Entre os principios e obxectivos que o Libro Blanco sinala, está o desenvolvemento dunha política integral que abarque tres aspectos: o desenvolvemento persoal (creatividade, cultura, ocio...); o desenvolvemento económico en relación co mundo laboral: formación para o traballo, actualización e reconversión; o desenvolvemento cultural e a participación social.

Trátase, polo tanto, de vincula-la educación de adultos a proxectos de desenvolvemento e poner en marcha programas plurais segundo os distintos grupos de poboación. Entre os aspectos programáticos innovadores ofrécese a concepción do distrito educativo como espacio territorial que conecte a educación de adultos con recursos existentes na área da saúde, cultura, ambiente, economía, relacionando a educación de adultos cos axentes institucionais e sociais.

A educación de adultos comprende un dobre carácter. Por unha parte, *unha formación de carácter global* referida á formación xeral tanto nos aspectos de formación "formal" ou "regulada"- que imparte cursos compensatorios recoñecidos oficialmente polo Ministerio e impartidos dentro dos cursos de EPA (presenciais ou distancia) -, coma nos aspectos de formación "non formal" ou "non regulada", mediante actividades de cursos, programas específicos etc..., en áreas de coñecemento ou actividades non recoñecidas oficialmente e realizadas por diferentes institucións (Universidades Populares, Centros cívicos, Ateneos culturais, Aulas da Terceira Idade etc...).

Por outra parte, *unha formación de carácter técnico* que vai dirixida ó emprego e á reciclaxe da man de obra en diversos ámbitos e categorías.

Finalmente, a terceira das etapas das que vimos falando, xorde da nova normativa legal, tanto de carácter estatal coma específico nalgúnsas autonomías, entre elas, a galega. En efecto, por primeira vez a LOXSE (1990) dedica un espacio propio (Título III: art. 51-54) á educación de adultos. Neste título explicitáñse os principios e as grandes liñas da futura educación de adultos.

A nivel de obxectivos (51.2) preséntanse os seguintes:

- a) incrementar e actualiza-la formación básica, para quen teña xa o graduado escolar, o seu referente será o título de "Graduado en Educación Secundaria";
- b) mellora-la cualificación profesional e adquirir unha preparación para o exercicio doutras profesións;
- c) desenvolve-la capacidade de participación na vida social, cultural política e económica.

No relativo ós aspectos metodolóxicos faise referencia á autoaprendizaxe tanto por medio do ensino presencial coma do ensino a distancia (51.4 e 53.3). A nivel organizativo plásmanse os principios básicos: garanti-la formación das persoas adultas "persoal e profesionalmente"; desenvolver aquelas probas correspondentes ás titulacións establecidas, así como procura-la colaboración entre administracións educativas e administracións públicas mediante a asignación de convenios de colaboración entre universidades, corporacións locais e outras entidades públicas e privadas con vistas ó desenvolvemento da educación de adultos (art. 51.1 e 54.2).

Esta atención especial que, por primeira vez, a educación de adultos merece na lexislación vén a resolver algunas das propostas recollidas no *Libro Blanco*. Sen embargo, trala publicación deste documento, era de esperar a preparación dunha lei específica a nivel de Estado. Prioridades da reforma educativa fixeron que todo o proxecto normativo que se esperaba máis amplio e global quedase reducido a este "Título III" da LOXSE mentres outras países, desde hai tempo, teñen aprobadas leis específicas para educación de adultos (Francia, Italia, Noruega, Suecia.....).

Esta situación motivou que autonomías con competencias propias aprobaran leis específicas de educación de adultos. Tal é o caso de Galicia coa Lei 9/1992, (DOG do 6 de agosto) de "Educación e Promoción de Adultos".

Anteriormente aprobaron as súas propias leis Andalucía (1990) e Cataluña (1991).

A Lei de "Educación e Promoción de Adultos" de Galicia establece como campos fundamentais de actuación:

- a) a formación básica entendida como aprendizaxe complementaria dunha instrucción suficiente en atención ás esixencias da sociedade actual;

- b) a formación para o mundo laboral considerada como aprendizaxe inicial que posibilite a inserción no mundo do traballo, así como a actualización e o perfeccionamento dos coñecementos que para o exercicio dunha profesión ou dun oficio esixa o cambio constante do sistema productivo;
- c) a formación e actualización cultural con especial incidencia no coñecemento do idioma e cultura galegas (art.2).

A lei determina as actuacións previas e os programas de acción así como a organización de coordinación de actuacións mediante a creación do Consello Galego de Educación e Promoción de Adultos (art.9.12). No apartado máis específico dos centros e de persoal fixa os tipos de centros (públicos e privados) que deberán ser autorizados pola Administración da Comunidade Autónoma. A educación e a promoción de adultos adoptará diferentes modalidades: presencial, semipresencial e a distancia.

Sinálase, finalmente, que dentros dos presupostos da Comunidade Autónoma se consignarán os fondos necesarios encamiñados á consecución dos obxectivos previstos na presente lei.

5.2. Analfabetismo e niveis de estudos da poboación.

O analfabetismo non deixa de ser aínda un asunto pendente no noso país, a pesar de tódolos esforzos do propio sistema educativo e social para reducilo e mesmo eliminalo a nivel estatístico. A este respecto, cómpre salientar que os datos sobre o analfabetismo tanto absoluto coma funcional resultan problemáticos.

En primeiro lugar, pola dificultade conceptual de determinar sobre "*quen é un analfabeto*". Existe un certo acordo sobre o analfabetismo "absoluto". É analfabeto "absoluto" a persoa "*incapaz de ler, escribir e comprender unha relación breve de feitos que atinxen á súa vida cotiá*" (UNESCO).

Non sucede o mesmo respecto do analfabetismo "funcional", a pesar da súa aproximación conceptual: "*persoa incapaz de exercer tódalas actividades para as que a alfabetización resulta necesaria en interese e funcionamento do seu grupo, da súa comunidade e que lle permite ler, escribir, calcular con vistas ó seu propio desenvolvemento e ó da súa comunidade*" (UNESCO).

En segundo lugar, porque o analfabeto, como indican tódolos estudios, é unha "persoa invisible". Precisamente por selo, non deixa unha constancia escrita. Normalmente só se ten acceso á súa situación mediante referencias estatísticas (censos etc..) sendo que, con frecuencia, estes non son o suficientemente fiables. Hoxe, xunto con estos datos estatísticos, é necesario procurar traballos de estudio más sectoriais e con instrumentos moitos más amplos, tanto de carácter cuantitativo coma cualitativo.

En todo caso, dous feitos mantéñense constantes na poboación galega: o carácter "residual" do analfabetismo absoluto que subsiste nas persoas de maior idade; e, unha nova preocupación en relación tanto cos problemas do analfabetismo "funcional" coma con analfabetos ligados ó baixo nivel de estudos.

Imos tomar como referencia os últimos censos de poboación en España e en Galicia: o censo de 1981 e o último censo de 1991, así como o padrón municipal de habitantes do ano 1986. Os datos que se deducen dos mesmos están referidos á poboación de 10 e máis anos segundo o seu nivel de instrucción.

TÁBOA II.41

EVOLUCIÓN DO ANALFABETISMO "ABSOLUTO" EN GALICIA PARA A POBOACIÓN DE 10 E MÁIS ANOS

	1981		1986		1991	
	N. ^º	%	N. ^º	%	N. ^º	%
A CORUÑA	60.699	6,61	32.521	3,37	29.189	3,04
LUGO	26.447	7,39	14.719	4,07	11.023	3,17
OURENSE	26.732	7,08	16.392	4,24	12.397	3,95
PONTEVEDRA	41.924	5,78	18.866	2,45	19.339	2,45
GALICIA	155.802	7,87	82.498	3,32	71.948	2,99
ESPAÑA	1.978.710	6,34	1.290.318	3,90	1.100.480	3,20

FONTE: Instituto Nacional de Estadística. *Censos de Población de España. 1981 e 1991. Padrón Municipal de Habitantes. 1986.*

Estes datos globais, que hai que entendelos con cautela, indícanos algunas características importantes da distribución do analfabetismo. Galicia manteñ unha porcentaxe inferior á media do conxunto do Estado español. A nivel provincial as más altas tasas de analfabetismo danse na provincias de Ourense e Lugo; a máis baixa na provincia de Pontevedra.

Xunto a esta consideración global podemos facer tamén dúas consideracións máis particulares. En primeiro lugar, as persoas maiores sosteñen as más altas taxas de analfabetismo. Así para o padrón municipal de 1986, o 61,82% das persoas que se declaran analfabetas son maiores de 65 anos. No último censo de 1991, esta situación corresponde ó 68,37%. Todo isto demostra que o analfabetismo "absoluto" é producto, fundamentalmente de situacións sociohistóricas caracterizadas pola ausencia da pertinente escolarización ou mesmo pola moi deficiente formación básica para este grupo de idade.

En segundo lugar, afecta fundamentalmente ás mulleres polas mesmas circunstancias, incluídas as derivadas da consideración que se atribuíu á función feminina. De feito, no contexto tradicional familiar, a consideración e a oportunidade de formación para a muller case sempre se veu postergada en favor do home.

Os datos sobre analfabetismo permítennos coñece-las deficiencias de formación que afectan a estes grupos de persoas. Determinan tamén o esforzo importante que hai que facer, áinda hoxe, en educación de adultos para superar estas carencias importantes que se atopan distribuídas de forma moi diversa entre as diferentes idades.

TÁBOA II.42

ANALFABETISMO SEGUNDO IDADE: CENSO DE 1991

Idades	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA	
					N. ^º	%
10-14	167	32	45	123	367	0,51
15-24	595	174	146	381	1.296	1,80
25-34	724	242	225	549	1.740	2,41
35-44	887	279	312	691	2.169	3,01
45-54	1.958	631	640	1.576	4.805	6,68
55-64	5.122	1.601	1.787	3.866	12.376	17,20
+ 65	19.736	8.064	9.242	12.153	49.195	68,38
TOTAL	29.189	11.023	12.397	19.339	71.948	100

O cadro de distribución do analfabetismo por idades móstranos que xunto á importancia do analfabetismo en persoas de máis de 65 anos, existe un grupo importante entre os 25-64 anos (22.386 persoas) que deben ser atendidos no ámbito da educación de adultos para superar esta situación de analfabetismo absoluto. No grupo de idade entre 10-24 anos, que comprende 1663 persoas, resultará importante atender ás condicións sociais, para evitar que situacións de marxinación impidan unha adecuada escolarización. Hoxe estas carencias non son debidas á falta de postos escolares ou a oportunidades de escolarización. Para os maiores de 65 anos haberá que facer un importante esforzo a fin de chegar a este grupo de persoas e buscar alternativas para motivalas e procurar vías de alfabetización que permitan a maior axuda e eficacia nesta situación.

Xunto coas situacións de analfabetismo absoluto cómpre, para unha axeitada planificación e promoción da educación de adultos, ter en conta o nivel de estudos da poboación.

Se atendemos ó conxunto global, estes que de seguido se citan son os resultados derivados do último censo.

TÁBOA II.43
POBOACIÓN DE 10 E MÁIS ANOS SEGUNDO ESTUDIOS REALIZADOS

Nivel de estudios	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVED.	GALICIA	
					N.º	%
Analfabetos	29.189	11.023	12.397	19.339	71.948	3,00
Sen estudios	263.697	132.191	108.331	165.896	670.115	27,86
Título 1.º grad.	316.556	95.476	97.888	303.584	813.504	33,83
Tít. 2.º grao (1.º ciclo)	164.648	51.939	47.191	147.253	411.031	17,09
Tít. 2.º grao (2.º ciclo)	128.135	34.938	33.441	98.776	295.290	12,28
Tít.3.º grao	51.187	15.044	13.792	35.325	115.348	4,80
Outros estudios superior.	4.260	6.143	514	16.386	27.303	1,14
TOTAL	957.672	346.752	313.554	786.559	2.404.537	100

Equivalencias de niveis:

Sen estudios: inclúe educación primaria incompleta; EXB, incompleta, estudios elementais.

Título de 1º grao: Certificado de escolaridade ou de estudios primarios (ensino primario)


Título de 2º grao (1º Ciclo): Graduado escolar, Diploma elemental (grao elemental) en conservatorios de música, graduado en artes aplicadas e oficios artísticos.

Título de 2º grao (2º ciclo) corresponde a BUP, FP de 1º e 2º grao.

Título de 3º grao (1º ou 2º ciclo) corresponde ós estudios universitarios tanto de 1º coma de 2º ciclo (Diplomaturas/Licenciaturas).

GRÁFICA II.11

DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN DE GALICIA DE 10 E MÁIS ANOS SEGUNDO ESTUDIOS REALIZADOS.1991



Tendo como referencia a titulación básica, podemos deducir dos datos anteriores o importante número de persoas que en Galicia non teñen o título de Graduado Escolar (equivalente ó título de 2º grao: Primeiro Ciclo). Suman a importante cifra -sen ter en conta as situacions de analfabetismo antes analizadas- de 1.483.619 e representan o 61,70%. Se os comparamos cos resultados do padrón de 1986 (1.748.633 que representaban o 70,55%) vemos que ten mellorado o nivel de alfabetización.

Por idades, as situacions de carencias de estudos resultan importantes para grupos de idades intermedias, extremo que será necesario considerar respecto do desenvolvemento da educación de adultos, tal como se representa na seguinte táboa.

TÁBOA II.44

POBOACIÓN DE 10 E MÁIS ANOS SEGUNDO OS ESTUDIOS REALIZADOS

Idade	Analfabetos	Sen estudios completos	Estudios 1.º Grao
10-14	367	26.080	143.388
15-24	1.296	9.303	70.670
25-34	1.740	23.178	114.279
35-44	2.169	61.750	157.044
45-54	4.805	110.484	129.110
55-64	12.376	172.547	108.141
+ 65	49.195	266.773	90.872
TOTAL	71.948	670.115	813.504

Se exclúimo-las idades inferiores e o grupo de máis de 65 anos, atopámonos cunha poboación adulta de carácter intermedio que debe se-la beneficiaria directa ou indirecta dos obxectivos previstos na Lei de educación de adultos. En total suman 876.533 persoas (367.959 sen estudios completos e 508.574 que non teñen unha titulación académica correspondente ó título actual básico: Graduado escolar).

En conxunto, todos estes datos testemuñan a importancia que na nosa Comunidade debe te-la educación de adultos a través das súas diferentes iniciativas e actividades de formación.

Trátase de garantir a todos unha suficiente formación básica. Esta é necesaria, en particular, para os que, no seu momento, non tiveron esta oportunidade de "*utiliza-la cultura para conseguir unha integración e unha promoción satisfactoria no mundo social e do traballo*".

5.3. Os Centros de Educación de Adultos.

Xa a Lei Xeral de Educación precisaba no artigo 91 que "os centros estatais que imparten exclusivamente as ensinanzas para adultos a que se refire o artigo 44, terán a estructura adecuada para a súa finalidade concreta na forma en que en cada caso sexa establecida polo Ministerio de Educación e Ciencia".

A LOXSE no seu artigo 54 indica que a educación das persoas adultas poderá impartirse en centros ordinarios ou específicos. Estes últimos estarán abertos ó medio e dispoñibles para actividades de animación sociocultural da comunidade. Pola súa parte, a lei galega de educación de adultos (1992) indica que os centros de adultos (arts. 14-15) deberán ser creados por decreto da Xunta de Galicia e, tanto os públicos coma os de natureza privada, deberán inscribirse no rexistro de centros de educación e promoción de adultos. Ámbolos dous tipos de centro respecto á súa creación, autorización e avaliacián así como organización, determinación de cadros de persoal, órganos de xestión e participación, someteranse á lexislación vixente da comunidade autónoma tendo en conta, en todo caso, as súas especiais características.

Ademais desta categoría xeral de centros, podemos atoparnos con diferentes situacions específicas para a formación de adultos. Esta pode realizarse tamén en aulas, círculos de estudio, centros cívicos, por medio de actividades realizadas por convenio, etc...

TÁBOA II.45
CENTROS DE EDUCACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS

	1987/88					1992/93				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontev.	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontev.	Galicia
Centros	26	6	1	5	38	20	9	6	11	46
Aulas	4	—	1	4	9	2	—	—	—	2
Círculos	3	1	—	9	13	—	—	—	2	2
	—	—	—	—	—	11	—	1	5	17
	33	7	2	18	60	33	9	7	18	67

No conxunto global dos centros podemos observar un pequeno crecemento neste último quinquenio. A súa distribución no conxunto global entre públicos e privados nas súas diferentes situacions é a seguinte para o curso 1992/93: 40 son centros públicos e 27 son privados. A distribución por provincias indícase na táboa II. 46.

TÁBOA II.46
DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DOS CENTROS. CURSO 1992/1993

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
C. Públicos	15	9	5	11	40
C. Privados	18	0	2	7	27
TOTAL	33	9	7	18	67

A maioría dos centros de carácter privado están situados nas provincias da Coruña e Pontevedra con 18 e 7 centros respectivamente. As provincias de Lugo e Ourense son as que teñen un baixo número de centros; existe escasa presencia da iniciativa privada en Ourense e resulta inexistente na provincia de Lugo.

5.4. O Alumnado.

No contexto da educación de carácter presencial a distribución do alumnado vén definida pola actividade que realiza distribuída en tres tipos ou áreas: área académica; área laboral e área cultural.

A primeira organízase en distintos niveis: alfabetización; ensino de 1º ciclo, de 2º e 3º ciclo coa finalidade, basicamente, de consegui-lo título de graduado escolar. Practicamente nestes niveis a educación de adultos cumple unha función compensatoria tratando de ofertar a todos unha formación básica. Neste mesmo ámbito realizanse, se ben con carácter minoritario- como se comprobará polos datos- actividades de Formación Profesional así como outras distintas actividades de formación.

Con respecto á segunda e á terceira das áreas formativas (laboral e cultural) as súas actividades teñen que ver coa formación para o mundo do traballo, e coa formación e a actualización cultural.

Hai que ter en conta que, tratándose dunha formación moi puntual e específica, as situacións con respecto á evolución do alumnado non teñen a dimensión de continuidade dun grupo específico de idade ou de avance nun determinado nivel. Vai depender moito máis de demandas específicas así como das ofertas que os propios centros poidan realizar no seu medio.

TÁBOA II.47
ALUMNADO DE EDUCACIÓN DE ADULTOS
(ÁREA ACADÉMICA)

	1983/84	1987/88	1992/93
A CORUÑA	2.458	3.807	3.125
LUGO	804	2.104	1.245
OURENSE	308	708	1.075
PONTEVEDRA	1.291	2.931	3.968
GALICIA	4.861	9.550	9.413

A distribución por niveis deste alumnado no curso 1992/93 era a seguinte: 262 eran alumnos/as das actividades de alfabetización (250 en centros públicos e 12 en centros privados); en primeiro ciclo (equivalente a 1º-2º de E.X.B.) eran 1.711 (1.689 en centros públicos e 22 en centros privados); en 2º e 3º ciclo (equivalente ó ciclo de 3º a 8º de E.X.B.) eran 7.304 (6.474 en centros públicos e 830 en cen-

tros privados). Con respecto a outras formacións de carácter académico, o seu número podemos consideralo mínimo: só eran 136 os inscritos (65 en centros públicos e 71 en centros privados).

Unha proporción altamente maioritaria realizaba as súas actividades de formación académica, dirixida a obte-lo título básico, en centros públicos (90,07%), fronte a unha minoría (9,93%) que se formaba en centros privados.

A distribución do conxunto de áreas de formación de adultos preséntase nos datos da táboa II.48:

TÁBOA II.48

**ALUMNOS DE EDUCACIÓN DE ADULTOS NAS DIFERENTES ÁREAS DE FORMACIÓN
(ACADÉMICA, LABORAL, CULTURAL)**

	1987/88	1992/93
Área Académica	8.631	9.413
Área Laboral	661	2.652
Área Cultural	258	3.158
TOTAL	9.550	15.223

Os datos indican un aumento importante na matrícula de educación de adultos no seu conxunto. Hai que dicir que é a área académica a que tradicionalmente acapara o número maior de alumnos inscritos. En concreto, representa o 90,37% para o curso 1987/88 e o 62,65% para o curso 1992/93. Este dato mostra unha das tendencias de futuro en educación de adultos. Ata agora, este tipo de educación vén cumplindo unha función compensatoria que, na medida en que nas novas xeracións se realice dentro do sistema educativo ordinario, tenderá a ser menor para dar maior importancia ás áreas de carácter tanto laboral coma cultural.

Esta función de carácter académico compensatorio pode verse reflectida ó analiza-la distribución de alumnos segundo idades.

TÁBOA II.49

**ALUMNOS EN EDUCACIÓN DE ADULTOS. DISTRIBUCIÓN SEGUNDO IDADE.
CURSO 1992/93**

Idades	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA	
					N.º	%
16-19	1.529	743	384	1.552	4.208	44,70
20-24	344	166	187	549	1.246	13,23
25-34	437	173	191	705	1.506	16,00
35-44	449	115	227	763	1.554	16,50
45-54	263	36	71	346	716	7,60
55-64	85	10	14	48	157	1,66
+ 65	18	2	1	5	26	0,27
TOTAL	3.125	1.245	1.075	3.968	9.413	100

Os datos por idades permítennos ver como, nestes momentos, unha parte moi importante (44,70%) dos alumnos matriculados en educación de adultos na área académica son persoas "xoves" que fundamentalmente proveñen de situacións de "fracaso escolar" e acoden a estes centros para obte-la titulación básica que non obtiveron no seu momento na escolaridade normal. A pesar desta situación resulta importante o número de alumnos que se atopan nas franxas intermedias de idade (53,33%), sendo moi minoritaria a porcentaxe a partir dos 55 anos (1,93%).

5.5. O Profesorado de Educación de Adultos.

Os datos globais sobre o profesorado de educación de adultos poden verse na táboa II.50.

TÁBOA II.50
PROFESORADO DE EDUCACIÓN DE ADULTOS

	1983-84	1987-88	1992-93
A. Distribución provincial			
A CORUÑA	118	99	124
LUGO	24	31	42
OURENSE	10	21	40
PONTEVEDRA	43	80	84
GALICIA	195	231	290
B. Distribución segundo titularidade dos centros			
Públicos	138	—	173
Privados	57	—	117
TOTAL	195	—	290

Unha primeira referencia a ter en conta é o incremento importante de profesorado adscrito ás actividades de educación de adultos que se cifra en 95 no conxunto dos anos considerados, a partir do curso 1983/84.

Respecto da súa condición, o profesorado dos centros públicos é maioritariamente funcionario docente no curso 1992/93, En concreto, son 167 os profesores funcionarios e soamente 6 non o son.

Finalmente, a situación administrativa do profesorado nos centros públicos é a seguinte: 86 son definitivos; 30 atópanse en situación provisional e 51 en comisión de servicios. Danse tamén situacións específicas de exercicio a tempo completo (4) ou parcial (3). Os profesores dos centros privados son contratados: a tempo completo 25; a tempo parcial 74 e noutro tipo de contratación 15.

5.6. A distribución territorial de unidades e alumnos.

Atendendo á distribución territorial do número de alumnos e unidades de educación especial, segundo a tipoloxía grupal A (50.000 hbtes.), B (de 20.000 a 50.000 hbtes.) e C (hbtes.), xa empregada anteriormente, podemos observar algunas características diferenciadoras. Antes disto, en todo caso, debemos anotar que na diversa documentación oficial para o curso 1992/93 non hai coincidencia de datos á hora de sinala-lo total de alumnos. Mentre a clasificación por idades ofrece un resultado de 9.143

alumnos en centros públicos e privados, o censo por centros e por distritos presenta un total de 11.109 alumnos. Non se contabilizan aquí o grupo de alumnos noutras actividades de formación que sumarían os 15.023 alumnos do conxunto total. Para os cálculos presentes teremos en conta a segunda cantidade, 11.109, por axustarse máis ó total e por ser producto do censo de centros e unidades.

Como se pode cotexar na táboa II.51, nos municipios do grupo A a oferta académica, cun 69,7% do alumnado de educación de adultos, alcanza o maior peso.

Resulta tamén importante a inscrición de alumnos en centros públicos, 6.864, fronte a unha matrícula moi baixa en centros privados, 889. Basicamente esta iniciativa privada sitúase en Vigo e A Coruña, e non existe en Lugo.

Os municipios do grupo B teñen unha baixa porcentaxe de actividades de formación en educación de adultos (10,62%). A presencia da iniciativa privada é moi escasa (Carballo e Lalín). Nalgúns casos existen alumnos sen unidades estatisticamente consideradas (Marín, Cangas), e noutros existen unidades pero, neste curso, non se rexistra matrícula de alumnos.

A dispersión da poboación rural incide no maior número de unidades, neste caso, con respecto ó grupo anterior.

TÁBOA II.50

DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DE UNIDADES E ALUMNOS DE EDUCACIÓN DE ADULTOS SEGUNDO TITULARIDADE DE CENTROS. CURSO 1992/93

	PÚBLICOS		PRIVADOS		TOTAL	
	Unidades	Alumnos	Unidades	Alumnos	Unidades	Alumnos
GRUPO A:						
VIGO	29	2.361	22	189	51	2.550
A CORUÑA	17	2.242	42	294	59	2.636
OURENSE	5	653	3	80	8	733
SANTIAGO	9	282	6	96	15	378
FERROL	4	228	9	108	13	336
LUGO	15	676	—	—	15	676
PONTEVEDRA	6	412	3	22	9	434
TOTAL	85	6.854	85	889	170	7.743
GRUPO B						
VILAGARCÍA	4	285	—	—	4	285
NARÓN	2	194	3	—	5	104
CARBALLO	—	57	3	49	3	106
REDONDELA	2	60	—	—	2	60
A ESTRADA	2	64	—	—	2	64
RIBEIRA	3	161	—	—	3	161
MARÍN	0	110	—	—	—	110
CANGAS	0	182	—	—	—	182
LALÍN	—	—	3	32	3	32
MONFORTE	5	76	—	—	5	76
TOTAL	18	1.099	9	81	27	1.180
GRUPO C						
LOCALIDADES <20.000 hbtes.	61	2.212	23	144	84	2.456
TOTAL GALICIA	1.641	9.995	117	1.114	281	11.109

O Consello Escolar de Galicia reitera aquí as conclusións do Congreso Internacional de Adultos, celebrado en Santiago do 15 ó 17 de abril de 1993, con vistas a que a Administración Educativa tome as iniciativas convenientes para a mellora e transformación da Educación de Adultos en Galicia:

- 1.— A Educación de Adultos en Galicia, como no conxunto do Estado, vén determinada por diversos momentos históricos, tanto de carácter propositivo, (libro branco), coma de carácter normativo (LOXSE, Leis Autonómicas de Educación de Adultos: Andalucía, Cataluña e Galicia).
- 2.— Dentro do carácter normativo, a Lei de Educación de Adultos perfila un marco legal importante que é necesario desenvolver dun xeito adecuado.

Entre as súas prioridades sinala:

- a. A formación instrumental e básica, así como a formación compensatoria para o acceso a tódolos niveis de ensinanza regulada e outras modalidades de futuro.
- b. A formación para o mundo laboral a través da aprendizaxe inicial, a reconversión e o perfeccionamento.
- c. Formación para o ocio e a cultura.

O desenvolvemento destes obxectivos na súa totalidade e integridade debe supor un grande esforzo de planificación e medios, se temos en conta que máis dun 30% da poboación ten unha formación básica insuficiente e que nos encontramos nunha situación económica na que persiste unha situación importante de paro estructural.

- 3.— A política de educación de adultos, sen embargo, non pode únicamente pecharse nas accións de educación formal. A política educativa de educación de adultos ten que ter unha conexión coa política social e de benestar por canto moitas situacions carenciais das persoas adultas proveñen fundamentalmente de situacions socioculturais e socioeconómicas que é necesario transformar con proxectos de desenvolvemento comunitario, accións territoriais -locais específicas, que se aglutinen en base a necesidades e problemas dos diversos sectores da poboación.
- 4.— É necesario atender de maneira urxente as seguintes necesidades para os Centros de E.P.A.:
 - recursos necesarios para o desempeño do seu labor.
 - desenvolvemento dos currícula adecuados ás súas necesidades.
 - formación do profesorado, tanto inicial coma continuada, en tempos e espacios adaptados ás súas necesidades.
 - coordinación das modalidades (presencial, semipresencial e a distancia) e das actuacions (institucións, ámbitos, etc.).
 - fomento de programas formativos nos sectores laborais e socioculturais.
 - ampliación da rede de centros.
- 5.— Os centros de E.P.A. teñen problemas sobre os que é necesaria unha reflexión e actuación urxente:
 - alto índice de fracaso e abandono dos alumnos do propio centro, así como dos problemas xerados polos alumnos enviados ó centro en situación de "fracaso escolar", baixo rendemento, problemas de sociabilidade, etc.

- A infradotación (humana, didáctica, material e económica) ... na que están os propios centros de adultos.
- ratio profesor/alumno.

6.— Dentro do contexto máis específico de materiais para a educación de adultos é necesario:

- que a Administración apoie con medios suficientes a elaboración de material didáctico que poida ser utilizado por tódolos alumnos a distancia.

7.— Na acción educativa con persoas adultas é conveniente atende-los diversos sectores formal, non formal (e informal), dun xeito integrado. As experiencias concretas desenvolvidas neste Congreso mostran un interese concreto por ocuparse de todos estes factores, por iso, nestes días espuxéreronse experiencias diversas sobre a ensinanza regulada, a distancia, integración de diminuídos físicos e psíquicos, integración de cegos, prevención da drogadicción, o discurso alternativo de educación plasmado no Proxecto Pelouro, entre outras.

Esto implica que nos foros de debate sobre a educación das persoas adultas se reserven espacios para o tratamiento e discusión de temas relativos a programas de ensinanzas non formais. Polo tanto, considérase necesario que na formación continuada de profesores de E.P.A., se inclúan recursos e actividades relativas a talleres de ensinanzas non formais, a actividades de carácter sociocultural etc.

Promove-la formación ocupacional a través das escolas taller pode ser unha experiencia importante xa que forma ó individuo, tanto nos aspectos técnicos coma nos sociais e humanísticos, orientando e preparando de forma concreta para o mercado de traballo.

8.— Parece urxente no sector da educación de adultos amplia-la orientación educativa prevista para básica e secundaria nos centros de E.P.A., ben a través dos Equipos Psicopedagóxicos de Apoyo, ou a través dos Equipos de Secundaria do ámbito territorial correspondente.

9.— Parece necesaria por parte da Administración Educativa a creación dunha instancia administrativa específica, que cun equipo suficiente de persoas se ocupe de forma continuada das necesidades do sector de educación de adultos, recollendo as súas demandas.

10.— O desenvolvemento da educación de adultos en Galicia non só depende das actuacións más especificamente administrativas. Tamén é necesario acometer tarefas urxentes por parte dos profesionais e das diversas institucións. Neste sentido é importante:

- Promove-lo asociacionismo dos profesionais da educación de adultos para intercambio de experiencias que cristalice nunha asociación de profesores e educadores de adultos que poida integrarse noutras asociacións de ámbito estatal (Federación Española de Educación de Adultos) ou europea (Asociación Europea de Educación de Adultos).
- Establecer contactos e convenios múltiples entre institucións e coa propia administración:
 - Universidade, para proxectos de formación (cursos de posgrao, masters, ...) e investigación na educación de adultos.
 - Concellos, para accións locais de carácter sociocultural e desenvolvemento comunitario.

- Organizacións empresariais e sindicatos, para actividades relacionadas coa formación ocupacional, etc.

O Consello Escolar de Galicia, por último, insta á Administración a que dea plena efectividade ós obxectivos para os que se configurou o consello de educación de adultos, no que respecta ó desenvolvemento eficaz do Título III da LOXSE, de xeito que se abran canles de participación estables cos axentes sociais (organizacións e entidades) que están a traballar desde hai anos no impulso de iniciativas cara á educación global de persoas adultas.

O Consello Escolar de Galicia insta á Consellería de Educación á organización dunha rede de centros de ensino regulado para persoas adultas, que impartan os diferentes tramos do sistema educativo, rendibilizando a utilización dos centros de ensino existentes, promovendo fórmulas organizativas flexibles á medida de cada persoa ou colectivo, integrando as redes privada e pública así como as iniciativas doutras institucións.

En definitiva, o Consello Escolar de Galicia considera que a implementación da LOXSE debe ser un proceso continuo e dinámico, que permita a súa adecuación á situación social e económica actual, así como á evolución das necesidades formativas das persoas adultas. Para lograr isto, é necesario establecer un diálogo constante entre as autoridades competentes, os agentes sociais e os propios beneficiarios, garantizando a participação activa de todos os sectores da sociedad en todo momento do proceso.

Ademais, é fundamental promover a formación continuada e a aprendizaxe ao longo da vida, como estratéxia para a superación das desigualdades socioeconómicas e a integración social das persoas adultas. Isto implica a creación de mecanismos de colaboración entre os diferentes niveis de administración, así como a promoción de iniciativas locais e sectoriais que respondan a necesidades específicas de cada grupo social.

Finalmente, é importante resaltar a importancia da investigación e a innovación en materia de formación de persoas adultas, para contribuir á mellora da calidad e eficiencia do sistema educativo. A través da investigación, podremos identificar novas estratéxias e metodoloxías que permitan adaptar a formación ao contexto social actual, así como a identificación de necesidades formativas específicas de determinados grupos de persoas.

En conclusión, a implementación da LOXSE debe ser un proceso integral e participativo, que permita a súa adecuación á situación social e económica actual, así como á evolución das necesidades formativas das persoas adultas. Un proceso que promova a formación continuada e a aprendizaxe ao longo da vida, así como a investigación e a innovación en materia de formación de persoas adultas.

II.6. OS ENSINOS MEDIOS. BACHARELATO E COU

6.1. Introducción.

O nivel de estudos de Bacharelato Unificado Polivalente e COU, implantado na súa totalidade no curso 1977/78, segundo o Plano de Estudios aprobado no curso 1974/75, constitúiu desde entón a vía ordinaria de promoción cara ós estudios universitarios. A pesar do seu carácter de estudos non obligatorios experimentou durante os anos 80 un incremento progresivo de alumnado, profesorado e centros escolares.

O *Mapa Escolar de Galicia*, elaborado no curso 1987/88 mostraba a radiografía deste nivel educativo no que estaba escolarizado o 50,2% da poboación galega entre os 14 e os 17 anos de idade. A tendencia expansiva destes estudos continuou nos anos sucesivos como teremos ocasión de ver.

Paralelamente ó crecemento dos estudos de Bacharelato e COU, no curso 1983/84 puxéronse en marcha unha serie de experiencias deseñadas conforme ós presupostos da Reforma dos Ensinos Medios (REM), e no curso 1991/92 iniciouse a anticipación do Ensino Secundario Obrigatorio (ESO). A entrada en vigor da LOXSE en outubro de 1990 supón, finalmente, a transformación da estructura deste nivel educativo establecendo o Ensino Secundario Obrigatorio entre os 12 e os 16 anos e o Secundario Postobrigatorio entre os 16 e os 18 anos. Segundo as últimas previsións, no ano 2.000 implantaranse definitivamente tódolos niveis do Ensino Secundario.

No presente apartado analizaranse os distintos indicadores relativos á estructura do nivel educativo de Bacharelato e COU no curso 1992/93, facendo referencias á súa evolución en relación á situación que rexistraba o Mapa Escolar de Galicia no Curso 1987/88, e mesmo á que se producía no inicio do período autonómico.

6.2. Centros, Unidades e Postos escolares.

6.2.1. Os centros.

Durante o Curso 1992/93 os estudos de Bacharelato e COU en Galicia estiveron distribuídos nun total de 232 centros, dos cales 146 eran públicos (62,9%) e 86 privados (37,1%). Dos centros públicos 41 funcionaron como institutos de ensinanza secundaria e profesional nos que se impartiu simultaneamente Bacharelato, COU e Formación Profesional.

Entre o curso 1987/88 e o 1992/93 o número de centros incrementouse en 39 no conxunto de Galicia, o que supón un crecemento global do 20,2% neste período dos cinco cursos. Este crecemento foi moi superior no segmento de centros públicos que se incrementaron en 31, mentres que os privados incrementáronse en 8. As provincias da Coruña e Pontevedra foron as que experimentaron un maior crecemento do número de centros mentres que en Lugo e Ourense este indicador mantívose estancado no período dos cinco cursos sinalados.

O predominio do número dos centros públicos sobre os privados incrementouse respecto do curso 1987/88 desde o 59,5% ata o 62,9% do total, mentres que no curso 1983/84 -o posterior á transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia das competencias educativas- a proporción era favorable ós centros privados que sumaban o 51,7% do total. Esta tendencia foi común ó conxunto do sistema educativo español, e resulta explicable por un lado polo esforzo creador de centros por parte das Administracións Educativas e por outro, pola non existencia de concertos nos Ensinos Medios. Se do ámbito da Comunidade Autónoma descendemos ó nível provincial, podemos comprobar que a relación centros públicos-centros privados é favorable nas catro provincias para os primeiros, estimándose preto da media de Galicia nas provincias de Pontevedra e Ourense, un pouco por debaixo da media na Coruña,

mentres que en Lugo -a provincia con maior porcentaxe de poboación rural- o desequilibrio en favor dos centros públicos é enorme (o 88,0% son públicos fronte ó 12,0% privados).

Estes datos pódense comprobar con máis detalle na táboa II.52.


TÁBOA II.52

CENTROS DE BUP E COU

Provincia		1983/84	1987/88	1992/93	
				N.º	%
A CORUÑA	Públicos	30	49	58	56,8
	Privados	46	41	44	43,2
	Total	76	90	102	100
LUGO	Públicos	16	18	22	88,0
	Privados	7	3	3	12,0
	Total	23	21	25	100
OURENSE	Públicos	15	17	19	63,3
	Privados	11	12	11	36,7
	Total	26	29	30	100
PONTEVEDRA	Públicos	22	31	47	62,6
	Privados	23	22	28	37,4
	Total	45	53	75	100
GALICIA	Públicos	83	115	146	62,9
	Privados	87	78	86	37,1
	Total	170	193	232	100

GRÁFICA II.12

EVOLUCIÓN DOS CENTROS PÚBLICOS E PRIVADOS DE GALICIA



6.2.2. As unidades escolares.

O indicador unidades de funcionamento, ou grupos de alumnos, segue moi de cerca ó de centros se ben, debido ó maior tamaño en xeral dos centros públicos, o desequilibrio entre unidades escolares públicas e privadas é aínda maior (79,6 % públicas fronte a 20,4% privadas para o conxunto de Galicia), sendo Lugo novamente a provincia onde o desequilibrio é máis pronunciado (93,5% fronte a 6,5%).

O número total de unidades de funcionamento foi de 3.216. Cómpre sinalar que das 2.597 unidades de funcionamento nos centros públicos de Galicia, 358 pertencen a IESPs e nelas os alumnos cursan estudos de BUP, COU e FP.

Comparativamente coa situación existente no curso 1987/88 o número total de unidades incrementouse en 602, o que supón unha taxa de crecemento do 23% para o período dos cinco cursos sinalados.

TÁBOA II.53
UNIDADES ESCOLARES DE BUP E COU

	1987/88	1992/93	
		N. ^º	%
A CORUÑA	Públicos	822	1.047
	Privados	386	336
	Total	1.028	1.400
LUGO	Públicos	260	320
	Privados	23	22
	Total	283	342
OURENSE	Públicos	218	283
	Privados	85	84
	Total	303	367
PONTEVEDRA	Públicos	660	930
	Privados	160	222
	Total	820	1.152
GALICIA	Públicos	1.960	2.597
	Privados	654	664
	Total	2.614	3.216

6.2.3. Postos escolares.

O número total de postos escolares existentes en Galicia no nivel de Bacharelato e COU durante o curso 1992/93 foi de 126.371 dos que 97.251 corresponden a centros públicos (76,9%) e 29.120 a centros privados (23,1%).

Entre o curso 1987/88 e o 1992/93 creáronse un total de 24.331 novos postos escolares, o que supón un crecemento do 23,8% no período dos cinco cursos. Este crecemento foi moito máis importante nos centros públicos ca nos privados; nos primeiros o incremento produciuse a un ritmo medio anual de 4.308 postos/ano o que nos sitúa nunha taxa de crecemento anual do 4,2%, mentres que nos segundos o crecemento foi de 558 postos/ano o que supón un índice de crecemento tan só do 0,5%, rexistrándose mesmo un saldo negativo de postos escolares nos centros privados das provincias de Lugo e Ourense.

TÁBOA II.54
POSTOS ESCOLARES DE BUP E COU

	1983/84	1987/88	1992/93	
			N.º	%
A CORUÑA	Públicos	22.057	33.240	41.412 74,4
	Privados	13.571	13.310	14.200 25,6
	Total	35.629	46.550	55.612 100
LUGO	Públicos	11.520	10.390	12.555 91,7
	Privados	1.420	1.120	1.120 8,3
	Total	12.940	11.510	13.675 100
OURENSE	Públicos	7.421	8.800	10.047 72,6
	Privados	3.579	4.320	3.920 27,4
	Total	11.000	13.120	14.327 100
PONTEVEDRA	Públicos	16.640	23.280	32.877 76,9
	Privados	7.987	7.580	9.880 23,1
	Total	24.627	30.860	42.757 100
GALICIA	Públicos	57.638	75.710	97.251 76,9
	Privados	26.557	26.330	29.120 23,1
	Total	84.195	102.040	126.371 100

6.3. O alumnado.

6.3.1. Alumnos matriculados.


O total de alumnos matriculados en Galicia no nivel de Bacharelato e COU durante o curso 1992/93 foi de 113.415, dos cales 91.004 cursaron estudos en centros públicos (80,2%) e 22.411 en centros privados (19,8%).

Entre o curso 1987/88 e o 1992/93 o número de alumnos matriculados en Galicia incrementouse en 23.821, o que supón un crecemento global do 26,6% nos cinco cursos. Este crecemento, sen embargo, está desigualmente repartido entre ensino público e privado; mentres no público o alumnado creceu a un ritmo medio de 4.282 alumnos/ano, o que supón unha taxa de crecemento anual do 6,1%, nos centros privados creceu a un ritmo medio de 481 alumnos/ano, o que nos dá unha taxa de crecemento medio anual do 2,4%, e mesmo nos centros privados da provincia de Ourense o crecemento foi case nulo e na de Lugo rexistrouse un saldo negativo respecto do curso 87-88, como pode verse na táboa II.55.

TÁBOA II.55
ALUMNOS MATRICULADOS EN BUP E COU

	1983/84	1987/88	1992/93	
			N. ^a	%
A CORUÑA	Públicos	21.340	29.729	37.807 76,8
	Privados	10.119	10.591	11.417 23,2
	Total	31.495	40.320	49.224 100
LUGO	Públicos	8.825	8.904	10.885 93,5
	Privados	955	774	757 6,5
	Total	9.780	9.678	11.642 100
OURENSE	Públicos	6.657	7.505	9.273 75,2
	Privados	2.932	2.997	3.060 24,8
	Total	9.589	10.502	12.333 100
PONTEVEDRA	Públicos	16.779	23.452	33.039 82,2
	Privados	5.599	5.542	7.177 17,8
	Total	22.368	29.094	40.216 100
GALICIA	Públicos	53.591	69.590	91.004 80,2
	Privados	19.605	20.004	22.411 19,8
	Total	73.196	89.594	113.415 100

GRÁFICA II.13
DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DE POSTOS ESCOLARES DE BUP E COU. CURSO 1992/93



6.3.2. Distribución do alumnado por niveis.

Unha análise da distribución dos alumnos por niveis de estudos de Bacharelato e COU permítanos descubrir algúns aspectos ata agora ocultos nos valores absolutos. Así podemos observar que, aínda que se rexistra un crecemento en termos absolutos en tódolos niveis do Bacharelato e no COU entre os cursos 1987/88 e 1992/93, este crecemento é máis acelerado nos niveis máis altos e diminúa nos niveis máis baixos, especialmente en 1º de BUP; isto supón unha inversión da tendencia respecto do que acontecera entre o curso 1983/84 e 1987/88. En efecto, se o alumnado de Bacharelato e COU experimentou un crecemento medio do 26,6% no conxunto de Galicia nos últimos cinco cursos, este crecemento foi do 36,1% en COU, do 30% en 3º de BUP, do 15,4% en 2º de BUP e do 4,0% en 1º de BUP para o conxunto de Galicia. Cómpre destacar neste sentido que por primeira vez atopamos para o conxunto de Galicia un saldo negativo de alumnos de 1º de BUP nos centros privados.

Esta tendencia deu como resultado que no curso 1992/93 a composición porcentual do alumnado estea distribuída arredor do 25% para cada un dos catro cursos do Bacharelato e COU, sendo a desviación máxima entre o 27,1% para 1º de BUP e o 22,4% para o COU, mentres que no curso 1987/88 esta desviación estaba comprendida entre o 31% para 1º de BUP e o 19,5% para o COU.


Este comportamento pode te-la súa explicación na orientación do alumnando de 14-15 anos cara ós estudos de FP e cara a ESO nos últimos anos, pero en última instancia estamos comezando a rexistra-la chegada ós niveis máis baixos do Bacharelato das primeiras xeracións reducidas que xa se veñen rexistrando desde hai varios anos nos estudos de EXB.

TÁBOA II.56

**EVOLUCIÓN DA DISTRIBUCIÓN DE ALUMNOS DE BUP E COU SEGUNDO NIVEIS E
TITULARIDADE DE CENTROS**

	1983/84	1987/88	1992/93	
			N. ^º	%
PÚBLICOS	1º BUP	16.158	21.443	22.988
	2º BUP	13.926	18.813	22.453
	3º BUP	11.701	15.175	20.050
	COU	11.806	14.159	19.459
PRIVADOS	1º BUP	6.264	6.350	5.938
	2º BUP	5.741	5.697	5.841
	3º BUP	4.767	4.619	5.577
	COU	2.833	3.338	4.367
TOTAL	1º BUP	22.422	27.793	28.926
	2º BUP	19.667	24.510	28.294
	3º BUP	16.468	19.794	25.627
	COU	14.693	17.497	23.826

GRÁFICA II.14
EVOLUCIÓN DA DISTRIBUCIÓN DE ALUMNOS POR NIVEIS



6.4. O Profesorado.

O número total de profesores que impartiron docencia no nivel de Bacharelato e COU no conxunto de Galicia durante o curso 1992/93 foi de 8.533, dos cales 6.896 pertencen ó ensino público (80,2%) e 1.637 ó privado (19,8%).

Entre o curso 1987/88 e o 1992/93 o número total de profesores de Bacharelato e COU incrementouse no conxunto de Galicia en 2.442, o que supón un crecemento do 40% nestes cinco cursos. Este crecemento presenta diferencias entre o sector público e o privado como nos restantes indicadores; mentres o profesorado dos centros públicos creceu neste período de tempo a un ritmo medio anual de 424 profesores/ano, o que supón unha taxa de crecemento anual do 8,9%, o dos centros privados creceu a un ritmo de 64 profesores/ano o que representa unha taxa de crecemento anual do 4,9%. Destacamos neste aspecto que no sector privado da provincia de Ourense rexístrase un saldo negativo de profesores entre os cinco cursos sinalados.

TÁBOA II.57
PROFESORADO DE BUP E COU

	1983/84	1987/88	1992/93	
			N.º	%
A CORUÑA	Públicos	1.339	2.086	2.927 77,5
	Privados	803	723	850 22,5
	Total	2.142	2.809	3.777 100
LUGO	Públicos	556	624	831 91,8
	Privados	76	53	74 8,2
	Total	632	677	905 100
OURENSE	Públicos	475	562	765 80,8
	Privados	183	187	182 19,2
	Total	658	749	947 100
PONTEVEDRA	Públicos	1.052	1.503	2.373 81,7
	Privados	379	353	531 18,3
	Total	1.431	1.856	2.904 100
GALICIA	Públicos	3.422	4.775	6.896 80,2
	Privados	1.441	1.316	1.637 19,8
	Total	4.863	6.091	8.533 100

6.5. A evolución dos indicadores.

Analizamos, de seguido, as ratios resultantes de crua-los indicadores tratados anteriormente. Se cruzámo-lo indicador postos escolares co de alumnos matriculados, resulta un excedente de postos escolares para o conxunto de Galicia respecto dos alumnos matriculados de 12.956 postos, o que se traduce na relación:

$$\text{alumnos} \times 100 / \text{postos escolares} = 89,7$$

Estes datos globais sen embargo disfrazan unha realidade desigual entre os centros das cidades e vilas medianas fronte ós das pequenas vilas; mentres nas cidades e vilas medianas os centros están case sempre por encima da súa capacidade, o que ocasiona problemas de escolarización cada comezo de curso, nas vilas pequenas os alumnos matriculados non cobren a capacidade dos centros.

A ratio alumnos/unidade de funcionamento, que se utiliza frecuentemente como un indicador da calidade da ensinanza, situouse para o conxunto de Galicia durante o curso 1992/93 en 35 alumnos/unidade, sendo pouco significativa a variación entre centros públicos (35) e privados (33,7). Este indicador mantívose nos valores do curso 1987/88 con incrementos non significativos. Pódese dicir, xa que logo, que a ratio alumnos/unidade atópase estabilizada nos valores que a LOXSE prevé como situación deseable para o Ensino Secundario.

TÁBOA II.58
RATIO ALUMNOS/UNIDADE NO CONXUNTO DE GALICIA

	1987/88	1992/93
PUBLICOS	34,9	35,0
PRIVADOS	32,8	33,7
TOTAL	34,2	34,7

A ratio alumnos/profesor no conxunto de Galicia foi de 13,6 alumnos por cada profesor durante o curso 1992/93, sendo insignificante a desviación cara a arriba ou abajo dos centros públicos e privados. Esta ratio mellorou -diminuíu o número de alumnos por profesor- algo máis de 1 punto nos centros privados e pouco menos de 1 punto nos centros públicos respecto ó curso 1987/88.

TÁBOA II.59
RATIO ALUMNOS/PROFESOR NO CONXUNTO DE GALICIA

	1983/84	1987/88	1992/93
PUBLICOS	15,6	14,5	13,7
PRIVADOS	13,6	15,2	13,6
TOTAL	15,0	14,6	13,65

6.6. A distribución territorial.

A continuación presentámo-la distribución dos indicadores por distritos escolares no curso 1992/93, empregando as tres categorías xa coñecidas dos grupos A, B e C.

Os sete distritos escolares con máis de 50.000 habitantes que agrupamos no grupo A concéntran un total de 113 centros de BUP e COU, o que supón o 48,7% dos centros escolares de Galicia, se ben o máis significativo é que o número absoluto dos centros privados (59) supera o dos públicos (54), e mentres os públicos significan o 36,9% dos existentes en Galicia, no caso dos privados concéntranse aquí o 68,6 % do total. Polo que se refire ó alumnado, nestes distritos concéntrase o 83,1% dos alumnos privados de Galicia, mentres esta porcentaxe é do 50% dos alumnos de centros públicos. É ostensible que algo máis dos 2/3 do ensino privado de Galicia se concentra nas sete cidades maiores, aínda así nelas o número de alumnos matriculados e de postos escolares do sector público son superiores ós do privado, como se pode contemplar nas táboas II.60 a 62 e na gráfica 15.

Un segundo aspecto a subliñar é que nas cidades da Coruña, Ourense, Santiago e Vigo o número de alumnos matriculados nos centros públicos foi superior ó de postos escolares, ocasionando problemas de escolarización; polo contrario, tódolos centros privados están ocupados moi por debaixo da súa capacidade. A relación alumnos x 100 / postos escolares é de 124,2 no conxunto dos centros públicos mentres nos privados é de 83,2.

TÁBOA II.60
GRUPO A: DISTRITOS >50.000 HBTES.

Distrito		Centros	Alumnos	Postos	Alumnosx100 /Postos escol.
A CORUÑA	Públicos	11	10.196	10.080	101,1
	Privados	16	5.990	6.400	93,6
	Total	27	16.186	16.480	98,2
FERROL	Públicos	5	4.277	4.560	93,7
	Privados	6	1.263	1.600	78,9
	Total	11	5.540	6.160	89,9
LUGO	Públicos	5	4.601	4.640	99,1
	Privados	3	857	1.120	76,5
	Total	8	5.458	5.760	94,7
OURENSE	Públicos	7	5.760	5.640	102,1
	Privados	9	2.623	3.320	79,0
	Total	16	8.383	8.960	93,5
PONTEVEDRA	Públicos	6	5.019	5.360	93,6
	Privados	3	697	760	91,7
	Total	9	5.716	6.120	93,4
SANTIAGO	Públicos	7	6.382	6.040	105,6
	Privados	7	2.373	2.720	87,2
	Total	14	8.755	8.760	99,9
VIGO	Públicos	13	12.054	11.560	104,3
	Privados	15	4.842	6.480	74,7
	Total	28	16.896	17.940	94,2

Os distritos escolares do grupo B, entre 20.000 e 50.000 habitantes, concentran un total de 18 centros de BUP e COU, dos cales 14 son públicos e 4 privados.

Cómpre subliñar que na práctica totalidade dos centros públicos deste grupo existe un importante déficit de postos escolares, chegando a situacions tan extremas como a do concello de Marín onde houbo 219 alumnos matriculados por cada 100 postos escolares no curso 1992/93. Este desequilibrio pódese deber a que os módulos standard dos centros non se adaptan ó tamaño das medianas vilas, o que fai que se retrase máis do debido a creación de novos centros nestas localidades, coa conseguinte saturación dos existentes. A relación alumnos x 100 / postos escolares é de 117,3 no conxunto dos centros públicos mentres nos privados é de 84,3.

TÁBOA II.61

GRUPO B: DISTRITOS ENTRE 20.000 E 50.000 HBTES.


Distrito		Centros	Alumnos	Postos	Alumnosx100 /Postos escol.
CANGAS	Públicos	2	1.258	840	149,7
	Privados	1	71	160	44,4
	Total	3	1.329	1.000	132,9
CARBALLO	Públicos	1	1.240	960	129,2
	Privados	0	0	0	—
	Total	1	1.240	960	—
A ESTRADA	Públicos	1	896	640	140
	Privados	0	0	0	—
	Total	1	896	640	—
LALÍN	Públicos	1	768	680	112,9
	Privados	0	0	0	—
	Total	1	768	680	—
MARÍN	Públicos	1	877	400	219,2
	Privados	1	344	640	53,7
	Total	2	1.221	1.040	117,4
MONFORTE	Públicos	1	883	1.280	69
	Privados	0	0	0	—
	Total	1	883	1.280	—
NARÓN	Públicos	2	1.529	1.280	119,4
	Privados	1	140	160	87,5
	Total	3	1.669	1.440	115,9
RIBEIRA	Públicos	1	883	720	122,6
	Privados	1	104	280	37,1
	Total	2	987	1.000	98,7
REDONDELA	Públicos	2	1.467	1.480	99,1
	Privados	0	0	0	—
	Total	2	1.467	1.480	—
VILAGARCÍA	Públicos	2	1.555	1.400	111
	Privados	0	0	0	—
	Total	2	1.555	1.400	—

Os distritos do grupo C, con poboación inferior a 20.000 habitantes concentran un total de 94 centros (o 40,5% do total dos existentes en Galicia), dos cales 73 son públicos e 21 privados. Neste grupo os centros públicos teñen unha situación de equilibrio en conxunto entre alumnos matriculados e postos escolares, cun lixeiro superávit destes últimos, mentres nos centros privados existe, como nos grupos anteriores, un superávit notorio de postos escolares. A relación alumnos x 100 / postos escolares é de 83,4 nos centros públicos mentres nos privados é de 68,8.

TÁBOA II.62
GRUPO A: DISTRITOS < 20.000 HBTES.

	Centros	Alumnos	Postos	Alumnosx100 /Postos escol.
Públicos	73	36.475	43.700	83,4
Privados	21	3.442	5.000	68,8
Total	94	39.917	48.700	81,9

GRÁFICA II.15
DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DO ALUMNADO DE BUP E COU
SEGUNDO TITULARIDADE DE CENTROS (%)



O Consello Escolar constata con preocupación a existencia en varias cidades galegas de grandes dificultades para atender a demanda de postos escolares nos centros de Bacharelato, e insta en consecuencia á Administración para que se arbitren as medidas conducentes a corrixi-la situación, lográndose ó mesmo tempo unhas ratios que fagan posible un ensino de calidad.

O Consello entende tamén que deberá estenderse e potenciarse nestes centros a figura do Auxiliar de Conversación para idiomas estranxeiros, se se quiere propiciar un verdadeiro cambio neste sector do ensino.

O Consello Escolar solicita da Consellería de Educación, no que lle compete, que se actúe convenientemente de xeito que se articule un procedemento eficaz para o acceso dos alumnos de Bacharelato ás ensinanzas superiores, tanto con relación ás mesmas probas, coma ós procesos de admisión e matriculación, de forma que non se repitan as deplorables actuacións destes últimos anos.

O Consello Escolar manifesta a súa preocupación pola non convocatoria de oposiciones nin concurso de traslados ás prazas de psicoloxía e pedagoxía, co que a situación cara a implantación da LOXSE nos centros de Bacharelato e F.P. actuais, futuros de Secundaria, é moito más desfavorable ca no resto do Estado.

6.7. O Ensino Medio a distancia: o INGABAD.

O Instituto Galego de Bacharelato a Distancia conta coa súa sede central en Lugo e con catro extensións situadas na Coruña, Ferrol, Ourense e Vigo, ademais doutros sete centros colaboradores noutras tantas localidades galegas. Durante o curso 1992/93 seguiron estudos por esta modalidade a distancia 5.648 alumnos atendidos por 248 profesores, a maior parte dos cales teñen docencia ordinaria en centros de Bacharelato e completan o seu horario docente coa atención ós alumnos do Ingabad.

TÁBOA II.63
ESTUDIOS DE BACHARELATO A DISTANCIA. CURSO 1992/93

		Centros	Profesores	Alumnos
SEDE CENTRAL	Lugo	1	27	566
EXTENSIÓN	A Coruña	1	23	1.247
	Ferrol	1	15	561
	Ourense	1	15	460
	Vigo	1	19	1.135
	Total	4	72	3.403
CENTROS COLABORADORES	Burela	1	32	143
	Monforte	1	18	77
	O Barco	1	20	47
	Pontevedra	1	30	421
	Santiago	1	29	596
	Verín	1	21	54
	Vilagarcía	1	35	341
	Total	7	185	1.679
TOTAL GALICIA		12	284	5.648

A necesaria integración e incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación no ensino deberá facerse despois de detecta-las necesidades e realizar unha análise dos destinatarios e dos medios, con vistas a selecciona-los máis adecuados a contidos e obxectivos.

Este recurso formativo deberá integrarse na rede de centros específicos de adultos, así como na rede normal de centros, que sexan necesarios, optimizando a utilización duns e doutros con respecto a espacios e recursos.

Estas medidas non deberán de xeito ningún ir en detrimento do desenvolvemento dunha rede de centros de educación de adultos.

6.8. A experimentación da Reforma. Curso 1992-93.

No curso 83-84 iniciáronse experiencias en centros de Bacharelato de Galicia que seguían os presupostos da Reforma dos Ensinos Medios (REM). Estas experiencias amplíáronse en cursos sucesivos a un total de 8 centros que no curso 1992/93 continuaron con estas experiencias en situación a extinguir.

No curso 1991/92 comenzou en Galicia, de forma experimental, a anticipación do Ensino Secundario Obrigatorio (ESO) no seu Segundo Ciclo, é dicir, con alumnos de 14-15 anos. No curso 1992/93 impartiuse o segundo ciclo de ESO nun total de 38 centros en toda Galicia, 33 públicos e 5 privados. O número total de alumnos escolarizados no segundo ciclo de ESO foron 3.629, dos cales 2.949 cursaron esta modalidade en centros públicos e 680 en centros privados, sendo a provincia da Coruña a que conta con maior número de centros nesta situación e a que ten escolarizados un maior número de alumnos nesta modalidade de estudos.

TÁBOA II.64

CENTROS E ALUMNOS DE REM E ESO. CURSO 1992/93

	R.E.M.		E.S.O.	
	Centros	Alumnos	Centros	Alumnos
A CORUÑA	Públicos	5	350	11
	Privados	1	17	4
	Total	6	367	15
LUGO	Públicos	1	17	8
	Privados	0	0	1
	Total	1	17	9
OURENSE	Públicos	1	122	3
	Privados	0	0	0
	Total	1	122	3
PONTEVEDRA	Públicos	1	15	11
	Privados	0	0	0
	Total	1	15	11
GALICIA	Públicos	8	504	33
	Privados	1	17	5
	Total	9	521	38
				2.949
				680
				3.629

II.7. OS ENSINOS MEDIOS: A FORMACIÓN PROFESIONAL

7.1. Introducción.

A ordenación do sistema educativo deseñada pola LXE trouxo consigo un novo tratamento da formación profesional regulada, á que nos referimos; distinto tamén do concedido á formación profesional ocupacional.

A nova formación profesional regulada, estructurada en dous ciclos ou graos, ordénase como unha modalidade, que non nivel, de ensinos regulares, obedecendo, en todo caso, a criterios académicos similares ós de calquera outro nivel académico, salvada a especificidade que lle é propia.

Desde o punto de vista normativo, a súa plena configuración realizaase por medio das seguintes disposicións:

- Decreto 995/1974, de 14 de marzo, sobre ordenamento da FP, anulado e substituído polo Decreto 707/1976, de 5 de marzo (BOE do 12 de abril) sobre ordenación da formación profesional.
- Orde Ministerial de 13 de xullo de 1974, pola que se dispón o horario lectivo, cuestionarios e orientacións pedagóxicas do plano de estudos da FP de primeiro grao (FP1).
- Orde de 13 de setembro de 1975, sobre similar materia referida neste caso á FP de segundo grao (FP2).
- Orde de 24 de setembro de 1975, pola que se aproban as ensinanzas complementarias para o acceso do primeiro ó segundo grado de FP.

Atendendo a este conxunto normativo poden extraerse en síntese os obxectivos pretendidos por esta modalidade formativa, que de seguido sinalamos:

- a) Continua-la formación íntegra adquirida nos niveis precedentes.
- b) Capacitar para o exercicio dunha profesión, mediante unha estreita relación co mundo do traballo.
- c) Facilita-la continuidade dos estudos.

Dentro deste marco, a FP1 pretendería a orientación das capacidades e aptitudes persoais, mediante unha serie de opcións suficientemente amplas como para non delimitar prematuramente o campo profesional, e favorecer, polo contrario, unha formación polivalente.

Ó seu efecto, as súas ensinanzas foron estructuradas en dous cursos arredor de tres áreas: a formativa común, a de ciencias aplicadas, e a de coñecementos técnicos e prácticos, ó servicio de máis de setenta profesións posibles agrupadas por ramas.

A FP1, con carácter de ensinanza obligatoria e gratuita, constitúese tamén como un ciclo preparatorio da FP2.

É tamén posible o acceso á FP2 a través dun curso de acceso ou curso de ensinanzas complementarias, para aqueles alumnos que precisen un complemento formativo, de cara a poder empeza-lo ciclo de FP2 a través do seu réxime xeral, na vez do réxime de ensinos especializados, con duración de tres cursos.

A Formación Profesional de Segundo grao, pola súa parte, concíbese desde o ángulo da especialización e da profesionalización, xa que logo con certo carácter terminal.

O diagnóstico valorativo crítico dos estudos regulados de FP, singularmente con respecto ó seu primeiro grao, así como á constatación dos notables índices de fracaso escolar, teñen posto de relevante, como sabemos, importantes carencias e limitacións de diversa índole, que aconsellaron a introdución de medidas de reforma, de racionalización e de cualificación parcial de tales estudos, ata que finalmente, recibiron un novo tratamento legal e globalizador mediante a LOXSE.

Como consecuencia, pasará a falarse agora da Formación Profesional de Grao Medio e da Formación Profesional Superior. Conxuntamente, incorpóranse novos conceptos e realidades organizativas como son a formación mediante prácticas en alternancia, os módulos profesionais, así como os perfís profesionais. Neste contexto de modificaciós, cómpre salientar que a partir do curso 1989/90, mediante decreto da Xunta de Galicia nº 137/1988, de 26 de maio (DOG do 8 de xullo) iniciouse en Galicia a posta en marcha dos Institutos de Educación Secundaria e Profesional (IESP), como novo modelo de centros onde se integran ensinanzas de FP e de Bacharelato, e mesmo de ESO, con profesores comúns, nos casos pertinentes.

Ó amparo do Real Decreto 942/1986, de 9 de maio (BOE do 14 de maio) iniciase tamén en Galicia no curso 1990/91 a experimentación de diversos módulos profesionais; experimentación que se ampliou no presente.

É do caso sinalar que asemade durante o curso 1992/93 iniciouse de forma significativa a implantación anticipada da Educación Secundaria Obligatoria (ESO), facéndose notar que a maior parte dos centros que participan nesta acción son institutos de FP nos que se suprimiron cursos de 1º de FP1 da rama de Electricidade-Electrónica, fundamentalmente.

Este proceso aberto de modificaciós introduce un certo grao de complexidade e incluso de incerteza na análise dos datos dispoñibles, xa que os alumnos de distintas ensinanzas están mesturados en diversos tipos de centros e son atendidos por profesores comúns. Co fin de minimizar ó máximo o posible erro inducido por ditos factores, no estudio que se fai a continuación utilizanse os datos (número de centros, de alumnos, de profesores, etc.) referidos exclusivamente, salvo que expresamente se indique o contrario, ós centros que oficialmente se recoñecen como de Formación Profesional. Así pois, na maioria das táboas exclúense deliberadamente os datos que fan referencia ós IESP. Isto supón que se poidan atopar, nas cifras absolutas, discrepancias con respecto a datos ofrecidos no Apdo.II.6., en tanto que elaborados desde ángulos parcialmente distintos. Non obstante procurarase utilizar os datos totais cando non induzan a confusión ou erro.

7.2. Centros e Postos Escolares.

Ó efecto do cómputo dos centros de FP, partindo das anotacións previas realizadas, tómanse en consideración na rede pública aqueles centros denominados como tales, en tanto que, con respecto á rede privada, considéranse só os centros de FP homologados; deste modo os datos resultantes son os que se ofrecen na táboa II.65.

TÁBOA II.65

CENTROS DE FORMACIÓN PROFESIONAL SEGUNDO A SÚA TITULARIDADE

Ámbito/Curso		83-84		87-88		92-93	
		N. ^º	%	N. ^º	%	N. ^º	%
A CORUÑA	Públicos	26	38,8	36	57,14	28	45,90
	Privados	41	61,2	27	42,86	33	54,10
	Total	67	100	63	100	61	100
LUGO	Públicos	14	63,64	18	94,74	14	100
	Privados	8	36,36	1	5,26	0	0
	Total	22	100	19	100	14	100
OURENSE	Públicos	15	62,50	16	69,57	13	61,90
	Privados	9	37,50	7	30,43	8	38,10
	Total	24	100	23	100	21	100
PONTEVEDRA	Públicos	24	51,06	27	62,79	22	56,41
	Privados	23	48,94	16	37,21	17	43,59
	Total	47	100	43	100	39	100
GALICIA	Públicos	79	49,37	97	68,79	77	57,04
	Privados	81	50,63	44	31,21	58	42,96
	Total	160	100	141	100	135	100

No que se refire ós centros públicos obsérvase unha dobre tendencia, tanto nos datos totais coma nos de cada unha das provincias. Por un lado, un incremento no seu número ata o curso 1987/88, seguido dun descenso ata o curso 1992/93. Este comportamento non é doadoo de explicar á vista da tendencia de incremento constante que se observa no número de alumnos (táboa II.70) se non se tivera en conta que é meramente nominal, xa que a partir do curso 1989/90 empezouse a utilizar o nome de IESP para a maioría dos novos centros creados e incluso para antiguos centros de FP transformados. Na táboa II.66 recóllese, pois, o número de IESP, por provincia, que impartían, durante o curso 1992/93, ensinanzas de formación profesional. Refundindo ámbalas dúas referencias pódese constatar que a tendencia neta é un incremento real sostido do número de centros públicos que imparten formación profesional regulada.

TÁBOA II.66

INSTITUTOS DE ENSINO SECUNDARIO E PROFESIONAL (I.E.S.P.) QUE IMPARTEN
ENSINANZAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL. CURSO 1992/93

A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
13	6	2	9	30

A evolución do número dos centros privados é polo contrario, decrecente. Hai un descenso moi acusado ata o curso 1987/88, producíndose unha pequena recuperación posterior. Os datos anteriores deben ser completados coa suma das Escolas de Capacitación Agraria. Estas, que tiñan desaparecido dentro do período que vai de 1983 a 1987, empezaron a reaparecer paulativamente, baixo as dependencias da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, de tal modo que durante o curso de 1992/93 había seis en funcionamento, como pode observarse na táboa II.67.

TÁBOA II.67

ESCOLAS DE CAPACITACIÓN AGRARIA. CURSO 92-93

A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
2	2	1	1	6

Volvendo sobre os datos da táboa II.65, hai que sinalar que áinda que a importancia relativa do número de centros privados é considerable en relación co número de centros públicos, sobre todo no curso 1983/84, non se corresponde paralelamente co número de alumnos escolarizados por cada sector, cousa que está en relación co tamaño dos centros. Así, no curso 1983/84 un centro público tiña por termo medio 2,5 veces máis alumnos ca un centro privado (370 fronte a 150 alumnos).

A maioría dos centros privados concentrábanse, no curso 1992/93, nas dúas cidades más importantes de Galicia: Vigo e A Coruña (táboa II.68), co 26% e o 33% respectivamente sobre o total de Galicia debéndose subliña-la ausencia total de centros de ensinanza privada na provincia de Lugo.

TÁBOA II.68

DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DOS CENTROS PRIVADOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

	Concertados	Non Concertados	Total	%
A CORUÑA	13	6	19	33
VIGO	13	2	15	26
RESTO GALICIA	17	7	24	41
%	74	26	100	

O número de centros privados concertados (acollidos ó réxime de concerto ó abeiro do disposto no Decreto 61/1987 de 17 de marzo, DOG do 30 de marzo) durante o curso 1992/93 supuña o 74% do total dos centros privados homologados de Galicia. É dicir 3 de cada 4 centros privados homologados eran sostidos con fondos públicos, con atención preferente, claro é, ós estudios de FP1.

Do conxunto de datos estatísticos anteriores pódese deducir que a rede de centros públicos da provincia de Lugo é a única que atende as demandas existentes de prazas de formación profesional, mentres que no resto de Galicia é necesario recorrer ós centros privados para poder atendelas; situación esta que é preocupante no caso das dúas maiores cidades de Galicia.

Pola súa parte, os datos que describen a evolución e a situación actual no número de postos escolares dos centros de formación profesional resultan coherentes coa evolución do número de centros, como pode verse na táboa II.69, de tal modo que os datos do curso 1992/93 rexistran unha baixa global, en boa medida explicable pola presencia dos IESP, dificultando un cómputo axustado de datos e mesmo a comparabilidade entre os intervalos, a pesar de que se rexistra, como veremos, un constante e importante incremento no número do alumnado. A complexidade implícita neste tipo de ensinanzas aconsella diferenciar tres tipos de postos escolares: nas aulas, nos talleres e nos laboratorios, como se expón na táboa II.69, con respecto ós cursos 1987/88 e 1992/93.

TÁBOA II.69

POSTOS ESCOLARES NOS CENTROS DE FORMACIÓN PROFESIONAL E A SÚA DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL

Ámbito/Curso		83-84	87-88			92-93		
		Total	Aulas	Talleres	Laborat.	Aulas	Talleres	Laborat.
A CORUÑA	Públicos	—	16.210	3.773	1.616	13.995	3.992	1.222
	Privados	—	7.240	1.317	1.198	7.410	1.305	1.009
	Total	30.361	23.450	5.090	2.814	21.405	5.297	2.231
LUGO	Públicos	—	5.360	1.534	792	5.965	1.525	514
	Privados	—	160	0	0	0	0	0
	Total	7.115	5.520	1.534	792	5.965	1.525	514
OURENSE	Públicos	—	5.760	985	187	4.925	1.531	590
	Privados	—	1.600	300	154	1.307	442	457
	Total	9.992	7.360	1.285	341	6.232	1.937	1.047
PONTEVEDRA	Públicos	—	13.420	2.959	1.210	11.777	3.522	1.221
	Privados	—	6.500	1.803	775	6.749	874	715
	Total	22.830	19.920	4.762	1.985	18.526	4.396	1.936
GALICIA	Públicos	—	40.750	9.251	3.805	36.662	10.570	2.447
	Privados	—	15.500	3.420	2.127	15.566	2.621	2.181
	Total	69.698	56.250	12.671	5.932	52.228	13.191	4.268

7.3. O Alumnado.

Os datos relativos ó número de alumnos que seguen estudos de formación profesional regulada nos centros de FP recóllese na táboa II.70 e na gráfica II.16. Aínda que non se inclúen os alumnos que fan formación profesional nos IESP, pódese observar un claro e constante aumento do alumnado no sector público, acrecentado na actualidade. Así, mentres no primeiro período considerado (ata o curso 1987/88) a taxa media de crecemento para toda Galicia era de 1306 alumnos/ano, no período seguinte praticamente duplícase (2.105 alumnos/ano). Como salvidade, esta tendencia xeral non é seguida pola provincia de Ourense, xa que no último quinquenio estudiado a súa taxa de crecemento anual é prácticamente nula (10 alumnos/ano).


TÁBOA II.70

ALUMNOS EN CENTROS DE FORMACIÓN PROFESIONAL E A SÚA DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL EN GALICIA.

Ámbito/Curso		83-84		87-88		92-93	
		N. ^º	%	N. ^º	%	N. ^º	%
A CORUÑA	Públicos	13.387	72,66	14.493	76,13	18.774	81,08
	Privados	5.037	27,34	4.545	23,87	4.381	18,92
	Total	18.424	100	19.038	100	23.155	100
LUGO	Públicos	3.652	79,34	4.923	99,25	8.159	100
	Privados	951	20,66	37	0,75	0	0
	Total	4.603	100	4.960	100	8.159	100
OURENSE	Públicos	3.310	70,98	4.039	78,20	4.090	79,54
	Privados	1.353	29,02	1.126	21,80	1.052	20,46
	Total	4.663	100	5.165	100	5.142	100
PONTEVEDRA	Públicos	9.151	65,15	11.270	71,65	14.231	71,28
	Privados	4.896	34,85	4.459	28,35	5.734	28,72
	Total	14.047	100	15.729	100	19.965	100
GALICIA	Públicos	29.500	70,68	34.725	77,35	45.254	80,21
	Privados	12.237	29,32	10.167	22,65	11.167	19,79
	Total	41.737	100	44.892	100	56.241	100

GRÁFICA II.16

EVOLUCIÓN DO ALUMNADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL SEGUNDO TITULARIDADE DE CENTROS



Se temos en conta os alumnos de formación profesional escolarizados nos IESP (táboa II.71) veremos que a taxa de aumento real dos alumnos do sector público no último quinquenio sería de 3.527 alumnos/ano, o que supón na práctica un incremento sostido en torno ó 8% anual. Non obstante hai que sinalar que esta tendencia de crecemento alcista viuse amortecida no curso 1992/93 ó suprimirsealgúns centros a oferta de 1º FP1 da rama Electricidade-Electrónica en beneficio da implantación anticipada da ESO (30 dos 40 centros que anticiparon a implantación da ESO eran centros públicos nos que se impartía FP), podendo continuar nos vindeiros cursos, en tanto non se encontren en pleno vigor os ciclos formativos de grao medio e superior da nova Formación Profesional.

TÁBOA II.71

ALUMNOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL ESCOLARIZADOS NOS I.E.S.P. NO CURSO 92/93.

A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
3.128	451	502	3.075	7.156

Pola contra, este comportamento global no sector público non se rexistra no privado. No sector privado hai unha perda de alumnos notable no primeiro período temporal considerado, de 500 alumnos/ano, cunha lixeira recuperación a partir do curso 1987/88, cifrada nos 200 alumnos/ano.

Isto pode indicar que, se ben no primeiro período houbo un trasvase de alumnado do sector privado ó público, a partir do curso 1987/88, a demanda de formación profesional foi o suficientemente forte, como para que non puidera ser atendida plenamente pola oferta existente desde o sector público.

7.3.1. Distribución do alumnado segundo ramas profesionais.

Un conxunto de datos de singular interese é o referido ó reparto do alumnado segundo as ramas profesionais e situacións de formación para o que se construíu a táboa II.72.

TÁBOA II.72
DISTRIBUCIÓN DE ALUMNOS POR RAMAS.

<u>Ramas</u>	Curso 1987/88		Curso 1992/93	
	Alumnos	%	Alumnos	%
Metal	1.888	4,19	2.124	3,41
Electricidade- Elca.	9.197	20,44	10.583	17,02
Automoción	3.704	8,23	4.150	7,25
Delineación	1.824	4,05	2.861	4,60
Administr. e Comercial	16.364	36,37	26.571	42,75
Química	346	0,76	647	1,04
Sanitaria	3.789	8,42	6.289	10,11
S.Peiteado e Estética	1.870	4,15	2.948	4,74
Madeira	389	0,86	682	1,09
Moda e Confección	236	0,52	185	0,29
Agraria	497	1,10	634	1,02
Marítima Pesq.	601	1,33	698	1,12
Artes Gráficas	219	0,48	231	0,37
Fogar	707	1,57	766	1,23
Construcción	56	0,12	167	0,26
Hostel. e Turismo	476	1,05	1.359	2,18
Imaxe e Son	44	0,09	103	0,16
Curso de Acceso	613	1,36	792	1,27
Sen especificar	1.889	4,19		
TOTAIS	44.892	100	62.150	100

Segundo ela, a análise da evolución dos alumnos matriculados nas distintas ramas nos últimos 5 anos mostra o aumento considerable da rama "Administrativa e Comercial", na que estaban matriculados 26.571 alumnos no curso 1992/93, o que supón preto do 43% do total de matriculados en tódalas ramas. Tamén é de destaca-lo aumento da rama sanitaria, e mesmo o da rama de Hostelería e Turismo, pois praticamente triplicou o seu alumnado. A segunda rama más solicitada polos alumnos, Electricidade-electrónica, experimentou un incremento moderado que lle fai perder peso no conxunto. Parte desta perda hainha que atribuír ó desvío, xa citado, de alumnos desta rama cara ó 3º curso da ESO. As demais ramas aumentan todas en números absolutos (menos a de Moda e Confección) aínda que a maioria perde peso relativo. É de nota-lo escaso incremento da rama agraria, un dos sectores de actividade máis importante en Galicia, e cunha grande escaseza de titulados, de cara ás esixencias que impón a CE.

7.4. O Profesorado.

O colectivo de profesores de FP está formado por profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional. A súa cifra total (excluídos os profesores dos IESP) alcanza un total de 4.516 profesores, como pode verse na táboa II.73.

TÁBOA II.73
PROFESORES NOS CENTROS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

Ámbito/Curso	83-84		87-88		92-93	
	N. ^º	%	N. ^º	%	N. ^º	%
A CORUÑA	Públicos	84	66,14	1.211	82,16	1.436
	Privados	430	33,86	263	17,84	444
	Total	1.270	100	1.474	100	1.880
LUGO	Públicos	294	75,58	453	99,12	619
	Privados	95	24,42	4	0,88	0
	Total	389	100	457	100	619
OURENSE	Públicos	315	75,54	370	84,09	474
	Privados	102	24,46	70	15,91	74
	Total	417	100	440	100	548
PONTEVEDRA	Públicos	687	71,34	1.031	83,15	1.202
	Privados	276	28,66	209	16,85	267
	Total	963	100	1.240	100	1.469
GALICIA	Públicos	2.136	70,29	3.065	84,88	3.731
	Privados	903	29,71	546	15,12	785
	Total	3.039	100	3.611	100	4.516
						100

Cabe destacar que a taxa anual de incremento do profesorado público non segue a mesma tendencia que a do incremento do alumnado, xa que, mentres no primeiro período considerado se rexistra un aumento por termo medio de 232 profesores/ano, a partir do curso 1987/88 só aumentan en 133 profesores/ano. Esta circunstancia, como é lóxico, reflectírase cando se analice a ratio profesor/ alumno. É de destaca-lo caso da provincia de Ourense que segue un tendencia contraria á xeral: ata o curso 1987/88 o número de profesores aumenta en medio na cifra de 14 profesores/ano, mentres que no período seguinte aumenta por riba dos 20 profesores/ano, cousa de non dodata explicación lóxica se temos en conta que neste último período, segundo os datos dispoñibles, a penas ten variado o número de alumnos.

7.5. Distribucion territorial dos alumnos e das ramas da FP.

Coa intención de poder valora-lo reparto territorial dos alumnos e das ramas de FP considérase tanto a relación alumnos/grupos poboacionais, segundo criterios xa empregados anteriormente, coma tamén a presencia territorializada das distintas ramas profesionais con alcance provincial, neste caso.

Deste modo e para o caso dos alumnos, a táboa II.74 permite observar que o número de alumnos que estudian en centros de FP nas grandes cidades é moi superior, con relación a outros considerandos territoriais, non só en termos absolutos (que sería obvio), senón tamén en termos relativos. Así, mentres no caso dos municipios do grupo A (50.000 Habit.) cursan estudos en centros de FP 39 alumnos por 1.000 habitantes, nos municipios de menos de 20.000 habitantes fano soamente 9 por cada 1.000. O medio dos municipios do grupo B, aqueles situados entre os 20.000 e os 50.000 habitantes, rexistra un cifra de 22 alumnos por cada 1.000 habitantes, aproximándose significativamente á media de toda Galicia (21 alumnos por 1.000 habitantes).

TÁBOA II.74

DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DOS ALUMNOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL.

Grupos poboación	N.º Alum. Públ.	N.º Alum. Priv.	Total	N.º Hbtes.	Alum./Hbtes.
Grupo A					
VIGO*	5.107	5.463	10.570	279.986	0.038
A CORUÑA*	4.888	4.030	8.918	256.579	0.035
OURENSE*	2.276	980	3.256	109.283	0.03
SANTIAGO	4.701	383	5.084	91.419	0.056
FERROL	3.439	277	3.716	86.279	0.043
LUGO	3.479	0	3.479	81.493	0.043
PONTEVEDRA	3.010	0	3.010	70.356	0.043
TOTAL	26.900	11.133	38.033	975.395	0.039
Grupo B					
VILAGARCÍA*	456	0	456	33.653	0.014
NARÓN**	—	0	0	31.353	0
CARBALLO*	531	116	647	28.127	0.023
REDONDELA	582	499	1.081	28.028	0.039
A ESTRADA	457	0	457	26.548	0.017
RIBEIRA	967	0	967	26.258	0.037
MARÍN	765	0	765	24.611	0.031
CANGAS**		0		22.939	0
LALÍN	488	0	488	20.760	0.024
MONFORTE	999	0	999	20.415	0.049
TOTAL	5.245	615	5.860	262.692	0.022
Grupo C					
RESTO COMÚN	13.109	479	13.588	1.547.307	0.009
GALICIA	45.254	12.227	57.481	2.785.394	0.021


Cómpre ter presente que os valores que se refiren ós municipios sinalados cun (*) (Vigo, A Coruña, Ourense, Vilagarcía e Carballo) son máis baixos cós reais, xa que non se teñen en conta os alumnos dos IESP.

Os municipios de Narón e Cangas, sinalados con (**), só teñen alumnos de FP en IESP, polo que non aparecen recollidos.

É do caso destaca-las elevadas ratios que rexistran municipios como Santiago (56 por mil; máis de 2,5 veces a media da Comunidade) e Monforte (49 por mil). Unha posible explicación atópase en que reciben moito alumnado dos municipios límitrofes, así como que son dúas das localidades nas que a FP ten notable tradición (xunto coa Coruña, Lugo, Pontevedra, Vigo e Viveiro).

O medio do número de alumnos por mil habitantes que cursan estudos en centros de FP nos municipios de máis de 50.000 habitantes duplica praticamente á media de Galicia (39 fronte a 21), o que podería deberse a unha maior valoración social da FP ou a un maior interese social por este tipo de ensinanzas. Pola contra, o baixo índice rexistrado en concellos "rurais" pode ser motivado por causas diversas: avelantamento da poboación, pouco "aprecio" polas ensinanzas profesionais, máis posibilidades de encontrar pequenas ocupacións (axuda na casa, etc.).

GRÁFICA II.17
DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DO ALUMNADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL



Na táboa II.75 recóllese a distribución por provincias das ramas de FP impartidas en Galicia. Para a súa elaboración tivéronse en conta as ramas (non módulos) ofertadas por tódolos centros públicos (incluídos os IESP) e por tódolos centros privados homologados.

TÁBOA II.75
DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DAS RAMAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL IMPARTIDAS EN GALICIA

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	N.º Centros	%	N.º Centros	%	N.º Centros	%	N.º Centros	%	N.º Centros	%
FP1										
Agraria	4	5,47	2	10	1	4,16	2	4,16	9	5,45
Marítimo Pesq.	4	5,47	0	—	0	—	4	8,33	8	4,84
Metal	7	9,58	7	35	3	12,5	6	12,5	23	13,93
Electricidade	22	30,13	10	50	11	45,8	23	47,91	66	40,00
Téxtil	1	1,36	0	—	0	—	0	—	1	0,60
Química	2	2,73	0	—	0	—	2	4,16	4	2,42
Madeira	6	8,21	0	—	0	—	2	4,16	8	4,84
Fogar	3	4,10	0	—	1	4,16	3	6,25	7	4,24
Admva. e Comerc.	42	57,53	14	70	16	66,66	32	66,66	104	63,03
Construcción e Obr.	1	1,36	0	—	0	—	1	2,08	2	1,21
Hostelería e Turis.	2	2,73	1	5	1	4,16	1	2,08	5	3,03
Moda e confección	2	2,73	0	—	1	4,16	3	6,25	6	3,63
Sanitaria	6	8,21	4	20	4	16,66	7	14,58	21	12,72
Artes Gráficas	2	2,73	0	—	0	—	2	4,16	4	2,42
Delineación	6	8,21	3	15	2	8,33	6	12,5	17	10,30
Automoción	13	17,80	7	35	7	29,16	10	20,83	37	22,42
S. Peiteado e Estét.	3	4,10	3	15	3	12,5	4	8,33	13	7,87

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	N.º Centros	%	N.º Centros	%	N.º Centros	%	N.º Centros	%	N.º Centros	%
FP2										
Sanitaria	9	12,32	4	20	2	8,33	4	8,33	19	11,51
Agraria	3	4,10	1	5	2	8,33	2	4,16	8	4,84
Marítimo Pesq.	4	5,47	0	—	0	—	2	4,16	6	3,63
Metal	7	9,58	5	25	3	12,5	6	12,5	21	12,72
Electricidade e Ele.	14	19,17	8	40	9	37,5	19	39,58	50	30,30
Química	2	2,73	0	—	0	—	2	4,16	4	2,42
Construcción e Obr.	1	1,36	0	—	0	—	0	—	1	0,60
Admva. e Comerc.	32	43,83	13	65	12	50,00	25	52,08	82	49,69
Artes Gráficas	2	2,73	0	—	0	—	0	—	2	1,21
Delineación	4	5,47	1	5	1	4,16	4	8,33	10	6,06
Automoción	11	15,06	6	30	6	25,00	8	16,66	31	18,78
S. Peiteado e Estét.	3	4,10	2	10	2	8,33	2	4,16	9	5,45
Madeira	4	5,47	0	—	0	—	2	4,16	6	3,63
Imaxe e Son	0	—	0	—	1	4,16	0	—	1	0,60
Moda e confección	1	1,36	0	—	0	—	0	—	1	0,60
Fogar	1	1,36	0	—	0	—	3	6,25	4	2,42
Hostelería e Turis.	2	2,73	1	5	1	4,16	3	6,25	7	4,24
TOTAL CENTROS	73		20		24		48		165	

A rama con maior presencia en tódalas provincias (incluso en porcentaxes moi similares) é a Administrativa e Comercial. O 1º Grao da citada rama impártese en algo máis do 63% dos centros e o 2º Grao nun 50%, o que quere dicir que case 2 de cada 3 centros de Galicia ofertan a FP1 da rama Administrativa e Comercial e 1 de cada 2 a FP2. A seguinte rama más ofertada polos centros é a de Electricidade-electrónica cun 40% e 30% respectivamente. Segue Automoción cun 22% e un 19% respectivamente; de seguido Metal, Sanitaria e Delineación con porcentaxes arredor do 10% tanto para FP1 coma para FP2. É de destacar que, exceptuando as ramas Administrativa e Comercial e Delineación, as porcentaxes por provincias das ramas consideradas presentan grandes diferencias. Por exemplo contrasta a elevada oferta de Metal en Lugo (35% dos centros), provincia con pouca industria, fronte a de Pontevedra (12,5%) ou a da Coruña (9,58%). O mesmo poderíase dicir respecto das dúas provincias citadas en relación coa rama de Automoción.

O número de ramas ofertadas nas distintas provincias garda relación co maior ou menor peso que teña o seu sector industrial respectivo fronte ó sector agrario. Así na Coruña impártense 17 ramas e en Pontevedra 16, mentres que en Ourense e Lugo só 10 e 9 respectivamente.

7.6. A experimentacion dos Módulos Profesionais.

Desde o inicio da experimentación dos módulos profesionais no curso 90/91 o número de centros implicados foi aumentando ata alcanza-las cifras que se detallan no táboa II.76. O número total de módulos autorizados para o curso de 1992/93 foi de 37 (había centros que impartían máis dun módulo) dos que 20 eran de nivel 2 e 17 de nivel 3, segundo se expón no Capítulo III.

Na táboa II.77 recóllense os datos que permiten compara-lo nivel de experimentación alcanzado en Galicia con respecto ó territorio MEC. Da súa análise pódese deducir que proporcionalmente, o número de módulos de nivel II (e de alumnos que os cursan) é superior ó do territorio MEC, anque non ocorre o mesmo coa experimentación dos módulos III. Agora ben, se se ten en conta que a experimentación dos módulos se concentrrou fundamentalmente en Madrid (29 módulos II con 589 alumnos e 111 módulos III con 3.056 alumnos), resultaría que a experimentación de módulos profesionais en Galicia corresponde coa levada polo MEC no seu ámbito de competencia.

TÁBOA II.76

CENTROS DE GALICIA QUE IMPARTEN MÓDULOS PROFESIONAIS E ALUMNADO
MATRICULADO. CURSO 1992/93

Ámbito	Centros	N.º Módulos		Alumnos	
		Nivel II	Nivel III	Nivel II	Nivel III
A CORUÑA	Públicos	14	11	68	174
	Privados	1	—	140	30
	Total	15	11	208	204
LUGO	Públicos	5	5	69	27
	Privados	0	0	0	0
	Total	5	5	69	27
OURENSE	Públicos	2	1	42	0
	Privados	0	0	0	0
	Total	2	1	42	0
PONTEVEDRA	Públicos	5	2	45	109
	Privados	1	1	0	0
	Total	6	3	45	109
GALICIA	Públicos	26	19	224	310
	Privados	2	1	140	60
	Total	28	20	364	370

TÁBOA II.77

NÚMERO DE GRUPOS E ALUMNOS QUE EXPERIMENTARON OS MÓDULOS
PROFESIONAIS NO CURSO 92/93

	Módulos Nivel II		Módulos Nivel III		Total	
	Grupos	Alumnos	Grupos	Alumnos	Grupos	Alumnos
GALICIA	20	364	17	370	37	734
MEC	128	2.654	205	5.261	333	7.915

7.7. A evolución dos indicadores.

A ratio alumno/posto escolar permite intuí-lo grao de utilización (e saturación no seu caso) dos centros de FP. Dadas as peculiaridades deste tipo de ensinanzas, na táboa II.78 recóllese dúas ratios. Unha delas fai referencia á relación alumno/posto escolar en aulas. A outra presenta a relación alumno/posto escolar corrixido. Enténdese por postos escolares corrixidos o resultado de sumar ós postos escolares nas aulas, o 30% dos postos escolares de talleres. Faise deste xeito xa que os alumnos de FP ocupan arredor dun 30 % do seu horario lectivo semanal nos postos de talleres.

TÁBOA II.78

RATIOS ALUMNOS/ POSTOS ESCOLARES (*SEN DATOS).

Ámbito/Curso		Alumno/Posto Aula			Alumnos/Posto Corrixido		
		83-84	87-88	92-93	83-84	87-88	92-93
A CORUÑA	Públicos	*	0,89	1,34	—	0,84	1,24
	Privados	*	0,63	0,59	—	0,60	0,56
	Total	0,61	0,81	1,08	0,61	0,76	1,01
LUGO	Públicos	*	0,92	1,37	—	0,85	1,27
	Privados	*	0,23	0	—	0,23	0
	Total	0,65	0,9	1,37	0,64	0,83	1,27
OURENSE	Públicos	*	0,7	0,83	—	0,67	0,76
	Privados	*	0,7	0,86	—	0,67	0,77
	Total	0,47	0,7	0,84	0,46	0,67	0,76
PONTEVEDRA	Públicos	*	0,84	1,21	—	0,79	1,11
	Privados	*	0,69	1,02	—	0,73	0,98
	Total	0,62	0,79	1,15	0,61	0,74	1,07
GALICIA	Públicos	*	0,85	1,23	—	0,8	1,14
	Privados	*	0,66	0,78	—	0,62	0,74
	Total	0,59	0,8	1,11	0,60	0,75	1,03

Como pode verse na táboa II.78 calquera dos dous índices que se manexen tenden a aumentar globalmente ó longo da evolución temporal que temos seleccionado. Segundo iso, cómpre afirmar que o grao de ocupación dos centros de FP duplicouse praticamente no período considerado. A provincia que mostra un grao de ocupación menor en centros públicos é a de Ourense (0,76 fronte o 1,14 de media na Comunidade no curso 1992/93.)

As ratios superiores á unidade xustificanse polos alumnos que cursan estas ensinanzas no réxime de ensinanzas nocturnas.

Se temos en conta a complexidade da distribución horaria na FP, pódese concluír que o grao de utilización de centros públicos é en xeral moi alto, agás na provincia de Ourense.

Debemos falar tamén da ratio alumnos/profesor. Na táboa II.79 pódese observar que pese ó considerable aumento do alumnado no período considerado, en xeral este parámetro é inferior no curso 1992/93 ó do curso 1983/84 agás, na provincia de Lugo.

TÁBOA II.79
RATIOS ALUMNOS/PROFESOR.

Ámbito/Curso		83-84	87-88	92-93
A CORUÑA	Públicos	15,94	11,97	13,07
	Privados	11,71	17,28	9,87
	Total	14,51	12,92	12,32
LUGO	Públicos	12,42	10,87	13,18
	Privados	10,01	9,25	0
	Total	11,83	10,85	13,18
OURENSE	Públicos	10,51	10,92	8,63
	Privados	13,26	16,09	14,22
	Total	11,28	11,74	9,38
PONTEVEDRA	Públicos	13,32	10,93	11,843
	Privados	17,74	21,33	21,48
	Total	14,59	12,68	13,59
GALICIA	Públicos	13,81	11,33	12,13
	Privados	13,55	18,62	14,23
	Total	13,73	12,43	12,49

Cabe destacar comparativamente a baixa ratio alumnos/profesor que presenta o sector público da provincia de Ourense (case 4 puntos por baixo da media de Galicia, para o curso 1992/93). Pola contra, cómpre destaca-la alta ratio (case excesiva) dos centros privados da provincia de Pontevedra (21,48 alumnos/profesor, 10 puntos por riba da media de Galicia, neste último curso considerado).

Pódese comprobar que as ratios más elevadas corresponden ás ramas de maior oferta, destacando Sanitaria sobre todo en 1º Grao con 38 alumnos/grupo nos centros públicos e 44 alumnos/ grupo nos privados (sendo 40 alumnos/grupo o máximo admitido), o que indica a gran demanda destas ramas, provocando a súa saturación a pesar do incremento da oferta, segundo se pode deducir da táboa II.72 (distribución de alumnos por ramas). Se se ten en conta que se traballa con medias estatísticas, cabe supoñer que un certo número de solicitudes para cursar estudios nesas ramas (sobre todo en Sanitaria) non poderán ser atendidas.

TÁBOA II.80

RATIOS ALUMNOS/GRUPO POR RAMAS NO CURSO 92-93 NOS CENTROS DE FORMACIÓN PROFESIONAL (INCLUÍDOS I.E.S.P.).

	PRIVADOS		PÚBLICOS	
	FP1	FP2	FP1	FP2
Ramas				
Metal	62	17	23	11
Electricidade-Elca	33	26	29	20
Automoción	29	9	27	18
Delineación	26	10	30	26
Administr. e Comercial	35	30	31	29
Química	0	0	21	22
Sanitaria	44	30	38	28
S. Peiteado e Estética	14	19	23	17
Madeira	29	7	32	19
Moda e Confección	21	0	15	15
Agraria	25	16	16	10
Marítima Pesq.	37	0	21	23
Artes Gráficas	22	14	30	20
Fogar	36	29	29	24
Construcción	0	0	31	15
Hoste. e Turismo	40	21	22	20
Imaxe e Son	—	34	—	—
Curso de Acceso	—	22	—	33
TOTAIS	23	26	29	23

En xeral as ratios de tódalas ramas son maiores no 1º Grao ca no 2º Grao. Estas últimas están lonxe de alacanza-los 40 alumnos/grupo e áinda mesmo dos 30 alumnos/grupo.

7.8 As Prácticas en Alternancia.

Desde o ano 1986/87 púxose en marcha en Galicia o programa de Prácticas en Alternancia, sufragado en parte con fondos da CEE. Dito programa facilita que os alumnos do último curso de FP2 poidan facer prácticas nas empresas por un período de tempo que vai desde as 10 xornadas mínimo ás 80 xornadas máximo. Regúlase por unha Orde de convocatoria anual de axudas e dúas circulares (tamén anuais) da Dirección Xeral de FP; unha para centros públicos e outra para privados. Na táboa II.81 pódese ve-la evolución do número de alumnos e empresas implicados nos cursos de referencia. A tendencia é a dun incremento importante destes parámetros pois praticamente se duplican no período considerado. Dúas poden ser as causas deste incremento: o interese crecente por parte dos alumnos en participar no programa e o incremento dos alumnos que terminan cada ano a FP.

TÁBOA II.81

EVOLUCIÓN DE PARTICIPACIÓN DE ALUMNOS EN EMPRESAS NO PROGRAMA DE PRÁCTICAS EN ALTERNANCIA.

	87-88	92-93
Número de Alumnos	2.932	4.948
Número de Empresas	1.128	2.038

O Consello Escolar de Galicia constata con moita preocupación que aínda está por realiza-lo decidido esforzo por parte da Administración Pública por dignifica-la Formación Profesional, promovendo o interese de pais, alumnos e, en xeral, da nosa sociedade cara a esta modalidade do ensino. Está tamén por ter aínda plena realidade unha eficaz orientación escolar e profesional, non só para a elección destes estudos, senón tamén cara á modalidade que competa escoller, desde o punto de vista das características dos suxeitos, así como das necesidades e demandas do medio laboral.

Neste sentido, o Consello Escolar de Galicia considera urxente que se faga un auténtico inventario prospectivo de necesidades do mundo laboral, zona por zona, de forma que permita unha adecuada programación de especialidades que haberá que impartir e sirva de criterio de orientación ós alumnos.

Por último instase ás Administración Educativas a que se proceda ó necesario desenvolvemento do artigo 23.2 da LOXSE e á implantación de programas de garantía social que proporcionen saída digna cara ó mundo laboral ós alumnos que non alcancen o nivel desexado na E.S.O.

Consíguese finalmente o feito de que non se están a impartir en Galicia as ramas de Minería, Pel, Téxtil e Vidro e Cerámica, non obstante o peso productivo que estos sectores (agás o vidro) posúen no noso mundo laboral.

Cómpre executar un labor de orientación verbo das alumnas que ingresan na Formación Profesional, que reequilibre a súa presencia nas distintas ramas, en especial nas que teñan un mercado de traballo con posibilidades reais de absorción, evitando a súa concentración na rama administrativa.

II.8. AS ENSINANZAS DE ARTES APLICADAS E OFICIOS ARTÍTICOS

8.1. Introducción.

As ensinanzas de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos impartidas polas escolas do mesmo nome gozaron dunha tradicional estabilidade en canto á súa ordenación curricular e organizativa ata a súa modificación mediante o Decreto 2127 de 24 de outubro de 1963, que ordenaba os estudos nun primeiro ciclo común de tres cursos e un de especialización de dous cursos, podéndose acceder a tales estudos coa previa presentación do Certificado de Escolaridade, como no caso dos requisitos de entrada para a FP1. Ó fin dos cinco cursos, e previa a superación dunha Reválida, podía obterse o título de Graduado en Artes Aplicadas na especialidade correspondente.

En Galicia, logo do inicio do réxime autonómico, estas escolas, existentes nas cidades de Santiago, A Coruña, Lugo (desde 1975) e Ourense (desde 1985), sufriren unha parcial modificación na súa ordenación curricular ó reducir a catro o número de cursos ordinarios, para a obtención do Graduado en Artes Aplicadas. De igual modo, reduciuse o número de especialidades, buscando unha adecuación á posible demanda laboral actual, dada a situación que, en particular, se rexistraba na Escola de Artes e Oficios de Santiago en canto á súa extensísima gama de especialidades. En todo caso, con independencia da realización de cursos monográficos convocados en cada unha das escolas.

A aplicación da LOXSE vai traer novos cambios en canto á ordenación curricular e organizativa das Escolas de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos, ó ofrecerse, dunha parte, a posibilidade de seren sedes para a realización da modalidade de Artes do Bacharelato, ademais de, pola outra, poder ser contempladas dentro das ensinanzas de réxime especial, as de Artes Plásticas e de Deseño.

Di a LOXSE no seu art. 46 que estes tipos de ensinos comprenderán estudos relacionados coas artes aplicadas, os oficios artísticos, o deseño e a conservación e restauración de bens culturais.

Máis concretamente, no seu art. 47, dise que os ensinos de artes aplicadas e deseño organízanse en ciclos de formación específica de grao medio e superior, co requisito mínimo de acceso do Graduado en Educación Secundaria, ou título de Bacharel respectivamente, coas excepcións que no art. 48 se citan.

Os ciclos formativos incluirán formación práctica nas empresas, estudos e talleres, así como a elaboración de proxectos.

Nos momentos actuais, non se logrou aínda unha nova regulación, por aplicación da LOXSE, na Comunidade Autónoma de Galicia, polo que a organización de tales escolas vén manténdose sobre a base da lexislación autonómica dos anos oitenta. Non foi este o caso para os estudos da especialidade de Conservación e Restauración de Bens Culturais que, con consideración de estudos superiores, xa se imparten no único centro creado polo de agora en Galicia, na cidade de Pontevedra, e que se encontra xa en marcha, sobre a base da normativa autonómica de desenvolvemento da LOXSE (Decreto 352/1991-DOG do 24 de outubro- e establecemento do seu currículum mediante Orde do 20 de febreiro de 1992- DOG do 11 de marzo-).

O Consello Escolar de Galicia considera que deberá facerse canto antes a nova regulación de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos, dando aplicación ás orientacións que sobre o particular dicta a LOXSE.

8.2. A rede galega de Escolas de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos.

Son catro, como se indicou, os centros galegos, todos de carácter público, que imparten os ensinos dos que vimos falando.

Acoden a eles un total de 1.380 alumnos, nun momento de estabilización de matrícula, dos que 500 o fan á Escola de Santiago, tradicionalmente a de maior tamaño. Son atendidos tanto en cursos comúns, coma nas súas especialidades por un total de 115 profesores, e un número reducido de persoal auxiliar e administrativo. Deseño de Interiores e Deseño Gráfico veñen reunindo a maior porcentaxe de alumnos matriculados, como se pode ver na táboa II.82. Entre os que se matriculan áchanse estudiantes con diplomaturas superiores e universitarias.

Cómpre dicir, ó cabio, que se está sentindo con urxencia a necesidade de regula-los novos ciclos formativos e as orientacións que hai que seguir polas Escolas de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos.

TÁBOA II.82

CENTROS, CURSOS, PROFESORES, ESPECIALIDADES E ALUMNOS MATRICULADOS
NAS ESCOLAS DE ARTES APLICADAS E OFICIOS ARTÍSTICOS. CURSO 1992/93

Especialidades/Centros	A CORUÑA	SANTIAGO	LUGO	OURENSE	TOTAL
1.º de Comúns	125	98	43	55	321
2.º de Comúns	63	39	32	21	155
<u>1º</u>					
Deseño de interiores	60	104	31	—	195
Deseño gráfico	51	—	50	68	169
Técnicas de volume	42	53	—	—	95
Deseño de xoiería	—	35	—	—	35
Fotografía	—	59	—	—	59
Deseño de Figurinos	—	13	—	—	13
Técnicas de Modelado	—	—	11	—	11
Cerámica	—	—	14	—	14
Deseño de moble	—	—	—	27	27
<u>2º</u>					
Deseño de interiores	41	48	17	—	106
Deseño gráfico	42	—	21	22	85
Técnicas de volume	7	12	—	—	19
Deseño de xoiería	—	18	—	—	18
Fotografía	—	15	—	—	15
Deseño de figurinos	—	6	—	—	6
Cerámica	—	—	5	—	5
Deseño de moble	—	—	—	9	9
Outros Deseño moble e Deseño Gráfico	—	—	—	23	23
Total de Alumnos	431	500	224	225	1.380
Nº Profesores	32	39	27	17	115
Ratio Alumnos/Profesores	25,3	27,7	17,2	25	

II.9. AS ENSINANZAS DE IDIOMAS

9.1. Introducción.

Alén dun alto número de centros privados, moitos deles coa consideración de academias, as ensinanzas de idiomas veñen ofertándose desde as Escolas Oficiais de Idiomas, que alcanzan a cifra de sete na actualidade en Galicia.

Foron reguladas pola Lei 29/1981 de 24 de xuño, en tanto que "ensinanzas especializadas" non están integradas na ordenación global e xeral do sistema educativo previsto pola LXE.

Poden acceder a elas, alumnos con acreditación de estudos básicos, cuestión que a penas se vai ver modificada a través do desenvolvemento e aplicación da LOXSE.

As Escolas Oficiais de Idiomas poderán impartir cursos para a actualización de coñecementos e o perfeccionamento profesional das persoas adultas.

9.2. A rede galega de Escolas Oficiais de Idiomas.

Compoñen a rede galega destas escolas sete centros situados na Coruña, Ferrol, Lugo, Monforte, Ourense, Pontevedra e Vigo, nas que estudian un total de 14.411 alumnos, sendo 181 o total do seu profesorado.

Os estudos de idiomas están comprendidos en dous ciclos, elemental e superior, de tres cursos e dous respectivamente.

En tódolos centros poden estudiarse Inglés, Francés e Galego; pode estudiarse Alemán nos centros de Vigo, A Coruña, Ourense e Pontevedra. O Italiano pode cursarse nos centros da Coruña e Vigo; así tamén, Portugués e Russo na Escola da Coruña. Debemos anota-la existencia tamén en Santiago do Instituto de Idiomas dependente da Universidade de Santiago.

A táboa II.83 permite coñece-la matrícula rexistrada no curso 1992/93.

TÁBOA II.83

ALUMNOS MATRICULADOS NAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS. CURSO 1992/93

	CICLO ELEMENTAL			CICLO SUPERIOR		TOTAL XERAL
	PRIMEIRO	SEGUNDO	TERCEIRO	PRIMEIRO	SEGUNDO	
A CORUÑA	1.833	1.034	845	619	749	5.080
FERROL	582	365	341	295	126	1.709
LUGO	542	234	177	133	105	1.191
MONFORTE	174	112	—	—	—	286
OURENSE	428	278	190	141	338	1.375
PONTEVEDRA	633	321	200	158	182	1.494
VIGO	1.329	714	484	376	373	3.276
TOTAL	5.521	3.058	2.237	1.722	1.873	14.411

Rexístrase unha clara predominancia dos estudos de Inglés, ocupando o Portugués o último posto no número de matriculados. Como exemplo paradigmático danse os datos relativos a matriculados na Escola da Coruña:

Inglés	53,1 %
Francés	19,55 %
Alemán	9,8 %
Galego	7,25 %
Italiano	6,17 %
Ruso	2,94 %
Portugués	1,2 %

Para finalizar esta breve exposición facemos mención á ratio alumnos/profesores, en tanto que a didáctica das linguas estranxeiras recomenda ratios reducidas coa pretensión de lograr efectivas aprendizaxes. Os datos expónense na táboa II.84.

TÁBOA II.84

RATIO ALUMNOS/PROFESOR NOS ESTUDIOS DE IDIOMAS. CURSO 1992/93

	CICLO ELEMENTAL			CICLO SUPERIOR		N.º de Profesores
	PRIMEIRO	SEGUNDO	TERCEIRO	PRIMEIRO	SEGUNDO	
A CORUÑA	32,7	26,5	29,1	26,9	32,5	64
FERROL	29,1	26,0	28,4	24,5	25,2	20
LUGO	31,8	29,2	25,2	22,1	21,0	17
MONFORTE	34,8	22,4	0	—	—	4
OURENSE	32,9	25,2	21,1	23,5	24,1	17
PONTEVEDRA	37,2	24,6	22,2	22,5	22,7	18
VIGO	29,5	23,0	26,8	25,0	26,6	41
TOTAL	32,6	25,27	25,5	24,1	25,2	181

II.10. AS ENSINANZAS MUSICAIS E DE DANZA

10.1. Introducción.

De acordo co disposto no Decreto 2618/1966, de 10 de setembro, sobre regulamentación xeral dos Conservatorios de Música, modificado polo Real Decreto 1073/1987, de 28 de agosto (BOE do 5 de setembro), as ensinanzas que, por cursos, se imparten nos Conservatorios de Música, agrúpanse nos graos elemental, medio e superior; ordenación que, pola súa parte, recolle a LOXSE nos seus artigos 39-40 ó referirse ás ensinanzas artísticas:

- a) Grao elemental, de catro cursos de duración, podendo compatibilizarse con estudos de educación primaria.
- b) Grao medio, de seis cursos de duración, estructurados en tres ciclos, de dous anos de duración en cada caso.
- c) Grao superior, que comprenderá un único ciclo, cunha duración variable, dependendo das ensinanzas.

O Real Decreto 756/1992 (BOE do 27 de agosto) serviu para defini-los aspectos básicos de carácter curricular, téndose xa tamén definido para a nosa Comunidade o currículum para o grao elemental e para o medio, en vigor desde o inicio do curso 1993/94, por Orde do 28 de agosto de 1992.

Sinteticamente, pódese sinalar que, pola súa parte, o Decreto 754/1992 marcou o currículum mínimo para as Escolas Superiores de Arte Dramática, estructuradas nun único ciclo de grao superior. Asemade, o Decreto 755/1992 delineou os aspectos básicos do currículum para o grao elemental dos Conservatorios de Danza, centros que contemplan tamén nos seus estudos o grao medio e o superior. De xeito semellante no futuro espéranse crear Escolas de Arte.

Neste contexto normativo, no caso da Comunidade Galega reguláronse mediante Orde do 11 de marzo de 1993 (DOG do 22 de abril) as Escolas de Música e Escolas de Danza de Galicia, quedando ainda por definir outros aspectos.

10.2. Datos relativos á situación actual de Galicia.

Actualmente existen en Galicia diversos modelos de centros para ensinanzas de música e danza segundo se pon de relevo na táboa II.85.

TÁBOA II.85

CENTROS E FILIAIS DE ENSINANZAS MUSICAIS E DE DANZA. CURSO 1992/93

	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
Conservatorios de Música Públicos dependentes da C. de Educación	1	0	1	2	4
Conservatorios de Música Públicos de titularidade municipal, patronato ou sociedade	8	3	6	2	19
Filiais Públicas de C. de Música	8	0	0	7	15
Conservatorios de Música Privados	2	1	0	3	6
Conservatorios de Danza Privados	3	0	0	3	6
Escolas de Danza Privadas	1	0	0	3	4
Total Xeral	23	4	7	20	54

Os Conservatorios de Música e as Escolas de Música e Danza sitúanse con preferencia en espacios urbanos, aínda que comeza a observarse algúns graos de capilarización vilega como permite coñecelo cadro II.86, no que se dá conta tamén dos ensinos que imparten.

CADRO II.I

SITUACIÓN DOS CONSERVATORIOS E ESCOLAS DE MÚSICA E DANZA. CURSO 1992/93

TIPOS:	GRAOS		
	ELEMENTAL	MEDIO	SUPERIOR
ESTATAIS	-Barco de Valdeorras	-Ourense	-A Coruña
OFICIAIS NON ESTATAIS Titularidade municipal, patronato ou sociedade con plena validez académica	-Betanzos -Carballiño -Carballo -Celanova -Culleredo -Melide -Noia -Ponteareas -Ribadavia -Verín -Vilalba -Viveiro -Xinzo de Limia -Monforte -Vigo -A Coruña	-Pontedeva -Ferrol -Lalín -Lugo -Pontes de G.R. -Santiago -Vilagarcía -Vigo	-Vigo -Santiago
NON OFICIAIS AUTORIZADOS Titularidade particular			
FILIAIS DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA DEPENDENTES DE: VIGO: Cangas, Gondomar, A Guarda, O Porriño, Redondela e Tui. SANTIAGO: Arzúa, Boiro, Caldas, Negreira, A Estrada, Ordes, Ribeira (Aquiño), Ribeira (Sta. Uxía) e Sta. Comba.			

Seguen os estudos que se imparten nos Conservatorios de Música, nos Conservatorios de Danza e nas Escolas de Música e Danza un total de 16.200 alumnos, fundamentalmente no seu Grao Elemental, ós que hai que engadir 1.340 matriculados (a metade deles da provincia de Pontevedra) que seguen, neste caso, os novos currícula implantados por aplicación da LOXSE, conformando no seu conxunto un total xeral de 17.540 alumnos, asistidos por un total de 300 profesores, como se observa nas táboas II.86 e II.87.

TÁBOA II.86

ALUMNOS DOS CONSERVATORIOS E ESCOLAS DE MÚSICA E DANZA. CURSO 1992/93

Ámbito/Curso		Grao Elemental	Grao Medio	Grao Superior
A CORUÑA	Públicos	6.154	1.487	1.388
	Privados	190	24	0
	Total	6.344	1.511	1.388
LUGO	Públicos	1.090	138	0
	Privados	71	18	0
	Total	1.161	156	0
OURENSE	Públicos	2.023	522	0
	Privados	0	0	0
	Total	2.023	522	0
PONTEVEDRA	Públicos	1.655	1.139	42
	Privados	147	102	0
	Total	1.802	1.241	42
GALICIA	Públicos	10.932	3.286	1.430
	Privados	408	144	0
	Total	11.340	3.430	1.430
Seguen estudos segundo LOXSE		1.340		
TOTAL GALICIA		12.680	3.430	1.430

TÁBOA II.87

PROFESORADO DOS CONSERVATORIOS E ESCOLAS DE MÚSICA E DANZA.
CURSO 1992/93

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
Públicos	101	29	55	78	263
Privados	14	5	0	18	37
TOTAL	115	34	55	96	300

1. O Consello Escolar de Galicia insta á Xunta de Galicia á planificación e á execución da rede de centros que cubran as ensinanzas de música, danza, arte dramática. Estímase que polo menos deberán existir ensinanzas oficiais de grao medio nas sete grandes cidades galegas, e de grao superior ó menos en dúas cidades. As ensinanzas de grao elemental implantaranse en tódalas vilas onde haxa demanda de abondo.
2. A Xunta de Galicia tería que crear centros que impartan ensinanzas de danza segundo a distribución do punto anterior.
3. Crearase como mínimo un centro superior de Arte Dramática.
4. O Consello Escolar de Galicia solicita o incremento das subvencións da Consellería de Educación en favor dos centros privados ou municipais de música, que están a cubrir o baleiro actual.